



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 262
24 de xaneiro de 2022

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

■ 27578 (11/POC-004849)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións nun edificio obra de Jenaro de La Fuente en Vigo

[100186](#)

■ 27579 (11/POC-004850)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas que vai tomar a Xunta para ofrecer unha alternativa habitacional ante o desafío-inminente dunha familia en Vigo

[100190](#)

■ 27580 (11/POC-004851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o baleirado de encoros e as competencias hidráulicas

[100193](#)

■ 27581 (11/POC-004852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a situación da ría de Pontevedra logo do traslado de ENCE

[100197](#)

■ 27583 (11/POC-004853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas da Xunta de Galicia respecto da degradación e destrución de hábitats de interese comunitario e prioritario das brañas do Deo

[100200](#)

■ 27584 (11/POC-004854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria

Sobre o proxecto de vertedoiro de residuos industriais en Santa Cristina de Fecha (Santiago de Compostela)

[100204](#)



I 27585 (11/POC-004855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da construción do parque eólico do monte Castrove

[100208](#)

I 27586 (11/POC-004856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense

[100213](#)

I 27587 (11/POC-004857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o plan de restauración da canteira de Casalonga (Teo)

[100217](#)

I 27588 (11/POC-004858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre a contaminación por cianobacterias no encoro das Conchas e os efectos nos seus usos lúdicos

[100222](#)

I 27589 (11/POC-004859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o destino dos residuos xerados na execución de obras de reforzo do firme e MSV na OU-525

[100225](#)

I 27590 (11/POC-004860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o estado dos encoros de Ourense como consecuencia da sobreexplotación hidroeléctrica e as consecuencias que provoca

[100228](#)

I 27594 (11/POC-004861)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre o convenio colectivo de Xeal

[100232](#)

I 27596 (11/POC-004862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a participación do colectivo de traballadores sociais no servizo de orientación educativa e profesional nos centros educativos

[100236](#)

I 27597 (11/POC-004863)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre a calidade educativa das aulas mixtas nos centros de ensino de Galicia e o mantemento do funcionamento do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, no concello de Begonte [100239](#)

I 27598 (11/POC-004864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as conclusións e os datos reflectidos no informe titulado *Cole seguro* respecto da contratación de persoal docente en Galicia con fondos covid-19 [100242](#)

I 27600 (11/POC-004865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as razóns do recorte do orzamento inicial do programa 423B, Prevención do abandono escolar, nun 40,26 % no ano 2020, así como a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da atención das necesidades existentes coa contía executada [100244](#)

I 27601 (11/POC-004866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Política Social en relación co problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz [100247](#)

I 27602 (11/POC-004867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e o investimento total realizado [100249](#)

I 27603 (11/POC-004868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a igualdade de oportunidades do alumnado na impartición de materias de bacharelato no Instituto de Educación Secundaria de Melide [100252](#)

I 27604 (11/POC-004869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra [100255](#)

I 27605 (11/POC-004870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre os criterios para a agrupación do alumnado de educación primaria e a súa aplicación no Colexio de Educación Infantil e Primaria das Nogais [100259](#)



I 27607 (11/POC-004871)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre as solicitudes de praza no servizo de comedor escolar no Colexio de Educación Infantil e Primaria Canosa-Rus, de Coristanco

[100261](#)**I 27608 (11/POC-004872)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a xustificación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para non permitir o acceso do alumnado de Baamonde escolarizado no Colexio de Educación Infantil e Primaria Santo Estevo de Parga ao servizo de transporte escolar

[100265](#)**I 27609 (11/POC-004873)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a desafectación e o novo uso do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, en Begonte

[100265](#)**I 27610 (11/POC-004874)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre o proxecto para o arranxo da estrada LU-710 entre o enlace coa A-6 e Baralla

[100267](#)**I 27611 (11/POC-004875)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o transporte escolar do alumnado do Instituto de Educación Secundaria de Fene

[100270](#)**I 27613 (11/POC-004876)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da posibilidade de cursar materias de linguas clásicas no ensino secundario sen depender dun número mínimo de alumnos

[100272](#)**I 27614 (11/POC-004877)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música

[100275](#)**I 27615 (11/POC-004878)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios

[100277](#)

I 27616 (11/POC-004879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021-2022 dos centros públicos de ensino

[100279](#)

I 27618 (11/POC-004880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a reposición do cadro de profesionais de atención primaria no Centro de Saúde de Ferreira de Pantón

[100281](#)

I 27622 (11/POC-004881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

[100283](#)

I 27627 (11/POC-004882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento

[100287](#)

I 27637 (11/POC-004885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o coñecemento das accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria

[100290](#)

I 27642 (11/POC-004887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal

[100293](#)

I 27644 (11/POC-004888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galicia

[100298](#)

I 27646 (11/POC-004889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria

[100302](#)

I 27655 (11/POC-004890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina



Sobre a capacidade do Goberno galego de afrontar un cambio de modelo en Atención Primaria que desafoque aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial [100306](#)

I 27687 (11/POC-004891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a finalidade das axudas no ámbito da acuicultura e o seu orzamento destinado para 2022 [100309](#)

I 27699 (11/POC-004895)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57 [100312](#)

I 27705 (11/POC-004896)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia de silicose na Comunidade Autónoma galega [100315](#)

I 27719 (11/POC-004897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871 [100319](#)

I 27720 (11/POC-004898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871 [100323](#)

I 27728 (11/POC-004899)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o investimento nos anos 2021 e 2022 das axudas para a conciliación das persoas traballadoras facilitado pola Consellería de Emprego e Igualdade [100327](#)

I 27730 (11/POC-004900)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Emprego e Igualdade dos resultados das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF [100329](#)



I 27731 (11/POC-004901)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 4 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia para solucionar a falta de persoal da sanidade [100331](#)**I 27733 (11/POC-004902)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**Sobre a situación dos centros de ensino na montaña de Lugo [100335](#)**I 27735 (11/POC-004903)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes**Sobre as previsións do Goberno galego respecto de garantir a ensinanza nos centros escolares da montaña lucense para as crianzas en igualdade de condicións con outras zonas máis urbanas [100339](#)**I 27739 (11/POC-004904)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**Sobre a asistencia sanitaria que recibe a poboación do concello de Begonte e de Baamonde [100345](#)**I 27743 (11/POC-004905)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inspección e control da conservación dos Bens de Interese Cultural da Ribeira Sacra [100348](#)**I 27749 (11/POC-004906)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da intervención dos centros de atención residencial que o precisen [100351](#)**I 27751 (11/POC-004907)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da necesidade e valorar o xacemento das Mámoas de Santa Mariña [100353](#)**I 27753 (11/POC-004908)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**Sobre as previsións do Goberno galego respecto do balneario da Ferrería, no concello do Incio [100356](#)**I 27765 (11/POC-004910)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis**

Sobre as declaracións da concelleira responsable de termalismo da cidade de Ourense e do alcalde sobre a situación termal [100359](#)

I 27766 (11/POC-004911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura de prazas de persoal facultativo no centro de saúde de Pantón [100363](#)

Asignación a unha nova comisión e publicación do acordo

I 26822 (11/POC-004536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do proceso de restitución ao patrimonio público do pazo de Meirás [100178](#)

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 27202 (11/PRE-010027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia [100366](#)

I 27210 (11/PRE-010028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre o estado de ruína do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo [100369](#)

I 27216 (11/PRE-010029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da proposta remitida polo Goberno central do novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento e as actuacións ao respecto [100374](#)

I 27223 (11/PRE-010030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia [100377](#)

I 27228 (11/PRE-010031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a evolución da economía galega e a valoración da Xunta de Galicia respecto do Informe de conxuntura socioeconómica do Foro Económico de Galicia respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España [100380](#)

I 27232 (11/PRE-010032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as medidas que se van adoptar para garantir os dereitos fundamentais do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia [100384](#)

I 27234 (11/PRE-010033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o uso de mochilas para dar cobertura aos eventos deportivos [100386](#)

I 27241 (11/PRE-010034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a licitación das obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense, sen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural [100388](#)

I 27244 (11/PRE-010035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a situación da estación de montaña de Manzaneda [100391](#)

I 27250 (11/PRE-010036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores e o cumprimento das medidas de emerxencia nas instalacións [100395](#)

I 27254 (11/PRE-010037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e o insuficiente desenvolvemento do marco legal [100397](#)

I 27260 (11/PRE-010038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a restrición da atención sanitaria en catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo e as medidas que se van adoptar para garantir a atención sanitaria a toda a poboación [100402](#)

I 27265 (11/PRE-010039)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís



Sobre a protección do lobo e a xestión de axudas para paliar os danos que produce [100410](#)

I 27276 (11/PRE-010040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o prezo da luz a comezos de 2022 e as medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galicia [100414](#)

I 27278 (11/PRE-010041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o proceso de selección das participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás [100417](#)

I 27283 (11/PRE-010042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061 [100422](#)

I 27286 (11/PRE-010043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actuación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación co proxecto básico de rehabilitación e obra nova de vivendas, locais e garaxes na rúa Marqués de Valladares, números 39-41 e 43, esquina coa rúa Colón, de Vigo [100426](#)

I 27300 (11/PRE-010044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafuizamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela [100431](#)

I 27311 (11/PRE-010045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do protocolo covid-19 no caso do alumnado da aula de sexto de infantil do Colexio Gregorio Sanz, de Ribadeo [100433](#)

I 27312 (11/PRE-010046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense [100435](#)

I 27320 (11/PRE-010047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio



Sobre o momento en que ten previsto a Xunta de Galicia retomar a atención presencial do servizo de paliativos/HADO na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña [100438](#)

I 27326 (11/PRE-010048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723A, relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura [100440](#)

I 27341 (11/PRE-010049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022 [100441](#)

I 27352 (11/PRE-010050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723B, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca [100444](#)

I 27367 (11/PRE-010051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre os expedientes tramitados e os proxectos presentados ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021 [100445](#)

I 27403 (11/PRE-010052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo [100447](#)

I 27410 (11/PRE-010053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do acordo do 1 de xaneiro de 2022 entre os ministros de Pesca de España e Portugal [100451](#)

I 27415 (11/PRE-010054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba [100453](#)



I 27421 (11/PRE-010055)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrência o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda

[100456](#)**I 27425 (11/PRE-010056)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e 2 máis**

Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

[100459](#)**I 27456 (11/PRE-010057)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida

[100464](#)**I 27577 (11/PRE-010058)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do plan director de saneamento no concello de Noia

[100468](#)**I 27593 (11/PRE-010059)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre o convenio colectivo de Xeal

[100474](#)**I 27617 (11/PRE-010060)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre o número de peregrinos que pernoctaron no albergue Juan Manuel López Chaves, da cidade de Vigo, desde a súa posta en funcionamento, o 1 de xullo, ata o 31 de decembro de 2021

[100478](#)**I 27623 (11/PRE-010061)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

[100480](#)**I 27628 (11/PRE-010062)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento

[100484](#)**I 27656 (11/PRE-010063)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a capacidade do Goberno galego de afrontar un cambio de modelo en Atención Primaria que desafoque aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial [100487](#)

I 27700 (11/PRE-010064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57 [100490](#)

I 27706 (11/PRE-010065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia de silicose na Comunidade Autónoma galega [100493](#)

I 27750 (11/PRE-010066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da intervención dos centros de atención residencial que o precisen [100497](#)

I 27763 (11/PRE-010067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras en Vigo [100499](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das resposta, remisión as deputadas e aos deputados e publicación

I 27466 - 4553 (11/PRE-000555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación anual que fai o Goberno galego da aplicación do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022, a valoración da posibilidade de adaptar o seu desenvolvemento ao contexto xerado pola covid-19 e os avances detectados no ámbito da normalización lingüística na mocidade [100503](#)

I 27465 - 7158 (11/PRE-002362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da casa Cornide como ben de interese cultural [100505](#)

I 27461 - 13346 (11/PRE-003348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio [100507](#)

I 27464 - 7159 (11/PRE-003925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da casa Cornide como ben de interese cultural [100509](#)

I 27460 - 13348 (11/PRE-004765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural [100511](#)

I 27463 - 8559 (11/PRE-005683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas que vai impulsar o Goberno galego a curto prazo para a declaración da Casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural e a súa inclusión no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia [100513](#)

I 27462 - 13345 (11/PRE-006195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio [100515](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de xaneiro de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias [100185](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xaneiro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 27578 (11/POC-004849)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións nun edificio obra de Jenaro de La Fuente en Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27579 (11/POC-004850)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas que vai tomar a Xunta para ofrecer unha alternativa habitacional ante o desafío-inminente dunha familia en Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27580 (11/POC-004851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o baleirado de encoros e as competencias hidráulicas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27581 (11/POC-004852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a situación da ría de Pontevedra logo do traslado de ENCE

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27583 (11/POC-004853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas da Xunta de Galicia respecto da degradación e destrución de hábitats de interese comunitario e prioritario das brañas do Deo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27584 (11/POC-004854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria



Sobre o proxecto de vertedoiro de residuos industriais en Santa Cristina de Fecha (Santiago de Compostela)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27585 (11/POC-004855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da construción do parque eólico do monte Castrove

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27586 (11/POC-004856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27587 (11/POC-004857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o plan de restauración da canteira de Casalonga (Teo)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27588 (11/POC-004858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre a contaminación por cianobacterias no encoro das Conchas e os efectos nos seus usos lúdicos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27589 (11/POC-004859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o destino dos residuos xerados na execución de obras de reforzo do firme e MSV na OU-525

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27590 (11/POC-004860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o estado dos encoros de Ourense como consecuencia da sobreexplotación hidroeléctrica e as consecuencias que provoca

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27594 (11/POC-004861)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis



Sobre o convenio colectivo de Xeal
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27596 (11/POC-004862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a participación do colectivo de traballadores sociais no servizo de orientación educativa e profesional nos centros educativos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27597 (11/POC-004863)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a calidade educativa das aulas mixtas nos centros de ensino de Galicia e o mantemento do funcionamento do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, no concello de Begonte
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27598 (11/POC-004864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as conclusións e os datos reflectidos no informe titulado *Cole seguro* respecto da contratación de persoal docente en Galicia con fondos covid-19
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27600 (11/POC-004865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as razóns do recorte do orzamento inicial do programa 423B, Prevención do abandono escolar, nun 40,26 % no ano 2020, así como a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da atención das necesidades existentes coa contía executada
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27601 (11/POC-004866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Política Social en relación co problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27602 (11/POC-004867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e o investimento total realizado
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 27603 (11/POC-004868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a igualdade de oportunidades do alumnado na impartición de materias de bacharelato no Instituto de Educación Secundaria de Melide

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27604 (11/POC-004869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27605 (11/POC-004870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre os criterios para a agrupación do alumnado de educación primaria e a súa aplicación no Colexio de Educación Infantil e Primaria das Nogais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27607 (11/POC-004871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as solicitudes de praza no servizo de comedor escolar no Colexio de Educación Infantil e Primaria Canosa-Rus, de Coristanco

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27608 (11/POC-004872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a xustificación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para non permitir o acceso do alumnado de Baamonde escolarizado no Colexio de Educación Infantil e Primaria Santo Estevo de Parga ao servizo de transporte escolar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27609 (11/POC-004873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a desafectación e o novo uso do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Baamonde, en Begonte

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27610 (11/POC-004874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o proxecto para o arranxo da estrada LU-710 entre o enlace coa A-6 e Baralla

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 27611 (11/POC-004875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o transporte escolar do alumnado do Instituto de Educación Secundaria de Fene

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27613 (11/POC-004876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da posibilidade de cursar materias de linguas clásicas no ensino secundario sen depender dun número mínimo de alumnos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27614 (11/POC-004877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27615 (11/POC-004878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27616 (11/POC-004879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021-2022 dos centros públicos de ensino

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27618 (11/POC-004880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a reposición do cadro de profesionais de atención primaria no Centro de Saúde de Ferreira de Pantón

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27622 (11/POC-004881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 27627 (11/POC-004882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27637 (11/POC-004885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o coñecemento das accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27642 (11/POC-004887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27644 (11/POC-004888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27646 (11/POC-004889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27655 (11/POC-004890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a capacidade do Goberno galego de afrontar un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27687 (11/POC-004891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a finalidade das axudas no ámbito da acuicultura e o seu orzamento destinado para 2022

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27699 (11/POC-004895)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27705 (11/POC-004896)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia de silicose na Comunidade Autónoma galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27719 (11/POC-004897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27720 (11/POC-004898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27728 (11/POC-004899)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o investimento nos anos 2021 e 2022 das axudas para a conciliación das persoas traballadoras facilitado pola Consellería de Emprego e Igualdade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27730 (11/POC-004900)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Emprego e Igualdade dos resultados das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27731 (11/POC-004901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para solucionar a falta de persoal da sanidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 27733 (11/POC-004902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis
Sobre a situación dos centros de ensino na montaña de Lugo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27735 (11/POC-004903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes
Sobre as previsións do Goberno galego respecto de garantir a ensinanza nos centros escolares da montaña lucense para as crianzas en igualdade de condicións con outras zonas máis urbanas
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27739 (11/POC-004904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a asistencia sanitaria que recibe a poboación do concello de Begonte e de Baamonde
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27743 (11/POC-004905)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inspección e control da conservación dos Bens de Interese Cultural da Ribeira Sacra
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27749 (11/POC-004906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da intervención dos centros de atención residencial que o precisen
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27751 (11/POC-004907)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da necesidade e valorar o xacemento das Mámoas de Santa Mariña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27753 (11/POC-004908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do balneario da Ferrería, no concello do Incio
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 27765 (11/POC-004910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as declaracións da concelleira responsable de termalismo da cidade de Ourense e do alcalde sobre a situación termal

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27766 (11/POC-004911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura de prazas de persoal facultativo no centro de saúde de Pantón

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Asignación a unha nova comisión e publicación do acordo

- 26822 (11/POC-004536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do proceso de restitución ao patrimonio público do pazo de Meirás

BOPG nº 257, do 17.01.2022

A Mesa acorda a reasignación, solicitada no doc. núm. 28054, á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 27202 (11/PRE-010027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a información, evolución e previsións da débeda pública de Galicia

- 27210 (11/PRE-010028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre o estado de ruína do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo

- 27216 (11/PRE-010029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da proposta remitida polo Goberno central do novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento e as actuacións ao respecto



- 27223 (11/PRE-010030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia

- 27228 (11/PRE-010031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a evolución da economía galega e a valoración da Xunta de Galicia respecto do Informe de conxuntura socioeconómica do Foro Económico de Galicia respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España

- 27232 (11/PRE-010032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as medidas que se van adoptar para garantir os dereitos fundamentais do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 27234 (11/PRE-010033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre o uso de mochilas para dar cobertura aos eventos deportivos

- 27241 (11/PRE-010034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre a licitación das obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense, sen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

- 27244 (11/PRE-010035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a situación da estación de montaña de Manzaneda

- 27250 (11/PRE-010036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores e o cumprimento das medidas de emerxencia nas instalacións

- 27254 (11/PRE-010037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e o insuficiente desenvolvemento do marco legal



- 27260 (11/PRE-010038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a restrición da atención sanitaria en catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo e as medidas que se van adoptar para garantir a atención sanitaria a toda a poboación

- 27265 (11/PRE-010039)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a protección do lobo e a xestión de axudas para paliar os danos que produce

- 27276 (11/PRE-010040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o prezo da luz a comezos de 2022 e as medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galicia

- 27278 (11/PRE-010041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o proceso de selección das participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás

- 27283 (11/PRE-010042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061

- 27286 (11/PRE-010043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actuación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación co proxecto básico de rehabilitación e obra nova de vivendas, locais e garaxes na rúa Marqués de Valladares, números 39-41 e 43, esquina coa rúa Colón, de Vigo

- 27300 (11/PRE-010044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela

- 27311 (11/PRE-010045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do protocolo covid-19 no caso do alumnado da aula de sexto de infantil do Colexio Gregorio Sanz, de Ribadeo



- 27312 (11/PRE-010046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

- 27320 (11/PRE-010047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre o momento en que ten previsto a Xunta de Galicia retomar a atención presencial do servizo de paliativos/HADO na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña

- 27326 (11/PRE-010048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723A, relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura

- 27341 (11/PRE-010049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022

- 27352 (11/PRE-010050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723B, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca

- 27367 (11/PRE-010051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre os expedientes tramitados e os proxectos presentados ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021

- 27403 (11/PRE-010052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo

- 27410 (11/PRE-010053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do acordo do 1 de xaneiro de 2022 entre os ministros de Pesca de España e Portugal

- 27415 (11/PRE-010054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba

- 27421 (11/PRE-010055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrência o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda

- 27425 (11/PRE-010056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

- 27456 (11/PRE-010057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida

- 27577 (11/PRE-010058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do plan director de saneamento no concello de Noia

- 27593 (11/PRE-010059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre o convenio colectivo de Xeal

- 27617 (11/PRE-010060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre o número de peregrinos que pernoctaron no albergue Juan Manuel López Chaves, da cidade de Vigo, desde a súa posta en funcionamento, o 1 de xullo, ata o 31 de decembro de 2021

- 27623 (11/PRE-010061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña



Sobre a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

- 27628 (11/PRE-010062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento

- 27656 (11/PRE-010063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a capacidade do Goberno galego de afrontar un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial

- 27700 (11/PRE-010064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento da rebaixa das peaxes da autoestrada do Val Miñor, AG-57

- 27706 (11/PRE-010065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia de silicose na Comunidade Autónoma galega

- 27750 (11/PRE-010066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da intervención dos centros de atención residencial que o precisen

- 27763 (11/PRE-010067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras en Vigo

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das resposta, remisión as deputadas e aos deputados e publicación

- 27466 - 4553 (11/PRE-000555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación anual que fai o Goberno galego da aplicación do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022, a valoración da posibilidade de adaptar o seu desenvolvemento ao contexto xerado pola covid-19 e os avances detectados no ámbito da normalización lingüística na mocidade



- 27465 - 7158 (11/PRE-002362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da casa Cornide como ben de interese cultural

- 27461 - 13346 (11/PRE-003348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio

- 27464 - 7159 (11/PRE-003925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da casa Cornide como ben de interese cultural

- 27460 - 13348 (11/PRE-004765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural

- 27463 - 8559 (11/PRE-005683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas que vai impulsar o Goberno galego a curto prazo para a declaración da Casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural e a súa inclusión no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia

- 27462 - 13345 (11/PRE-006195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de xaneiro de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 18 de xaneiro de 2022 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1.º) Habilitar por un mes, a contar desde o día seguinte á publicación deste acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2.º) A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás actuacións no edificio obra de Jenaro de La Fuente en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio sito en Rosalía de Castro número 31, esquina á rúa Porto, en Vigo, é unha das últimas obras de Jenaro de La Fuente Domínguez, datada entre os anos 1922-1924. Este edificio destaca pola súa linguaxe ecléctica, de gran riqueza e calidade na representación das fachadas. Ademais este singular edificio configura, xunto cos distintos edificios de Jenaro de la Fuente no entorno, un conxunto que permite referenciar historicamente a construción da trama urbana desta zona.

Este edificio está catalogado no planeamento municipal, na ficha A-208 na que se recollen tamén algúns aspectos singulares da obra como a vocación de resolver o ángulo de dúas rúas a través dun chafrán ou a combinación dos arcos de medio punto cos linteis nos pisos comercial e residencial que rematan unha lectura vertical.

Dada a súa catalogación no planeamento municipal, este edificio forma parte do Catálogo de Patrimonio Cultural de Galiza, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza. Por tanto, a súa intervención precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2013 produciuse un primeiro intento de actuación e renovación do edificio que motivou un primeiro expediente. O proxecto consistía na construción de tres plantas de soto e a ampliación en altura de oito plantas sobre as tres orixinais, mediante unha execución que supuña o baleirado, mantendo aparentemente a fachada.

A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra pronunciouse sobre a proposta emitindo un informe desfavorable, argumentando que o proxecto non respecta os seus valores ambientais e tipolóxicos. Nese informe sinálase ademais que existe na proposta unha evidente desproporción entre a ampliación e o fragmento do edificio que se conservaría e a ausencia total de relación ente unha e outra. Por último, advirte que, segundo as normas xerais de protección do PXOM, non se pode permitir o uso e aproveitamento do subsolo, excepto no caso en que se constate, a través dunha actuación arqueolóxica debidamente autorizada, a inexistencia de estruturas arqueolóxicas.

No ano 2019 Seagull Real Estate promove un novo expediente, cunha nova proposta que, de forma similar á anterior, vai formular a reestruturación total do interior do edificio existente, o baleirado total do interior da edificación, e a construción de tres sotos e un total de 11 plantas máis baixo cuberta.

Nas últimas semanas iniciáronse as obras neste edificio, e por isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Considera a Xunta de Galiza que o proxecto aprobado identifica e conserva as características tipolóxicas do edificio e os seus valores ambientais?

-De ser así, cales son as características tipolóxicas identificadas e conservadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que as plantas adicionadas manteñen unha proporción harmónica respecto do edificio orixinal?

-Considera a Xunta de Galiza que a relación entre a parte orixinal e a adicionada mantén o recoñecemento do preexistente?

-Foi realizada a escavación arqueolóxica da área?

-Que mudou entre o primeiro expediente e o segundo en cuanto ás proporcións entre o edificio existente e a proposta de adición?

-Consta no proxecto presentado dun estudo de integración dos materiais entre a ampliación e o preexistente?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 12:44:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 12:44:59

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:45:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Carme González Iglesias, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas que vai tomar a Xunta para ofrecer unha alternativa habitacional ante o desafiuzamento inminente dunha familia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe na actualidade un problema de falta de programas por parte da Xunta que garantan o acceso á vivenda para as persoas nunha situación de precariedade económica ou de vulnerabilidade social. Os poucos programas que existen adoecen, ademais, de falta de orzamento e duns procedementos que dificultan o acceso aos mesmos.

As consecuencias máis brutais destas deficiencias nas políticas públicas de vivenda vémolos a diario con dúcias de casos cun patrón común: no momento en que unha unidade de convivencia é incapaz de facer fronte aos pagos das rendas non atopa solucións rápidas por parte da Xunta, o problema de impago agrávase e estas persoas vense obrigadas a pasar por un auténtico calvario xudicial e burocrático na procura dunha solución que non sempre chega. Segundo os datos oficiais do Poder Xudicial, tan só no segundo trimestre de 2021 foron executados 447 lanzamentos, dos cales 432 corresponden con lanzamentos por impago de vivendas alugadas.

Un exemplo actual da situación de vulnerabilidade que xeran estas carencias en materia de vivenda é o que está a vivir unha familia na parroquia de Coruxo en Vigo. A familia está composta por dous adultos, un deles cunha doenza crónica, e tres fillos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menores. Esta situación non impediú que se ditase unha sentenza de desafiuzamento da familia. A presión realizada por veciños e diferentes colectivos fixeron con que finalmente se atrasase por uns días o desaloxo da vivenda, do contrario terían quedado na rúa sen ningunha alternativa. Mais a situación segue sen resolverse e as propostas que parece formular a Xunta pasarían polo desprazamento da familia fóra do Concello de Vigo o cal ten un claro impacto negativo para a familia.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que solución concreta vai ofrecer a Xunta para que esta familia teña garantida unha alternativa habitacional digna?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza ante a constatación da ineficacia dos actuais programas para dar resposta a este tipo de situacións?

. Considera a Xunta de Galiza que resulta necesario dispor dun parque público de vivendas naquelas contornas urbanas onde existe unha maior demanda de vivenda pública, nomeadamente nas sete cidades principais?

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para mellorar os mecanismos de actuación nestes casos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:46:40

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 12:46:43

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 12:46:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o baleirado de encoros e competencias hidráulicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados meses de xuño, xullo e agosto produciuse un escandaloso baleirado de encoros na bacía hidrográfica Miño-Sil, de competencia estatal. Foron promovidos polas empresas Naturgy e Iberdrola con intención de aproveitar o contexto de suba abusiva do prezo da luz para obter beneficios millonarios. Cómpre ter en conta que na última década das empresas obtiveron ingresos de máis de 4.000 millóns de euros da explotación dos encoros galegos.

Esta actuación especulativa, abusiva e agresiva para o medio natural levouse a cabo coa complicidade e coa pasividade tanto da Confederación Hidrográfica Miño Sil como da Xunta de Galiza, que malia coñecer as intencións das eléctricas desde comezos do mes de xuño non fixeron nada para evitar o baleirado. No caso da Xunta de Galiza, produciuse unha reacción tardía e sobreactuada, a finais de agosto, pola presión social e mediática e no medio dunha escandalosa escalada dos prezos da electricidade.

Malia contar con algunhas competencias en materia de pesca fluvial e patrimonio natural que lle permitirían actuar desde que se recibiron as primeiras comunicacións da empresa Iberdrola, o 10 de xuño e o 12 de xullo, a Xunta non tomou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningunha medida para evitar o baleirado dos encoros. Só o fixo a posteriori, cando o mal xa estaba feito, pola alarma social creada e a grande repercusión dos feitos nos medios de comunicación.

Por outra parte, dáse a circunstancia de que a maioría do PP promoveu no ano 2020 a aprobación dunha nova lei de pesca continental (a lei 2/2021), que entrou en vigor a comezos de 2021, na que se rebaixa a contía das sancións relacionadas coa “alteración de modo apreciable do nivel das augas ou do caudal dun río, cando poidan derivar danos para as especies piscícolas”. Este tipo de infraccións, que no regulamento de ordenación da pesca fluvial de 1997 fora tipificada como moi grave (con sancións máximas de 300.000 euros), pasou a ser cualificada como grave, (con sanción máxima de 25.000 euros). De todo isto derívase que ás grandes empresas eléctricas, que tiveron beneficios milmillonarios en 2020, resúltalles moi barato infrinxir a lei.

Aos feitos anteriores hai que engadir as dificultades e limitacións do actual marco competencial, xa que Galiza non ten as competencias plenas sobre todas as bacías hidrográficas do seu territorio, o que dificulta gravemente a ordenación, planificación, xestión, control e aproveitamento dos seus recursos hidrográficos e enerxéticos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Cando tivo coñecemento o goberno galego da intención das empresas de baleirar os encoros da conca Miño-Sil?

. Por que razón a Xunta non actuou de maneira inmediata para advertir ás empresas e á Confederación Hidrográfica sobre as consecuencias desas pretensións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Abriuse algún expediente informativo interno para depurar responsabilidades pola non actuación do persoal da consellaría?

. Cantos expedientes se abriron a empresas concesionarias de encoros na última década por alteración do nivel das augas ou do caudal de ríos, e cal foi a contía total das sancións?

. Cal foi a razón da rebaixa da categoría das infraccións e sancións pola alteración do nivel das augas ou do caudal do río, introducida na lei 2/2021 de pesca continental de Galiza e que medidas prevé adoptar o goberno galego para incrementar a contía das sancións?

. Prevé o goberno galego demandar a transferencia das competencias sobre bacías hidrográficas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 12:50:13

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 12:50:18

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 12:50:25

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:50:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación da Ría de Pontevedra post ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte, 14 de setembro, o portavoz municipal do PP en Pontevedra fixo unhas declaracións esclarecedoras, nas que admitiu que a prórroga concedida a ENCE en 2016 foi feita de maneira irregular e que esa é a verdadeira causa do peche da fábrica.

O mesmo portavoz tamén admite que a sentenza da Audiencia Nacional é concluínte, e que supón o final da presenza da fábrica na ría de Pontevedra.

Diante desta situación, o goberno galego non pode seguir mantendo unha postura numantina, aliñada cos intereses de ENCE. Non pode seguir situado na trincheira, na oposición, e debe poñerse a traballar en serio, asumindo as súas competencias, para garantir a recuperación da ría, o desmantelamento e rexeneración dos terreos que ocupa a fábrica, e a procura dun novo emprazamento para desenvolver un grande proxecto industrial do sector forestal galego. Un proxecto liderado pola Xunta, da man do sector forestal galego, para aproveitar o potencial produtivo do noso país, nun modelo de monte multifuncional, para fomentar a transformación da madeira en produtos de alto valor engadido, asegurando o peche de ciclos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a claridade e contundencia da sentenza fai necesario que a Xunta se poña a traballar nun escenario da ría de Pontevedra post-ENCE. Debe abrir un proceso de diálogo co Ministerio para a Transición Ecolóxica e co Concello de Pontevedra para planificar e desenvolver o previsto na Disposición Adicional Terceira do Plan de Ordenación do Litoral:

DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª POL

ÁREA DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización no horizonte do ano 2018

“O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que folla de rota ten a Xunta de Galiza en relación co escenario creado pola sentenza da Audiencia Nacional sobre ENCE, que anula a prórroga concedida en 2016 polo goberno central?

. Que previsións ten a Xunta para a ría de Pontevedra post-ENCE?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que iniciativas ten previsto desenvolver a Xunta en relación coa disposición adicional terceira do POL?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:52:48

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 12:52:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:52:58

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 12:53:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As Brañas do Deo son un conxunto de humidais (principalmente breixeiras e turbeiras) situados na conca do Deo (afluente do Mandeo). Constitúen un espazo de grande valor ambiental, social e paisaxístico que se distribúe ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis.

As brañas do río Deo conforman, segundo diferentes estudos e informes, un dos sistemas higroturbófilos máis senlleiros de Galiza, situados nunha ampla penichaira na que se desenvolve un extenso mosaico de ecosistemas turbófilos (7110*, 7140, 7150), matogueiras húmidas (4020*), breixeiras secas (4030) con zonas de afloramentos rochosos (8230), que conforman un complexo de hábitats de elevado interese ambiental, ocupados por diversas especies ameazadas como a Rana temporaria e Sphagnum pylaesii. Os citados sistemas de turbeiras tamén se atopan en contacto con bosques húmidos de amieiros e freixos considerados prioritarios (91EO*), así como herbais higrófilos (6410, 6430, 6510).

Asemade, a rede fluvial formada polos ríos Deo e Mandeo conforma un corredor ecolóxico con representación do hábitat prioritario Bosques aluviais de amieiros e freixos (Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 91EO*), e ten un alto interese para a conservación de dúas especies en perigo de extinción, o curso do Deo no linde entre Aranga e Curtis para o fento acuático e o curso do Mandeo desde Montouto para o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mexillón de río. Por este motivo foron incluídos no Plan hidrolóxico de Galicia Costa como “treitos de interese de especies ameazadas”.

2. No ano 2008 primeiro e logo no 2011, a Xunta de Galiza promoveu senllas propostas de inclusión das Brañas do Deo na Rede Natura, co obxecto de protexer baixo esta figura aproximadamente 3.400 hectáreas nas que existen as citadas especies e hábitats prioritarios, consonte o artigo 1 da Directiva Hábitat da UE.

Conforme as citadas propostas de inclusión na Rede Natura, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Aranga, aprobado definitivamente en 2013, clasificou como solo rústico de protección de espazos naturais diversos ámbitos que suman 1.328 hectáreas nas zonas de Vilarraso, Fervenzas e Aranga.

3. A falta de instrumentos de protección de maior rango ou o desleixo das administracións municipal e autonómica, permitiu ao longo dos últimos anos importantes alteracións e procesos de degradación fundamentalmente debidos a rozas mecánicas e plantacións forestais. Os propios informes da administración autonómica advertían en 2016 sobre “A actividade forestal, fundamentalmente a plantación de eucaliptos, provocou unha forte degradación e regresión de boa parte dos hábitats de interese, nomeadamente a causa da realización de intensas rozas mecanizadas e plantacións forestais acompañadas nalgúns casos da drenaxe dos terreos”. E o estudo sobre Conservación e xestión de humidais elaborado polo IBADER en 2017 tamén advertía sobre a destrución destes hábitats facendo referencia ás consecuencias da intensificación agroforestal en paraxes como San Lourenzo de Vilarraso.

A este respecto, dáse o paradoxo de que no ano 2018 a Xunta promoveu a elaboración da Estratexia da Infraestrutura Verde da área da Coruña, documento no que se advertía de novo dos procesos de degradación das Brañas do Deo e se propoñía a protección deste espazo.

4. Actualmente, unha grande parte dos hábitats de interese comunitario e prioritario das Brañas do Deo vense ameazados por grandes proxectos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industrialización, coa tramitación de megaproxectos enerxéticos (macroparques eólicos) e de plantacións forestais de eucalipto. Estamos diante dun intento de acometer un auténtico atentado ambiental, un ecocidio, debido á importancia estratéxica dos humidais do Deo para a preservación da diversidade biolóxica (pola existencia de hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, así como de especies en perigo de extinción), para a prevención do cambio climático (pola función determinante que cumpren as brañas na captura de CO₂), e para a regulación do ciclo hidrolóxico e a prevención de asolagamentos. Existen neste sentido estudos que alertan dun acurtamento dos ciclos de asolagamentos na conca do Mandeo debido á degradación e regresión dos ecosistemas higróturbófilos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza do proceso de degradación e destrución de hábitats de interese comunitario e prioritario das Brañas do Deo?

- Por que razón a Xunta paralizou a inclusión das Brañas do Deo desobedecendo as peticións da Comisión Europea e as obrigas da normativa comunitaria para a protección de hábitats e especies de interese comunitario como as que forman parte das Brañas do Deo?

-Que medidas adoptou a Xunta para impedir esta perda irreparábel de ecosistemas esenciais para a diversidade biolóxica, para a prevención do cambio climático e para a regulación do ciclo hidrolóxico?

-Ten previsto o goberno galego reactivar a protección das Brañas do Deo mediante a inclusión na Rede Natura ou mediante outra figura de protección?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para evitar a afección de grandes infraestruturas enerxéticas, proxectos de parques eólicos e plantacións forestais ás Brañas do Deo e ás Terras do Mandeo?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:06:57

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 13:07:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre proxecto de vertedoiro de residuos industriais en Santa Cristina de Fecha-Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da parroquia de Santa Cristina Fecha, no concello de Santiago de Compostela, transmitiu ao grupo parlamentar do BNG a súa preocupación polos movementos que se están a producir en relación con un proxecto para a creación dun vertedoiro de residuos industriais nunhas antigas canteiras coñecidas como minas da Barquiña. Trátase de grandes minas de cuarzo que baixan cara ao Tambre e que ocupan unha grande extensión de terreo. Logo de varios anos de abandono, están cubertas de vexetación e teñen no seu interior varias pozas artificiais naturalizadas, que albergan unha grande riqueza de flora e fauna.

Toda a contorna de Santiago de Compostela, e especialmente a zona norte do concello, está no punto de mira de empresas de xestión de residuos que pretenden levar a cabo auténticos pelotazos coa reconversión de antigas canteiras abandonadas en centros de xestión de residuos (vertedoiros), principalmente para materiais de construción e demolición e para residuos orgánicos de orixe industrial, urbana e agrogandeira. Estes proxectos, como ocorre no previsto para Casalonga (Teo), camuflan o depósito e vertido destes residuos como plans de restauración ambiental de espazos degradados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non é necesario agardar o que aconteza en Casalonga. A veciñanza da zona ten nas proximidades a desastrosa experiencia da antiga canteira de Miramontes reconvertida nun vertedoiro de residuos industriais, coas coñecidas consecuencias negativas para a calidade de vida: tránsito de camións de grande tonelaxe que non respectan as limitacións de velocidade, cheiros, contaminación de mananciais e regatos...

De levarse a cabo un proxecto semellante nas antigas canteiras da Barquiña en Santa Cristina de Fecha, as consecuencias poden ser irreversíbeis: risco de contaminación das augas do río Tambre, contaminación de acuíferos que se utilizan para o abastecemento da poboación, destrución de hábitats de interese como as citadas pozas artificiais naturalizadas, contaminación do ar, ruído e inseguridade derivadas do tránsito de camións de grande tonelaxe, etc.

O goberno galego, como institución con competencias en medio rural, en ordenación do territorio, en medio ambiente e en xestión de residuos, debe velar pola preservación das zonas rurais e naturais, poñéndolas a salvo de proxectos especulativos e que priman o máximo beneficio económico sobre os intereses da veciñanza. Por outra parte, o Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) potencia a recuperación e reciclaxe dos residuos de construción e demolición como alternativa de economía circular, fronte á solución ineficiente e antiecolóxica do seu depósito en vertedoiros. E en relación con residuos industriais como lodos de depuradora, de conserveiras e similares, recomenda a súa xestión e tratamento en parques empresariais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Comparte a Xunta de Galiza a necesidade de desbotar a creación dun vertedoiro de residuos industriais nas antigas canteiras da Barquiña, parroquia de Santa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina de Fecha (Santiago de Compostela), ou calquera outro proxecto que camuflado como operación de restauración ambiental, agoche a intención de utilizar este espazo como lugar de vertido de residuos de procedencia industrial?

- Considera de interese o goberno galego a elaboración dun estudo sobre o patrimonio cultural e natural da contorna do espazo das antigas canteiras da Barquiña, con especial atención as pozas artificiais naturalizadas, con vistas á súa inclusión no Inventario e Rexistro de humidaís de Galiza?

- Que medidas prevé desenvolver a Xunta para poñer freo ás operacións especulativas para a creación de vertedoiros de residuos industriais na contorna de Santiago de Compostela?

- Ten previsto o goberno galego desenvolver as modificacións lexislativas necesarias para evitar que antigas explotacións mineiras de zonas rurais se convertan en vertedoiros de residuos industriais?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:08:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 12/01/2022 13:08:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Actualmente estase a tramitar no monte Castrove un parque eólico de 24 MW, formado por 4 aeroxeradores de 6 MW e unha subestación de transformación.

Trátase dun proxecto de industrialización do monte que se sitúa nos concellos de Poio, Pontevedra e Meis, que afecta a unha poligonal de 600 hectáreas, e que podería no futuro ampliarse a todo o espazo atinxido pola Área de Desenvolvemento Eólico do Castrove e a súa zona de influencia. Un territorio de miles de hectáreas que afecta directamente a núcleos de poboación dos concellos de Barro, Meis, Poio e Pontevedra.

Segundo consta no documento ambiental de inicio, que foi sometido a información pública, a construción do parque vai ter un forte impacto ambiental e territorial debido á necesidade de levar a cabo diferentes infraestruturas:

- Apertura e construción de 5,3 km de viais, nunha zona con fortes pendentes.
- Apertura e construción de gabias para drenaxe de augas, coa conseguinte alteración da rede hídrica (nacentes e escorrentías).
- Apertura e construción de gabias para cableado
- Explanación e compactación de zonas de montaxe dos aeroxeradores, de 620 m2 por cada un deles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Creación de zona de acopio de pás, de 2.000m².
- Cimentación dos aeroxeradores, de 3,20 m. de profundidade e 400 m² de superficie.
- Construción de subestación de transformación, cunha superficie total de 4.435 m².

Por outra parte, debido aos movementos de terras e explanacións do terreo necesarias na fase de construción, prevese un forte impacto nos recursos hídricos da zona, fundamentais para biodiversidade e para o abastecemento da poboación. A afectación é moi importante no caso dos mananciais para o abastecemento de lugares como A Escusa, no concello de Poio.

2. Na zona do monte Castrove existen hábitats clasificados como de interese comunitario e prioritario, que se verán ameazados pola construción do parque. Tamén existen importantes xacementos arqueolóxicos, que dan mostra da ocupación do territorio desde épocas moi antigas. Aplicando o principio de precaución, deberíase levar a cabo unha ampla investigación e catalogación dos bens culturais e naturais, con carácter previo a calquera proxecto industrial como o que se pretende desenvolver. No tocante á importancia histórica e cultural deste espazo, é necesario poñer de relevo a súa relación coas viaxes e investigacións do Padre Sarmiento, que deixou referencia de valiosos achados arqueolóxicos nesta zona, moitos dos cales están sen investigar e documentar.

Tamén cómpre poñer de relevo que se trata dunha zona na que existe greas de gando, especialmente cabalar, e na que se mantén viva a tradición dos curros.

Por conseguinte, o desenvolvemento dun proxecto industrial como o previsto no parque eólico tería consecuencias negativas para un espazo de grandes posibilidades desde o punto de vista natural, cultural, social e lúdico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Unha vez construído o parque é previsíbel que se constrúan ampliacións do mesmo en novas fases, tendo en conta o espazo ocupado pola Área de Desenvolvemento Eólico e a súa zona de ampliación. En canto á poligonal do parque, que ocupa case 600 hectáreas, vai supoñer fortes restricións aos usos tradicionais do territorio, pola preeminencia do uso industrial.

Na fase de funcionamento, o parque eólico terá impactos sobre a fauna e sobre a poboación circundante. Dadas as dimensións dos aeroxeradores, de máis de 200 m de altura e unha potencia unitaria de 6MW, terá un forte impacto visual na contorna, impacto sonoro e tamén lumínico, pola instalación nos aeroxeradores de luces brancas (destellantes) e vermellas (fixas) para o seu balizamento.

4. A pretensión de construír un parque eólico no monte Castrove conta con unha forte oposición na zona, como se puxo de manifesto coa presentación de centos de alegacións e co desenvolvemento de diversas mobilizacións contrarias ao proxecto. Cabe sinalar tamén os pronunciamentos contrarios das corporacións municipais de Poio e Meis.

5. O actual plan de desenvolvemento eólico de Galiza está a provocar unha forte resposta social pola cantidade, intensidade e dimensións dos parques proxectados, e polo forte impacto negativo no medio natural, no territorio, nas actividades económicas e nos usos residenciais. En lugar de atender as demandas sociais ao respecto, o goberno galego aprobou diversos cambios normativos para favorecer e facilitar a tramitación destes proxectos, pasando por riba dos intereses veciñais e dos concellos. Fronte a este plan de espolio e depredación dos recursos naturais do noso país, cómpre desenvolver un novo modelo eólico con participación pública e das persoas propietarias do chan, sustentábel, xusto, respectuoso co territorio e que deixe a riqueza en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que valoración fai o goberno galego sobre a resposta social e institucional contraria á construción do parque eólico do monte Castrove?

- Considera o goberno galego que, dadas as previsións da Área de Desenvolvemento Eólico, estamos diante dunha primeira fase que terá continuidade no futuro con novos parques?

- Considera o goberno galego que sería necesario aplicar o principio de precaución e suspender a tramitación do parque eólico do Monte Castrove?

- Considera o goberno galego que as infraestruturas necesarias para a construción do parque do Castrove terán un impacto moi negativo nos recursos hídricos e no abastecemento de auga á poboación?

- Comparte o goberno galego a necesidade e interese de encargar un estudo sobre os valores culturais, ambientais, paisaxísticos e sociais do Monte Castrove, así como un Plan de protección, conservación, promoción e dinamización dos mesmos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:09:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 13:10:04

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 13:10:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2016 foron asinados os primeiros contratos de aluguer das vivendas de protección pública que a Xunta de Galiza, por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, promoveu no barrio ourensán de Covadonga.

O 29 de novembro de 2007, o IGVS, promoveu concurso público para a contratación das obras de construción e urbanización de 52 vivendas no barrio de Covadonga (Ourense), aprobándose a adxudicación do contrato por resolución de 12 de maio de 2008, formalizándose o contrato de obras en xuño do mesmo ano 2008, establecéndose un prazo de 20 meses para a efectiva execución e remate da construción.

Comezadas as obras o día 22 de xuño de 2009 e estando prevista e contratada a súa finalización para abril de 2011. Porén, tras anos de paralización, varios modificados de proxecto e incremento dos recursos públicos, non foi ate foi ate 5 anos despois do vencemento do prazo inicialmente previsto para o seu remate cando a Xunta de Galiza asinou os primeiros contratos de aluguer e a entrega das vivendas ás usuarias.

Malia o tempo empregado na execución na construción das vivendas e a súa entrega ás persoas que resultaron adxudicatarias, a día de hoxe existen servizos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións pendentes de ser rematadas e de entrar en funcionamento, como os tendedeiros ou o sistema eléctrico con enerxías renovábeis para a reutilización e aproveitamento das augas.

A pesares de que o tempo transcorrido non permitiu a entrada en funcionamento da totalidade dos servizos comprometidos, si foi abondo para a aparición de importantes defectos estruturais e que condicionan a habitabilidade das vivendas e o confort das persoas que residen nelas. Así, por exemplo, o espazo no que se agarda polo ascensor está nun patio descuberto ao albur das inclemencias meteorolóxicas, a ausencia de voladizos provoca que o auga da choiva descorra polas fachadas facilitando a presenza de humidades e que penetre nas vivendas. Igualmente o patio interior descuberto permite que entre a auga da choiva pola portas das vivendas letras C e D, así como provoca un considerable desgaste nas devanditas portas, extremos ambos perfectamente perceptíbeis a simple vista. Igualmente a ilóxica distancia entre a estrutura do edificio ou as escaleiras e o peche do inmovible (consecuencia dunha deficiente execución da obra) xera un evidente e permanente risco para a seguridade e integridade físicas das persoas, nomeadamente, das cativas. A chapa que pecha inmovible semella non ser aillante de abondo.

Por outra banda o mantemento do elementos comúns (rede de saneamento, xardíns, sistema eléctrico á vista ...) non é o axeitado, sendo a Xunta de Galiza o propietario maioritario pois os inquilinos teñen dereito a voz, mais non de voto, nas xuntas da comunidade de propietarios, polo que o estado de deterioro que presenta o inmovible e consecuencia da pasividade da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia de vicios e deficiencias na estrutura e elementos comúns das vivendas de promoción pública do barrio de Covadonga en Ourense antes referidas?

Considera a Xunta de Galiza que as inquilinas e propietarias das vivendas das devanditas VPP dispoñen actualmente de todos os servizos anunciados e que se encontran en correcto estado de funcionamento e uso?

Recibiu a Xunta de Galiza algunha comunicación sobre deficiencias nas vivendas ou nos elementos comúns?

Entende a Xunta de Galiza que as chapas que pechan os inmobles solucionan as necesidades de illamento acústico ou climático das vivendas?

Realizou algunha inspección ou comprobación para verificar a existencia de filtracións nas vivendas ou a caída directa de auga de choiva nas mesmas, así como o estado de conservación e mantemento dos elementos e servizos comúns?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 13:12:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 13:12:40

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:12:47

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 13:12:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o plan de restauración da canteira de Casalonga (Teo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Con data de 11 de agosto de 2021 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación asina a “Resolución de autorización do Plan de Restauración da concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, situada no termo municipal de Teo, Provincia da Coruña”, pola que se autoriza a actualización do plan de restauración da explotación mineira Casalonga”, denominado “Plan de Concesión da explotación Casalonga nº 6996 (maio 2020)”.

O antedito Plan, presentado en maio de 2020, detalla que o oco da canteira restaurarase a medio longo prazo mediante a plantación de especies forestais previa adecuación da súa superficie cunha cobertura de solo que faga posible a súa reforestación. No apartado 4.2.2 indica que dado que a actual superficie granítica “ non constitúe un substrato axeitado para o desenvolvemento da cuberta vexetal, por ausencia de materia orgánica”, resulta preciso unha preparación previa do terreo, para o que literalmente a memoria do plan “contempla o estendido de terra vexetal sobre as zonas explotadas e a revexetación destas explanadas, taludes e bancos”.

Ao respecto da terra vexetal a memoria sinala unha dobre procedencia, unha obtida da propia actividade mineira, a partir do almacenamento de terra resultante das actividades de extracción dos áridos, e outra mediante terra vexetal externa. Indica que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se determinará unha zona de depósito (páx. 45 da memoria) para empregar “nas labores de restauración futuras”.

Especifica que o ámbito de superficie afectada polo plan será de 55,85 ha. (apartado 3.4.4., páx. 46), precisándose para revexetar con terra vexetal un espesor entre 30 e 50 cm, estimándose que a cantidade necesaria para revexetar será duns 292.666,5 m³ (páx. 50 e 51. noiros: 87.100 m² x 0,5 de espesor terra vexetal; bermas: 7.8491 m² x 0,5; oco explotación 411.135 m² x 0,5; pistas de acceso 8.457 m² x 0,5; balsas 150 m² x 0,5).

Indica a memoria, na páxina 53, que de non ser suficiente a terra vexetal procedente da propia actividade da canteira, o seguinte “no caso de que fose necesario aporte de terra vexetal externa, deberase xustificar a súa procedencia e actitude”.

2. Pois ben, nunha memoria de 64 páxinas, contense nesta liña da páxina 53 o que pode resultar a verdadeira intención que se agocha para este plan de restauración. Dado que a terminoloxía referida a “terra vexetal”, dende un punto de vista técnico-normativo, é moito máis amplo do que a priori e en aparencia pode vulgarmente entenderse, pois non debe confundirse esta denominación con terra, terra natural, terra fértil, ou calquera tipo de terra procedente dunha orixe non artificial.

O concepto “terra vexetal”, se atendemos á definición disposta no Real Decreto 865/2010, de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, refírese ao tipo de substrato comercial “terra vexetal do tipo 5.2 do anexo I”. Segundo esta normativa, “terra vexetal” é un substrato de cultivo de mestura, entre terras, areas, gravas, e materia orgánica da definida no Grupo 1, na que se inclúen materiais compostados e estabilizados do tipo 1.1 a partir de residuos comprendidos no Anexo V, “lista de residuos orgánicos biodegradables”, nos que se inclúen multitude de residuos (residuos animais e vexetais, xurros, derivados da alimentación, lodos de depuradora e industriais, augas residuais, etc.).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A normativa vixente sobre substratos vexetais establece un marco diferenciado dependendo do uso final que del poida darse, máis resulta de complexa interpretación e aplicación esta separación de usos pois as tres disposicións poden xustificar o mesmo destino de uso. Así, o RD 865/2010, concreta que a “terra vexetal” pode empregarse en “agricultura, xardinaría ou paisaxismo”. Mentres o Real Decreto 506/2013, de 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes. (que actualiza o Real Decreto 824/2005, de 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes), define e tipifica os produtos fertilizantes distintos aos abonos recollidos nos RD 865/2010, que “poidan empregarse na agricultura e a xardinaría”, sen facerse mención aos usados para paisaxismo.

Por outra banda, a RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se lle dá publicidade á instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos, normativa autonómica, define e estipula as características e aptitudes dos tecnosolos, referíndose a eles como materiais formulados “a partir de residuos de distinta natureza que se deben combinar de modo que o produto final reúna as características apropiadas para actuar como substrato vexetal e permita a recuperación da situación de degradación ou contaminación inicial.

Son os tecnosolos empregados como substratos vexetais un obxectivo de valorización de residuos para a “recuperación de solos e augas degradados e/ou contaminados”, tales como “ , “minas e canteiras”. Destacando dita Resolución que “Polos seus beneficios directos e indirectos e coas devanditas salvagardas en canto ás zonas de aplicación, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental incentivará o emprego de tecnosolos para a recuperación de solos degradados, erosionados ou contaminados”.

4. Tendo en conta o nulo detalle co que o Plan de Restauración trata a previsión de usar o que considera “terra vexetal” procedente do exterior, e, dado que a empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autorizada coñécese ata o de agora pola súa exclusiva dedicación á xestión e recuperación de todo tipo de residuos, lodos, tecnosolos..., cabe cando menos pensar se detrás deste plan existe realmente unha práctica encuberta de depósito de residuos: planificado sobre unha interpretación sofisticada da normativa, centrada en levar un elevado volume de residuos orgánicos tratados como substrato vexetal, dándolle un uso de tecnosolo para actividades de recuperación de solos degradados e posterior reforestación paisaxística do lugar.

Unha operación deste tipo, e tendo en conta os custes e taxas de recollida de residuos orgánicos vixentes na actualidade, estimados entre 45 e 50 euros por tonelada, supón un importante volume de negocio para a empresa xestora deses residuos (que se entende que é a mesma que aborda o plan de restauración e propiedade a súa vez da canteira), por varios millóns de euros, que explicaría á súa vez o reducido prezo de 134.402 euros contemplado para a restauración da canteira detallado na memoria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Avaliou a Xunta de Galicia as necesidades de “terra vexetal de procedencia externa” no proxecto de restauración da mina de Casalonga?

- Para resolver a autorización do proxecto, os servizos técnicos da Consellería comprobaron se resulta realista, dentro da memoria do Plan, a previsión que fai a empresa sobre que conta con terra vexetal propia procedente da canteira para levar a cabo a actuación de cobertura coma substrato vexetal preparatorio para a reforestación?

- Que garantías ten a Xunta sobre a non utilización como materiais do substrato vexetal de residuos orgánicos como xurros, lodos de depuradora e outros residuos animais e vexetais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas prevé adoptar o goberno galego para evitar que a canteira de Casalonga se convirta nun vertedoiro encuberto de residuos orgánicos pretratados e estabilizados como substrato vexetal?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 13:14:32

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 13:14:37

Iria Carreira Pazos na data 12/01/2022 13:14:42

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:14:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Alexandra Fernández Gómez e María González Albert, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a contaminación por cianobacterias no encoro das Conchas e os efectos nos seus usos lúdicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo recollen diferentes medios de comunicación, tras a realización de diversas análises as augas do encoro de As Conchas os días 6,13 e 20 de agosto, a Consellaría de Sanidade vén de decretar o nivel 3 de contaminación, nomeadamente pola presenza dunha elevada concentración de cianobacterias nas augas analizadas. Nivel 3 de risco que se corresponde co máximo previsto.

A pesares da alerta sanitaria pódese comprobar como os baños continúan producíndose con normalidade e que ou non existe advertencia algunha ás persoas usuarias, ou esta é confusa, sobre o estado das augas e dos riscos que implica o baño. Así, en Mugueimes (Concello de Muíños) non existe cartaz algún que informe da situación das augas. No caso de Porto Quintela (concello de Bande) se ben existe cartaz, sen carimbo oficial, este partilla espazo con outro de contido totalmente contrario que cualifica as augas como “excelentes” o que, no mellor dos casos, é unha evidente contradición que xera confusión.

Xa que logo existe unha palmaria discrepancia entre os resultados das análises realizadas pola Xunta de Galiza e as medidas preventivas e informativas adoptadas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polos Concellos de Bande e Muíños, que ou ben pode ser pola ausencia de información e de recomendacións daquela, ou ben polo caso omiso que estes concellos realizaren as instrucións da Administración Sanitaria; constituíndo, en todo caso, unha grave negligencia que eventualmente pode afectar á saúde das persoas.

E por iso que formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal foi o resultado das análises sanitarias realizadas os días 6,13 e 20 de agosto nas augas do encoro das Conchas, en Ourense?

O estado das augas e o nivel de cianobacterias que presentaban implicaban algún nivel de risco para as persoas usuarias das mesmas? No seu caso, cal era a cualificación do referido nivel de risco?

Comunicou a Xunta de Galiza aos concellos de Muíños e Bande o estado das augas do encoro de As Conchas?

Informoulle sobre a necesidade de informar ás usuarias do estado das augas, ou mesmo da comenencia de pechar ou restrinxir nas mesmas os usos lúdicos?

Realizou a Xunta de Galiza algún control sobre o cumprimento das devanditas instrucións e recomendacións?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:16:59

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 13:17:06

María González Albert na data 12/01/2022 13:17:17

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 13:17:28

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 13:17:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 13:17:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o destino dos residuos xerados na execución de obras de reforzo firme e MSV na OU-525

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Real Decreto 1390/2018, de 19 de novembro, publicado no DOG núm. 237, de 13 de decembro, facíase efectivo o cambio de titularidade do treito da N-525 entre o p.k. 219,100 (enlace da N-525 coa A-52 en Allariz) ate o p.k. 233,800 (enlace N-525 coa A-52 no acceso a Ourense Sur), incluídos os seus enlaces interiores e vías de servizo. Era a plasmación do xa acordado o día 19 de xuño de 2018 o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galiza.

Anos despois de verificado o cambio de titularidade, a Xunta licitou a realización de obras de reforzo do firme e de mellora da seguridade viaria no referido treito de 14 km. da agora denominada OU-525, na contorna dos polígonos empresariais de San Cibrao das Viñas e de Barreiros. Obra adxudicada á mercantil Extracto Construcións e Proxectos, S.A. por un importe de 3.598.046,67 € (IVE incluído).

Malia que no propio expediente de contratación recoñecese o impacto medioambiental que a execución das obras contratadas podería ter na contorna, e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que mesmo o respecto a normativa sectorial se considere como unha cuestión cuxo incumprimento podería dar lugar á resolución do contrato (certamente resulta contraditorio por unha banda, ao considerar esencial a observancia da lexislación medioambiental e que, por outra, só dea lugar a resolución cando eses incumprimentos son reiterados e de carácter moi grave); non consta se estea a cumprir a normativa para o tratamento de residuos, nin se implementasen medidas de control para garantir a observancia e cumprimento de tal normativa.

Así, non consta que os residuos producidos na execución dos traballos de aplicación dunha nova capa de rodadura sexan retirados e trasladados a unha planta para o seu tratamento. A este respecto cabe lembrar que as mesturas bituminosas que conteñan alquitrán de hulla e produtos alquitranados son considerados como residuos potencialmente perigosos polo que, en ningún caso, pode admitirse o seu abandono ou que sexan esporexidos polas cunetas que circundan a referida vía; máxime cando se trata dunha estrada que, parcialmente, discorre por Allariz (Reserva da Biosfera) e que obviamente afectan á paisaxe e ao patrimonio natural.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Coñece a Xunta de Galiza como se esta a executar os traballos contratados de reforzo de firme e MSV no treito da OU-525?

Ten constancia a Xunta de Galiza do sistema de destino e tratamento dos residuos xerados na execución dos traballos de reforzo de firme na OU-525?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas de vixilancia e control ten implementado a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da normativa medioambiental na execución do devandito contrato de reforzo do firme e MSV na OU-525?

Cantas inspeccións, e en que datas, realizou a Xunta de Galiza sobre este particular e cal foi o resultado das mesmas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 13:19:09

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 13:19:13

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:19:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o estado dos encoros de Ourense como consecuencia da sobreexplotación hidroeléctrica e as consecuencias que provoca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os desorbitados prezos da enerxía eléctrica, marcando continuamente máximos históricos, que mesmo chegar a triplicar o prezo -xa elevado- acadado o pasado ano; están a propiciar unha sobreexplotación dos recursos hídricos a cargo de empresas hidroeléctricas movidas por unha extraordinaria cobiza. Novamente estamos a padecer a primacía dos intereses económicos de empresas privadas do sector eléctrico sobre a conservación medioambiental e a disposición social sobre os recursos naturais.

Nas pasadas semanas, en plena época estival - mesmo en momentos de estado de alerta por vaga de calor extremo- no que as precipitacións son inexistentes, empresas hidroeléctricas desenvolveron unha intensa actividade en encoros da provincia de Ourense provocando o baleirado dos mesmos, reducíndose ate límites históricos. Faise realidade o dito popular “a cobiza non ten límites”.

Así, actualmente, diversos encoros da provincia de Ourense como o de Cenza en Vilariño de Conso que está a un 15,09 % da súa capacidade, un 53,42% por baixo do seu promedio habitual, ou o de Portas, tamén no concello de Vilariño de Conso, a un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

16,37%, que representa unha variación superior a un 60% sobre a media da súa capacidade ordinaria.

Tal situación de sobreexplotación hidrolóxica neste época estival está a provocar que ríos como o Arenteiro, Arnoia ou Limia estean nun nivel que, o organismo de conca, cualifica como baixo; algo que tamén acontece no río Miño que presenta un nivel moi baixo.

A capacidade doutros encoros se ben non é tan alarmante, non deixa de ser preocupante toda vez que o estado actual da súa capacidade non chega ao 50% do seu promedio ordinario, como por exemplo nos casos dos encoros de Albarellos ou Salas.

Igualmente significativa é a súbita redución do nivel das augas dalgúns encoros nos que, coincidindo (seguramente non por acaso) coa suba do prezo da electricidade, a súa capacidade viuse reducida en apenas un mes en máis dun 27%. da súa capacidade.

As consecuencias de tales accións empresariais están a ter importantísimas consecuencias sociais e medioambientais no territorio e na economía da zona. De tal xeito que no encoro das Conchas, no concello de Muíños, tivo que prohibirse o baño dado nivel de contaminación por cianobacterias, propiciada pola drástica redución do nivel de auga que, como xa advertían as asociacións ecoloxistas, fomenta a súa proliferación.

A redución do caudal dos ríos e o eventual incumprimento do caudal ecolóxico produce un evidente impacto negativo sobre a súa fauna acuática, denunciándose casos nos que a xente pode coller as troitas en cubos por quedaren charcas con peixes atrapados.

Igualmente o súbito baleirado dos encores produce unha evidente afectación na actividade social e económica da zona, cuxa poboación novamente resulta prexudicada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polas explotación económica do recursos naturais do seu territorio. Especialmente ilustrativa é a queixa que realizaba uns días un alcalde dun municipio ourensán que recoñecía que de continuar o baleirado do encoro do seu concello -consecuencia da cobiza da concesionaria da explotación hidroeléctrica para aproveitar os elevados prezos da electricidade- se impediría a práctica de actividades acuáticas como a vela, piragüismo, ou remo que constitúen un importante reclamo para atraer a turistas e visitantes ao concello. Asemade o rápido descenso das augas impide a práctica de actividade como a pesca fluvial.

En suma, estamos en presenza de actuacións realizadas por concretas e determinadas empresas hidroeléctricas que na procura de maiores rendementos económicos e aproveitándose dos desorbitados prezos da enerxía, están a provocar un grave deterioro medioambiental, económico e social no territorio e na poboación, que doutra volta ve como os recursos naturais están subordinados aos exclusivos intereses de empresas privadas, sen que conste actuación algunha por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Coñece a Xunta de Galiza a existencia dunha importante redución no nivel de auga nos encoros existentes na provincia de Ourense?

Cóstanlle as causas de, no seu caso, esa súbita redución?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para evitar que continúe a sobreexplotación hidroeléctrica nos encoros, nomeadamente aínda que non de xeito exclusivo, da provincia de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten analizado a Xunta de Galiza as consecuencias medio ambientais e sociais que produce o súbito baleirado dos encoros?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:36:47

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2022 13:36:53

María González Albert na data 12/01/2022 13:37:04

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 13:37:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao convenio colectivo de XEAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroalixes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito continuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao “adelgazar” cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificable a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do convenio propio. Despois das tres reunións mantidas no marco da mediación solicitada polo comité no Consello Galego de Relacións Laborais para desbloquear as negociacións, a empresa rachou as mesmas de xeito unilateral, coa vontade meridiana que o convenio propio perda vixencia e decaía, para así aplicar o sectorial, de condicións inferiores.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, é incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á situación de conflitividade laboral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que existe a día de hoxe, que ameaza o mantemento do emprego e condicións laborais nas fábricas de Cee e Dumbría.

Atendendo a isto, é dificilmente xustificábel manter unha posición equidistante por parte do goberno galego, máxime cando estamos a falar dunha empresa que se beneficia de axudas públicas e que pode estar incumprindo, atendendo aos pronunciamentos xudiciais, as condicións dunha concesión pública sobre a que a Xunta ten competencia. E sobre todo, cando ese comportamento empresarial pon en perigo o mantemento de máis de 250 postos de traballo.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Ante isto, so cabe que o goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta, poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación. Sendo moi necesaria a mediación política do goberno galego para atopar unha saída á tensa situación sociolaboral que se vive na comarca, facendo valer as prerrogativas que lle confire o feito de tratarse dun complexo industrial anoad, de xeito indisolúbel, á concesión da explotación de centrais hidroeléctricas que constitúen un recursos público.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Ten previsto o goberno galego mediar entre a parte social e patronal na procura dunha solución á situación de conflictividade sociolaboral enmarcada na negociación do convenio propio de empresa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que XEAL está obrigada ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas con base nas cláusulas da concesión de explotación das centrais hidroeléctricas?

Considera o goberno galego que XEAL está cumprindo coas cláusulas de vinculación de actividades?

Comunicoulle a Xunta de Galiza á empresa a posibilidade de reversión dos dereitos de explotación das centrais hidroeléctricas no caso de incumprírense as obrigas de mantemento de emprego e actividade das cláusulas concesionais?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 12/01/2022 13:36:34

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 13:36:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2022 13:36:46



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia ten o seu marco legal no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que desenvolve o Decreto.

O artigo 2 do Decreto 120/1998 crea os equipos de orientación específicos, que abranguen no seu plan de actuación os institutos de educación secundaria, as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, os colexios de educación primaria e os colexios de educación especial.

No artigo 5 d) do mesmo Decreto establécese que dentro da composición dos equipos de orientación específicos formará parte un traballador ou unha traballadora social e/ou educador ou educadora social, que ten as funcións que se establecen no artigo 22 da Orde do 24 de xullo de 1998, orientada a realizar accións de intervención socio-educativa cos alumnos que presenten problemas ou dificultades de integración escolar e social.

Resulta, polo tanto, evidente a importancia que á participación destes profesionais lle concede a Administración educativa na orientación educativa e profesional, importancia que non se ve acompañada en realidade das actuacións concretas como proba o feito de que estean vacantes estas especialidades nos equipos de orientación específicos da Coruña e Pontevedra.

Atopámonos ante un servizo educativo, o de orientación educativa e profesional, regulado dende hai 23 anos e que ten contribuído, sen dúbida, á mellora do sistema educativo galego pero que non foi modificado substancialmente nese longo período de tempo, pero que si admite espazos de mellora, para o que pode resultar moi pertinente experimentar na súa ampliación.

No sentido anterior e como sabemos, a experimentación no ámbito educativo consiste, basicamente, en efectuar intervencións educativas alternativas no



sistema coa clara finalidade de mellorar a práctica educativa. Esa intervención debe sempre estar sometida a un control rigoroso construído sobre criterios de investigación e avaliación. Existe un consenso absoluto en que a experimentación educativa contribúe á calidade e mellora educativas.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia teñen manifestado a conveniencia de incrementar a participación destes profesionais nos servizos de orientación educativa e profesional, considerando que a súa formación académica e capacitación profesional supón unha cualificación idónea para prestar unha axuda técnica a nivel educativo, xa que o medio escolar é onde primeiro se poden detectar problemas familiares e sociais, constituíndo os centros educativos unha institución idónea a nivel de detección e prevención.

Segundo este colexio oficial, a participación das persoas traballadoras sociais nos centros educativos abrangue ámbitos tan relevantes como:

- a) Colaborar na prevención e detección de indicadores de risco que puideran xerar inadaptación social e escolar.
- b) Participar na elaboración de programas para dar resposta ás necesidades sociais do alumnado e das súas familias.
- c) Detectar situacións de risco, como malos tratos infantís, abusos sexuais, problemas emocionais ou problemáticas sociofamiliares.
- d) Facilitar a incorporación de alumnado migrante ou pertencente a minorías.
- e) Diminuír o risco de fracaso e abandono escolar, ou
- f) Potenciar a coordinación das distintas entidades e organismos dos ámbitos sanitarios, de servizos sociais e educativos.

O certo é que a proposta que se realiza conta con precedentes no Estado español, por exemplo na Comunidade Autónoma de Canarias. En setembro do ano 2017 asinouse un convenio de colaboración entre a *Consejería de Educación y Universidades* do Goberno de Canarias e o *Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias* (CEESCAN), para a mellora do sistema educativo y da educación social. Este convenio recoñece que a Educación Social é unha das claves para potenciar o desenvolvemento social, educativo e político dos nenos e nenas e a xuventude, desenvolvendo e expondo desde o centro educativo, propostas de mediación familiar, resolución de conflitos, redución do absentismo escolar, fomento da convivencia, prevención do acoso escolar, atención á diversidade e desenvolvemento comunitario e participado.

En definitiva, a petición que traslada o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia conta con precedentes de implantación no Estado, polo que resulta



oportuno coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a demanda que traslada este colectivo profesional.

Por iso, o deputado e a deputada que asina formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que o colectivo de traballadores sociais pode contribuír á mellora do servizo de orientación educativa e profesional ampliando a súa presenza na rede de orientación existente?

2ª) Valora a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a posibilidade de levar a cabo un proxecto de experimentación educativa asinando un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que permita a participación deste colectivo da rede de orientación escolar?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:11:45

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:11:57



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 9 de marzo de 2020 foi debatida unha Proposición non de lei deste grupo parlamentario sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro.

A iniciativa foi rexeitada ao votar en contra o Grupo Parlamentario Popular, que entre os seus argumentos empregou a mellora da calidade educativa que se conseguirá o trasladar ao alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño, posto que non existirá a necesidade de agrupar alumnado en aulas mixtas, entendo por tal as que escolarizan alumnos de distintos cursos.

O anterior argumento, repetido en varias ocasións durante a intervención do voceiro do partido popular, replica o empregado polo alcalde do concello de Begonte, cando no seu *Plan de impulsión da educación no concello de Begonte* expón que “Os/as nenos/as do Colexio de Baamonde, polo seu número, teñen que estar agrupados en tres aulas, xuntándose cursos inmediatos, dificultando os traballos dos profesores e imposibilitando que a educación sexa a óptima que un colexio pode ofrecer”.

Cabe entender a argumentación do alcalde do concello de Begonte no contexto da súa proposta. O que costa entender, por inexplicable, é que se empregue por parte do Partido Popular nun debate parlamentario.

E isto é así porque, como sabemos, existen na Comunidade Autónoma de Galicia un elevado número de centros de educación infantil e primaria incompletos, é dicir, que non teñen tres grupos de educación infantil e seis de educación primaria, polo que existen neles aulas mixtas no sentido anteriormente descrito.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publica anualmente ordes que modifican as unidades dos centros de educación infantil e primaria (entre outros), no que se pode atopar como xustificación que é necesario adaptar a organización dos centros docentes ás necesidades efectivas da poboación escolar e ás exixencias duns cadros de persoal que incidan na atención á



diversidade coa introdución de profesorado especialista e a mellora da súa oferta educativa, e que en consecuencia se deben revisar as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellaría nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial; como se pode observar se incide na mellora da súa oferta educativa.

Por citar só as dúas últimas,

- a) Na Orde do 3 de agosto de 2020 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellaría nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial (DOG do 12 de agosto) aparecen os seguintes centros incompletos: 1 centro na provincia da Coruña, 5 centros na de Lugo, 1 centro na de Ourense e 3 centros na de Pontevedra.
- b) Na Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellaría nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial (DOG do 29 de xullo) aparecen os seguintes centros incompletos: 6 centros na provincia da Coruña, 5 centros na de Lugo, 8 centros na de Ourense e 11 centros na de Pontevedra.

Empregando o argumento anterior, estes centros non poden ter experimentado mellora na súa oferta educativa posto que teñen aulas mixtas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Comparte a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que as aulas nas que se escolarizan alumnos de distintos cursos ofertan unha deficiente calidade educativa?
- 2ª) Considera necesario abrir un debate coa comunidade educativa para a revisión dos actuais criterios de agrupamento de alumnos en aulas mixtas?
- 3ª) Comparte os argumentos empregados polo voceiro do Partido Popular no debate da Proposición non de lei deste grupo parlamentario sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro celebrado no pleno do Parlamento de Galicia o día 9 de marzo de 2021?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:39:50
Nº Rexistro: 27597
Data envío: 12/01/2022 13:39:50.070

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:12:43

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:12:57

CSV: BOPGDSPG-K1QJkv8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 d Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A fundación *Political Watch* é unha organización que ten como misión xerar, tanto no Estado español como no resto de países nos que traballa, unhas condicións favorables para o deseño, adopción e implementación de políticas públicas e prácticas privadas que promovan unha sociedade máis xusta, equitativa e sostible.

Esta organización, xunto coa *Plataforma de organizacións de infancia de Galicia* vén de facer público un informe titulado “Cole seguro” dentro dunha iniciativa coa que se pretende xerar e dar a coñecer información sobre como se está garantindo o dereito á educación para nenos, nenas e adolescentes no contexto da covid-19, tentando coñecer o destino do investimento público en educación, a situación na que se atopan os centros educativos e a percepción da cidadanía sobre as medidas adoptadas.

Sobre os fondos covid-19 dispoñibles para educación e no caso de Galicia o informe afirma que a Xunta de Galicia facilitou certa información respecto da repartición dos fondos, aínda que esta foi incompleta, nada que resulte sorprendente toda vez que o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha proposición no de lei na Comisión 4ª de Educación e Cultura na que se propoñía que o Goberno galego a remitise ao Parlamento de Galicia a información detallada do destino dado aos 92.987.530 € recibidos do Goberno do Estado para gastos educativos dentro do tramo 3 do Fondo covid regulado polo Real decreto lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo Covid-19 e se establecen as regras relativas á súa distribución e libramento, iniciativa que foi rexeitada co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular.

Con respecto aos datos que contén o informe aos que facemos referencia convén subliñar que se afirma que “Do mesmo xeito que noutras Comunidades Autónomas, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade de Galicia foi contactada polo equipo de Cole Seguro con anterioridade á publicación da análise, co fin de darlle a oportunidade de completalo, corrixilo ou corroboralo. No momento de peche da publicación, non se recibiu resposta nin datos para Galicia”.

Resulta preocupante que no que se refire a persoal docente o informe conclúe que aínda que a partida na que máis gasto se destinou en Galicia, do mesmo xeito que o resto de comunidades autónomas, foi a de persoal docente, con todo en comparación co resto de CC.AA esta foi a máis baixa de todas, xa que se destinou só o 29,79 % do Fondo covid, menos da metade da media estatal do 55,48 %, á vez que non se puido coñecer a través da información pública dispoñible a duración das contratacións extraordinarias realizadas en Galicia para responder ás necesidades docentes xurdidas pola covid-19.



Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade das conclusións do informe no relativo á contratación de persoal docente?

2ª) Son correctos os datos que presenta o informe relativos á contratación docente con fondos covid-19?

3ª) Porque a Xunta de Galicia non respondeu á petición de datos que se fixo de forma completa nin á posibilidade de completar, corrixir ou corroborar os datos antes da publicación do informe?

4ª) Considera que esa práctica resulta coherente coa transparencia esixible, máxime dentro do contexto no que nos atopamos e na necesidade de coñecer o destino dos fondos excepcionais que se teñen habilitado para o ámbito educativo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:13:44

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:13:56



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na memoria dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o ano 2020 pódese ler que o programa 423B Prevención do abandono escolar trata de atender a necesidade existente de incrementar o número de titulados en formación postobrigatoria, sobre a necesidade recoñecida de que é necesario formar unha cidadanía máis e mellor formada.

Tamén se recoñece, axeitadamente a xuízo deste grupo parlamentario, que para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior.

As propostas articúlanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administracións locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral, tendo previstas as seguintes actuacións estratéxicas:

1. Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
2. Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
3. Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidido no aumento da motivación e autoestima.
4. Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
5. Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
6. Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.



7. Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
8. Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics; Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).
9. Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.
10. Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais
11. En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.09) son acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

Pese ao marco teórico deste programa, o certo é que a súa dotación orzamentaria e a posterior diminución poñen de manifesto que o compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional neste ámbito é cuestionable.

Coñecida a execución orzamentaria do ano 2020 do orzamento da Xunta de Galicia sabemos que con respecto a este programa dunha dotación inicial de 26.247.000 €, fíxose unha modificación orzamentaria global que o rebaixou a 15.679.000 € o que supón unha redución do 40,26 %. Ademais, e pese a presentar un nivel de execución do 99,5 %, debemos de ter en conta que a execución final é un 59,45 % do consignado inicialmente e que debemos supoñer que era o que se consideraba necesario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que se reduciu un 40,26 % o orzamento inicial do programa 423B Prevención do abandono escolar no ano 2020?



2ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que coa cantidade executada foron atendidas as necesidades existentes?

3ª) Si a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como se xustifica que para o ano 2021 este programa conte cun orzamento de 26.807.565€, cantidade que incrementa nun 70,97 % o executado no 2020?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:14:39

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:14:50



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

As escolas infantís son un entorno de desenvolvemento onde os nenos pasan unha gran parte da súa infancia e despregan relacións significativas que os axudan a medrar.

Dende que a Rede Europea da Atención á Primeira Infancia publicase en 1996 os seus compromisos de desenvolvemento dos servizos da primeira infancia co fin de garantir a igualdade de oportunidades para homes e mulleres desde o nacemento, abordáronse tanto os aspectos cualitativos como os cuantitativos destes servizos.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo a información da propia Consellería de Política Social, as escolas infantís da rede “A Galiña Azul” están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, tratándose dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.

No caso do concello de Guitiriz este servizo non existe, pese á existencia dun elevado número de nenas e nenos que resultarían potenciais usuarios cos beneficios indiscutibles tanto para eles como para as súas familias. Así, e segundo datos do Instituto Galego de Estatística a día 28 de xaneiro de 2021, hai 24 nenas e nenos menores dun ano, 48 menores de 2 e 24 menores de 3, é dicir, 96 nenas e nenos que poderían beneficiarse deste servizo.

Recentemente, a alcaldesa deste concello presentou ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un proxecto valorado en 478.766,75 euros para construír unha escola infantil de 0 a 3 anos con 3 unidades. Esta demanda, que xa acadara o compromiso de ser atendida no ano 2019, faise sobre a necesidade real de ampliar o actual Punto de Atención á Infancia (PAI) que ten só 20 prazas e unha ampla lista de agarda, consecuencia lóxica do número de potenciais usuarios e as prazas ofertadas.



O concello viuse obrigado a presentar este proxecto toda vez que dende que no ano 2019, no que os técnicos da Consellería de Política Social concluíron que o actual PAI non era ampliable e, polo tanto, era preciso construír un novo edificio, ningún avance se produciu.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Consellería de Política Social a problemática existente no Concello de Guitiriz coa insuficiencia de prazas para as nenas e nenos de educación infantil de 0 a 3 anos?

2ª) Vai a Xunta de Galicia iniciar as actuacións necesarias, en diálogo co Goberno local do concello de Guitiriz, para resolver ese problema?

3ª) Que valoración fai da proposta presentada polo Concello de Guitiriz para a construción dunha nova escola de educación infantil?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:23:54

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 13:24:06

Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 13:24:21



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi presentado en setembro do ano 2016 e elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa se indica que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Como é lóxico, se prevé un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Este Grupo Parlamentario presentou diversas iniciativas ao longo da pasada lexislatura no Parlamento de Galicia para coñecer a avaliación do plan dende o seu primeiro curso de vixencia (2016-2017). Todas cantas veces foron debatidas proposicións non de lei foron rexeitadas pola maioría absoluta do Partido Popular, co incoherente argumento de que a avaliación realizaríase ao remate do plan, eliminado deste xeito a necesidade da máis que acreditada conveniencia de levar a cabo a avaliación de implementación como procede en calquera política pública.

Considerando que o horizonte temporal que comprendía a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia eran os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que todos eles remataron, semella que os febles argumentos empregados para rexeitar a avaliación do plan carecían xa de sustento.



O último esperpento argumental relacionado con este asunto tivo lugar na comisión 4ª de Educación e Cultura celebrada o día 29 de decembro de 2020, cando no debate dunha proposición non de lei deste grupo parlamentario na que se pedía que a Xunta de Galicia presentase no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro trimestre do ano 2021 a avaliación do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, xunto co gasto dedicado por cada unha das consellerías en cada curso a dito plan, o Grupo Parlamentario Popular posicionouse en contra co argumento de que non ían cambiar de opinión con respecto ás veces anteriores que votaron en contra.

Esta inexplicable actitude obrigou a este Grupo Parlamentario a formular preguntas de xeito individual sobre os indicadores asociados a cada unha das medidas previstas no plan, o que se podería ter evitado cun mínimo de transparencia por parte da Xunta de Galicia.

Lamentablemente, e amosando unha falla de respecto ao Parlamento de Galicia que debe recibir reproche a todas luces, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 186, do 12 de agosto de 2021, no fascículo 2, entre as páxinas 70.063 e 70.414 figuran as respostas ás preguntas formuladas, todas elas con idéntico contido pese a que se refiren a preguntas diferentes. En resumo, 352 páxinas nas que se constata, unha vez máis, que o plan ao que se fai referencia foi un fracaso xa que do contrario o potente aparato de propaganda governamental tería trasladado os éxitos con todo detalle, detalle que, aínda *grosso modo*, nega a este grupo parlamentario.

Se todo o anterior non fose suficientemente grave, as respostas recibidas ás preguntas que se formulaban, en concreto sobre “os resultados da avaliación dos indicadores reflectidos no plan de seguimento e sistema de avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación correspondente ao seu remate e o investimento realizado nel” non poden ser máis reveladoras, xa que afirman que “A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con números 8693, 8694, 8695, 8696, 8697, 8698, 8699, 8700, 8701, 8702, 8777, 8778, 8779, 8780, 8781, 8782, 8783, 8784, 8785, 8786, 8864, 8865, 8866, 8867, 8868, 8869 e 8870”. Resulta evidente que nas 352 páxinas de Boletín Oficial do Parlamento de Galicia ás que se fixo referencia non hai ningunha afirmación que se poida interpretar, nin sequera tanxencialmente, como resposta nin ao prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación do plan nin do investimento realizado.



Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020?

2ª) Cal foi o investimento total realizado na implementación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:25:01

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:25:14



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Begoña Rodríguez Rumbo e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22 establece no seu punto décimo cuarto, sobre a organización da oferta nos centros docentes (relativo ás ensinanzas de bacharelato) que:

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.

O alumnado de segundo curso de bacharelato que opte pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais deberá cursar a materia de Historia da Filosofía.

2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnas e/ou alumnos para poderen ser impartidas.
3. O alumnado cursará no segundo curso un mínimo de dúas e un máximo de tres materias de entre as materias específicas de elección. Dentro deste grupo de materias os centros ofertarán obrigatoriamente a materia de Historia da Filosofía para o alumnado das modalidades de ciencias e de artes, e será de libre elección para o alumnado.

Para os efectos desta epígrafe, o alumnado poderá cursar como materias específicas dúas materias troncais non cursadas.

A impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnas e/ou alumnos.

Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos que, en ningún caso, será inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, logo do informe da Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 10 de setembro.



Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.

4. Cando un centro docente non poida ofrecer algunha materia troncal de opción, facilitará ao alumnado que a curse noutro centro próximo, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan, ou a través das ensinanzas de persoas adultas, en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia. En calquera caso, contará coa autorización das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, cando se trate de alumnado menor de idade.

Á súa vez, o Decreto 86/2015 establece que para o caso do segundo curso de bacharelato na modalidade de Ciencias o alumnado cursará dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química e na modalidade de Humanidades e ciencias sociais, dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior: Economía da Empresa, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Todo o exposto ata este momento sería suficiente para poñer de manifesto a incongruencia existente na normativa, que por un lado fala de establecer determinadas excepcións que pretenden garantir unha oferta suficiente no caso de centros con pouco alumnado e, por outro, limita esa posibilidade.

No caso do IES de Melide a comunidade educativa está a mobilizarse xa que o día 6 de setembro tiveron coñecemento de que o alumnado matriculado no 2º curso de bacharelato non poderá cursar as materias de Debuxo técnico II, Grego II, Física, Historia da arte, Xeoloxía e Latín por non acadar un número suficiente de alumnos. Atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións; a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda.

O verdadeiramente inverosímil do caso é que este centro conta con profesorado que podería impartir ambas materias e que, polo tanto, non suporía en ningún caso incremento de docentes e a redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.

Ademais, e pese á existencia de fondos para manter o profesorado (828.381,840 € que lle corresponden a esta Comunidade Autónoma segundo o *Real decreto 684/2021, do 3 de agosto, polo que se establecen a distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021*), a Consellería de



Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por unha innecesaria redución de docentes e oferta educativa nos centros e volver á situación anterior á do curso 2002/21 o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que resulta razoable que non se autorice a impartición de materias existindo profesorado suficiente no centro?

2ª) Cre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que situacións como a descrita no IES de Melide poñen en evidencia que se dan situacións que afondan na desigualdade de oportunidades entre o alumnado?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:25:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 13:26:09

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:26:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área metropolitana da Coruña segue agardando por actuacións que permitan unha mobilidade adaptada aos tempos actuais, que se adapte ao seu crecemento urbanístico, que conecte os seus polígonos industriais, que permitan desprazamentos sostíbeis e que teña uns estándares equilibrados para os homes e mulleres que a diario se moven entre concellos sexa cal sexa o medio de transporte que usen. A rede viaria metropolitana é insuficiente e caótica o que fai que non haxa unha mobilidade sustentábel, vertebradora o que en moitos casos dificulta as relacións sociais mais crea moitos problemas na actividade económica e empresarial

Desde a presentación en maio de 2001 do “Plan Sectorial da Rede Viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros”, promovido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda até a actualidade ten transcorrido un longo camiño de 20 anos que se converten nun magnífico tempo perdido para actuar en positivo neste necesario polo de impulso socioeconómico para unha comarca densamente poboada como é a da Coruña.

Finalmente, tras sucesivas mudanzas, foi en setembro de 2004 cando, sendo Conselleiro de Política Territorial o Sr. Feijóo e director o Sr. Agustín Hernández,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publícase no DOG a resolución “Pola que se fai publico o acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que se aproba definitivamente o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo)”.

Mais ese plan sectorial deixa en suspenso o trazado do vial 13 (Vía Ártabra) dicindo o seguinte no 1.4: “Déixase en suspenso o trazado do treito da vía 13 conexión A9/A6/N-VI (Cambre-Oleiros) comprendido entre a estrada AC-221 (acceso ao polígono de Cambre) e a A6. O Planeamento de Cambre deberá incluír unha solución que una o polígono de Cambre coa A6, con características VR-80 entre o polígono e a AP-9 e, con características de C-80 e accesos controlados entre AP-9 e a A6.”

Desde ese momento moitos foron as mudanzas e cambios de criterio por parte da Xunta incluídos incumprimentos coas alternativas que se lle pediran no seu momento á corporación municipal mencionada con anterioridade. O certo é que en Agosto de 2009 a Xunta aproba un proxecto en que desaparece a conexión da Vía Ártabra coa AP 9 coa A-6 unha proposta que fora consensuada con todos os concellos da área metropolitana.

A finais de febreiro do 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra co anuncio da licitación do tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses, dando comezo no verán do mesmo ano. O certo é que o proxecto chega con polémica pola afectación a unha zona natural, todo isto a pesares de existir outras alternativas con menor impacto e tamén porque ao non facerse a conexión coa A 6 perde o seu verdadeiro obxectivo que é vertebrar a mobilidade en toda a área.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E nesta altura, en pleno verán de 2021, coas obras proceso e coa consecuente afectación na mobilidade viaria e na seguridade, os medios de comunicación informan da parálise total das obras até a vindeira primavera de 2022.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade afirma que se debe, por unha banda, «ás afeccións das liñas de gas e de media tensión» e, pola outra, “á falta de permiso para continuar coa conexión coa autoestrada de titularidade estatal», algo que coñecían desde o ano 2017 xa que segundo se fixo público había un informe do Ministerio de Fomento a este respecto onde se dicía que tendo en conta que era preciso modificar o actual contrato co titular da concesión na actuacións coa AP9, sería preciso subscribir, con carácter previo á execución das obras, un convenio entre as administracións implicadas (Fomento, Xunta e Audasa).

Un argumentario que, ao entender do grupo parlamentario do BNG, visibiliza o alto grao de improvisación con que actúa o goberno do PP na Xunta de Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Como xustifica o goberno que nun proxecto coma este non se contemple previamente nos estudos unha liña de media tensión e unha canalización do gas?

. Dispón a Xunta do acordo e autorización do Estado para conectar esta vía coa AP-9?

. Comezou a Xunta as obras con plena seguridade a respecto dos necesarios procedementos previos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como pensa resolver agora a afectación negativa que esta parálise das obras provoca?

. Prevé favorecer a mobilidade intercomarcal cun reforzo do servizo de transporte metropolitano público para evitar maiores problemas de circulación na zona afectada?

. Cando se vai comezar a conexión coa A-6 ?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 13:38:46

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 13:38:58

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:39:03



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No ano 2009, e co primeiro goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditou unha instrución o 14 de maio de 2009 na que se establecían novos criterios para o agrupamento de alumnos de educación infantil e primaria, nas que se pretendía que na educación primaria se agruparían alumnos nun único grupo sempre que o número fose igual ou inferior a quince.

Ante o rexeitamento xeral desta instrución, que modificaba o marco establecido ata ese momento, a propia Dirección Xeral modificou este criterio e chegou a un acordo que entendemos vixente neste momento, no mes de xullo de 2009, no que se establece que:

1. Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente ao mesmo ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a catorce.
2. Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a doce.
3. Poderase agrupar todo o alumnado de Educación Primaria nunha mesma unidade cando o número de alumnos sexa igual ou inferior a dez.

Dende o concello das Nogais nais e pais de alumnos do único CEIP do concello trasladouse a este grupo parlamentario que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade se ten agrupado todo ao alumnado de educación primaria nun único grupo cun total de 13 alumnos. Esta situación resulta inasumible por canto este centro tivo no curso pasado dous grupos de educación primaria (agrupando 1º, 2º e 3º e 4º, 5º e 6º) e existen fondos para manter o profesorado (828.381,840 € que lle corresponden a esta Comunidade Autónoma segundo o *Real decreto 684/2021, do 3 de agosto, polo que se establecen a distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da*



dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021); a Consellería de Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por unha innecesaria redución de docentes e oferta educativa nos centros e volver á situación anterior á do curso 2002/21 o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable, afondando, ademais, na redución de servizos públicos nos ámbitos rurais.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Estanse a aplicar na Comunidade Autónoma de Galicia os criterios para agrupar alumnos de educación primaria conforme ao acordo de xullo de 2009, mantendo *de facto* os ciclos preexistentes nesta etapa educativa?
- 2ª) Se non se están aplicando, existen instrucións escritas para que tanto a Inspección de Educación como os centros educativos dispoñan de criterios obxectivos para a súa aplicación?
- 3ª) Entende a Xunta de Galicia que de aplicar o acordo o CEIP das Nogais debería contar con dúas unidades de educación primaria e non cunha única unidade como está a suceder?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:26:58

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 13:27:11

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:27:25



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Martín Seco García e Noa Díaz Varela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Pese aos discursos triunfalistas e de normalidade que exhibe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cada inicio de curso, o certo é que este está a ser particularmente complexo, toda vez que se constata por toda a comunidade autónoma un retroceso na prestación de servizos públicos educativos: diminución de profesorado, quebra da igualdade posibilidades de formación en entornas rurais e, tamén, na prestación de servizos educativos complementarios, nomeadamente do comedor escolar.

Este é o caso do CEIP Canosa-Rus de Coristanco no que se están atopando con limitacións impostas de forma arbitraria para que se atendan todas as solicitudes de praza que se presentaron ao comedor escolar, sen que exista ningún motivo para deixar a ningún neno ou nena fóra deste servizo, polo que resulta incomprensible que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade non estea atendendo todas as demandas.

A Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022 determina para este centro 166 prazas totais e 10 vixiantes.

Pero o certo é que, nesta data, quedan sen poder acceder ao servizo de comedor escolar preto dunha vintena de alumnos e, incluso, a situación é aínda máis grave tendo en conta que parte do profesorado e dos coidadores amosaron a súa disposición a renunciar a comer alí para que se puidesen atender todas as demandas.

Entendemos que resulta inadmisíbel que a prestación dun servizo fundamental para a conciliación da vida familiar e laboral como é o comedor escolar dependa dun escenario tan inflexible, que o único que consegue é evidenciar que o Goberno da Xunta de Galicia carece do necesario compromiso para loitar contra o despoboamento e que nin sequera é capaz de garantir que as nenas e nenos dos



municipios rurais teñan acceso a un servizo, como é o do comedor escolar, que resulta esencial.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha política coherente que existindo a posibilidade de atender todas as demandas de alumnado para o comedor escolar do CEIP Canosa-Rus de Coristanco queden alumnos sen poder acceder a esta servizo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:28:03

Martín Seco García na data 12/01/2022 13:28:17

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:28:31



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os primeiros meses deste ano tivo lugar unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras coñecer a intención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de proceder á unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade.

Este asunto tamén foi obxecto de preocupación deste grupo parlamentario que presentou diversas iniciativas, tanto preguntas ao Sr. conselleiro como de proposicións non de lei nas que se pedía que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro, dado que o número de alumnos se situaba seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as iniciativas encamiñadas a manter o centro en funcionamento foron rexeitadas cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que deste xeito deu cobertura a unha proposta que partiu do alcalde deste municipio que sempre consideramos, xunto coas nais e pais do alumnado do CEIP de Baamonde e veciños, fondamente carente de fundamento.

O certo é que o CEIP de Baamonde foi pechado e o seu alumnado trasladado ao CEIP Virxe do Corpiño, ofertando como é obrigado o servizo de transporte e comedor escolar.

Non obstante, hai un colectivo de nais e pais de alumnos que optaron por matricular aos seus fillos no CEIP Santo Estevo de Parga no concello de Guitiriz, situado a 9 quilómetros de Baamonde, distancia practicamente idéntica á existente a Begonte.

Sabemos que o alumnado que se escolariza en centros que non lle corresponden por segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas



territoriais, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos pola consellaría.

Pero tamén sabemos que por Baamonde circula unha liña de transporte escolar para o alumnado da parroquia de Pígara, que pertence ao concello de Guitiriz, ao CEIP Santo Estevo de Parga. O alumnado desta parroquia viña asistindo, dada a súa proximidade, ao CEIP de Baamonde e a Xunta de Galicia, na súa magnanimidade, garántelles este curso o transporte a calquera dos centros de Guitiriz ou Begonte.

Finalmente, sabemos que unha mínima parte desa magnanimidade sería suficiente para permitir que o alumnado de Baamonde matriculado en Parga puidese facer uso dese transporte, dado que non se trata de ofertar un novo servizo nin supón ningún incremento de custo.

A única explicación razoable a esta situación é que, de maneira inaceptable, a Xunta de Galicia segue a dar cobertura ás maneiras máis propias de tempos pretéritos que ten amosado o alcalde de Begonte diante dos seus veciños. Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal é a xustificación que ten a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para non permitir que o alumnado de Baamonde que se escolariza no CEIP Santo Estevo de Parga faga uso do transporte escolar xa existente e que no seu percorrido pasa por Baamonde?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:29:16

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:29:27



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante os primeiros meses deste ano tivo lugar unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras coñecer a intención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de proceder á unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade.

Este asunto tamén foi obxecto de preocupación deste grupo parlamentario que presentou diversas iniciativas, tanto preguntas ao Sr. conselleiro como de proposicións non de lei nas que se pedía que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro, dado que o número de alumnos se situaba seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as iniciativas encamiñadas a manter o centro en funcionamento foron rexeitadas cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que deste xeito deu cobertura a unha proposta que partiu do alcalde deste municipio que sempre consideramos, xunto coas nais e pais do alumnado do CEIP de Baamonde e veciños, fondamente carente de fundamento.

O certo é que o CEIP de Baamonde foi pechado e o seu alumnado trasladado ao CEIP Virxe do Corpiño.

Neste momento, xa iniciado o curso, non semella que exista ningún avance coñecido sobre o futuro uso das instalacións do centro.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten solicitado o Concello de Begonte a desafectación parcial ou completa do CEIP de Baamonde?



2ª) Ten trasladado o Concello de Begonte algunha solicitude para a autorización dun conservatorio profesional de música nas instalacións do CEIP de Baamonde?

3ª) Se a ten trasladado, quen sería o titular dese conservatorio profesional de música?

4ª) Ten trasladado o Concello de Begonte á Consellería de Cultura, Educación e Universidade algún proxecto ou planificación sobre os usos das instalacións do CEIP de Baamonde?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:30:05

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:30:17



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O catálogo de estradas da rede autonómica de estradas de Galicia (Raega) publicado en xuño de 2021 e conforme ao Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, establece tres categorías funcionais das estradas, as da rede estruturante, as da rede complementaria e a rede local.

A rede complementaria está formada polas estradas que, xunto coa rede de estradas do Estado e a rede estruturante, conectan os nodos para o equilibrio do territorio entre si e coas anteditas redes. Tamén se establecen outras características para que unha estrada sexa considerada como pertencente a esta rede.

Por outro lado, a rede local está formada por todas as estradas non incluídas na rede de estradas do Estado, na rede estruturante ou na rede complementaria.

No caso da estrada LU-710, que une Baralla e O Cádavo atopámonos con dúas clasificacións:

- 1) Un primeiro tramo entre Baralla (na N-VI) e Neira de Rei (na A-6) de 4,38 quilómetros de lonxitude, que ten categoría de local.
- 2) Un segundo tramo, que une Neira de Rei (na A-6) e O Cádavo (ata a estrada Lu-530) de 11,75 quilómetros de lonxitude, que ten categoría de complementaria.

A anterior clasificación obedece, sen dúbida, a darlle formalidade a unha situación que sofren historicamente os veciños de Baralla: o diferente estado dos dous tramos nos que a Xunta de Galicia ten dividida esta estrada.

O certo é que este asunto foi obxecto de preocupación e interese por parte do Grupo Parlamentario Socialista que ten rexistrado nos últimos anos diversas iniciativas para impulsar unha solución definitiva a este grave problema.



A finais do ano 2017 o Goberno da Xunta de Galicia respondeu a este grupo parlamentario que a Axencia Galega de Infraestruturas tiña detectado a necesidade de acondicionar a estrada LU-710 no seu tramo inicial, comprendido entre o punto quilométrico 0+000 (na localidade de Baralla) e o punto quilométrico 4+500 (próximo ao enlace coa A-6). En concreto, e principalmente, no relativo ao ensanche da plataforma existente e as modificacións do trazado en curvas ou en rasante.

Catro anos despois desta resposta nada parece ter avanzado, descoñecendo por completo cales son as previsións temporais, técnicas e orzamentarias para resolver un problema para o que xa, no ano 2010, o ex conselleiro de Infraestruturas, Agustín Hernández, se comprometera a facer as obras necesarias e garantir que tiveren as mesmas características que o tramo Neira de Rei a O Cádavo.

O único que parece ter avanzado o Goberno da Xunta de Galicia é un proxecto aínda descoñecido e que se vincula á existencia de orzamentos procedentes dos fondos *Next Generation* por un importe de 2,3 millóns de euros.

O anterior, sen saber neste momento se tal posibilidade se vai materializar, semella un argumento pouco sólido e que busca responsabilizar ao Goberno do Estado ante unha posible falla de financiamento por esa vía; estratexia que busca enganar á opinión pública de Baralla na liña seguida polo Partido Popular de Galicia: se as cousas se conseguen é porque o Goberno da Xunta de Galicia o fixo posible e, se non se conseguen, sempre hai un culpable externo que, neste caso, sería o Goberno do Estado.

En todo caso, recoñecida dende o ano 2010 a necesidade de acometer as actuacións precisas neste tramo na LU-710, entendemos que con fondos *Next Generation* ou sen eles, é irrenunciable levalas a cabo de xeito inmediato.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o contido do proxecto no que está a traballar a Xunta de Galicia para o arranxo da estrada LU-710 entre o enlace coa A-6 e Baralla?
- 2ª) Cal é o investimento previsto?
- 3ª) Que prazo de inicio das obras prevé a Xunta de Galicia?
- 4ª) Cal é o prazo de execución das actuacións?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:45:48
Nº Rexistro: 27610
Data envío: 12/01/2022 13:45:48,398

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:31:01

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 13:31:13



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O IES de Fene oferta ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao básico e medio e educación secundaria para persoas adultas. Trátase, polo tanto, dun centro educativo cunha ampla oferta e que, ademais, no caso das ensinanzas de formación profesional imparte unha oferta importante no contexto industrial do concello de Fene.

Ao anterior debe engadirse que segundo datos do Instituto Galego de Estatística deste ano, hai 659 habitantes con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos, o que dá boa proba do dinamismo demográfico deste concello.

Este centro educativo, como tantos da Comunidade Autónoma de Galicia, atende a poboación rural o que supón a necesidade de contar co servizo de transporte escolar.

A anterior situación non xeraría problemas de ter mantido a Consellería de Cultura, Educación e Universidade as competencias completas sobre o transporte escolar, pero na actualidade, e con parte dese servizo baixo a competencia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dá lugar a situacións que comprometen o acceso a este servizo ao alumnado, o que supón a perda da asistencia ás clases de forma regular e garantida, o que compromete o proceso educativo do alumnado.

No caso deste centro hai cinco liñas de transporte escolar: tres delas, as correspondentes ás parroquias de Limodre, Maniños, Magalofes e Barallobre dependen da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e transportan alumnado da educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e outras dúas que pertencen ás rutas do servizo regular de transporte de viaxeiros por estrada, que percorren os concellos de Narón, Neda e Fene logo de saír da estación de autobuses de Ferrol.



É nestas últimas liñas nas que se dá o problema frecuente de insuficiencia de prazas para o alumnado. E esta situación está a darse dende que en decembro do ano 2020 se fixo cargo destas liñas a UTE Hércules Norte.

Trátase dun problema do que viñamos advertindo dende hai meses e que ten a súa translación a este caso concreto, caso que debe ser resolto de xeito inmediato polo goberno da Xunta de Galicia porque, máis alá de competencias de consellerías concretas, é un problema da cidadanía en xeral e da poboación escolar do concello de Fene en particular.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para resolver de xeito inmediato a insuficiencia de prazas no transporte escolar do alumnado do IES de Fene nas liñas que dependen das concesións realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, garantindo ademais o dereito ao transporte escolar gratuíto para o alumnado de bacharelato e formación profesional?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:31:53

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 13:32:05

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2022 13:32:19



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos vén de publicar unha declaración en defensa do estudo das Humanidades en xeral e das materias de estudos clásicos en particular, que contén os seguintes puntos:

1. Nunha sociedade cada vez máis dominada pola tecnoloxía e a practicidade inmediata, é necesario posibilitar e fomentar o estudo das Humanidades nos diferentes niveis de ensino como aspecto fundamental na formación de todo ser humano.
2. Como parte esencial e prioritaria dos estudos humanísticos é imprescindible garantir e fomentar o estudo das materias de Cultura Clásica, Grego e Latín, dado que as linguas e a cultura clásicas son a base das nosas linguas e da nosa cultura.
3. O ensino das Humanidades e dos Estudos Clásicos debe estar garantido en todos os lugares do territorio, especialmente na contorna rural, para dar cumprimento ao dereito de igualdade de oportunidades.
4. Débese apoiar o movemento internacional recollido na proposición non de lei aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados o 27 de febreiro de 2019 que ten como obxectivo último a declaración por parte da Unesco do Grego Antigo e do Latín como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

Entendemos que esta declaración, ademais de conter afirmacións das que resulta imposible discrepar, recolle a preocupación existente nesta sección e en varios centros docentes da nosa comunidade autónoma pola situación que se dá dende o inicio deste curso, logo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade impedisese cursar as materias de latín e/ou grego nos estudos de bacharelato a alumnado que así o desexaba, por non acadar un número de alumnos suficientes.



Particular gravidade ao anterior engade o feito da existencia de profesorado nalgúns deses centros para impartir esas materias ao que non se lle permite algo tan xusto é lóxico como é dar clases da súa especialidade docente.

Atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións: a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda. Unha realidade que pon de manifesto a quebra da igualdade de oportunidades entre o alumnado en función, neste caso, da radicación dos centros.

Estas situacións son contrarias á normativa xa que estamos a falar de materias troncais que, conforme ao establecido no *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, tratan de garantir os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar con aproveitamento as etapas posteriores.

Resulta moi pertinente crear un escenario coa existencia da flexibilidade suficiente que antepoña o interese do alumnado ao cumprimento de obxectivos de contención de gasto, que é exclusivamente a razón existente detrás das decisións que se adoptaron, por primeira vez, este curso. Non son coherentes as xustificacións dadas polos responsables políticos educativos da previsión normativa sobre un número mínimo de alumnos xa que tal previsión é idéntica á existente en cursos previos sen que se aplicasen co rigor do curso actual.

Pero non todo se reduce ás restricións deste curso. A importancia das linguas clásicas na formación do noso alumnado como recolle a declaración da sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos, ademais de resultar incuestionable, require a adopción de medidas que fomenten o seu coñecemento, recoñecemento e estudo por parte do noso alumnado.

Certamente, o compromiso da Administración é imprescindible e existen políticas de impulso, como a campaña de fomento da formación profesional e das ensinanzas especiais dotado orzamentariamente cada ano nos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que poñen de manifesto que é posible realizar actuacións e que o que se require é o impulso político para levalas a cabo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a posibilidade de flexibilizar a normativa para facilitar que a posibilidade de cursar as materias de linguas clásicas non dependa dun número mínimo de alumnos, dado o seu carácter troncal nos estudos de bacharelato e a necesidade de manter a igualdade de oportunidades entre o alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia?

2ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade oportuno desenvolver actuacións, en colaboración coas universidades galegas, para o impulso do recoñecemento e importancia que para a nosa cultura teñen as linguas e a cultura clásicas e o fomento do seu estudo nos centros de ensino secundario galegos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:33:05

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:33:17



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Consello da Xunta de Galicia do 18 de novembro de 2021 autorizou a sinatura dun convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Begonte para consolidar o proxecto de escola musical mancomunada que impulsa a asociación Músico Crisanto.

Segundo a información trasladada, o proxecto permitirá acondicionar as antigas instalacións do CEIP de Baamonde como escola de música e conservatorio nun proxecto por importe de algo máis dun millón de euros, xa que o orzamento será financiado a partes iguais pola Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Cultura, achegando cada unha un importe de 349.312,89€.

Ademais das múltiples xustificacións que amparan esta decisión, como que Begonte se atopa no Camiño de Santiago ou que existe o obxectivo de consolidar unha escola de música que xestionará a asociación Músico Crisanto, e que veñen a compoñer un marco certamente ecléctico, seguimos a considerar que se trata de dar cobertura a unha decisión que consideramos desafortunada.

O certo é que en Galicia hai 7 conservatorios profesionais de música que dependen directamente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e que están nas sete principais cidades (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e outros 27 que dependen da Administración municipal situados nos concellos de Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Carballo, Culleredo, Melide, Noia, Ribeira, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro, Celanova, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ribadavia, Verín, Xinzo de Limia, A Estrada, A Guarda, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Ponteareas, Redondela, Tui e Vilagarcía de Arousa.

Estes conservatorios que dependen dos concellos supoñen unha carga moi importante nos orzamentos municipais e suplen a deficiente atención que a Administración autonómica presta á formación musical do alumnado, situación á que parece querer poñer remedio no caso do concello de Begonte a Xunta de Galicia, discriminando de forma evidente ao resto dos concellos que xa teñen conservatorios profesionais de música dependentes deles.

Cómpre lembrar que a X Asemblea Xeral da Fegamp celebrada en Santiago de Compostela o día 29 de novembro de 2019 adoptou como resolución trixésima “Instar a Xunta de Galicia para que asuma os servizos da súa competencia actualmente prestados



polas entidades locais como poden ser as Unidades Municipais de asistencia á drogodependencia (UMAD) e os conservatorios profesionais de ensinanza media.”

O certo é que a decisión tomada pon de manifesto a posibilidade de acometer fondas transformacións nas políticas educativas relativas aos conservatorios profesionais de música que dependen dos concellos, xa que o contrario situaría a decisión nun ámbito de arbitrariedade dificilmente asumible na xestión pública dos recursos económicos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Ten intención a Xunta de Galicia a iniciar, de xeito inmediato, negociacións coa Fegamp para dar cumprimento á resolución adoptada na X Asemblea Xeral para que asuma os servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais relativos aos conservatorios profesionais de música?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:33:57

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:34:11



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A deficiencia auditiva inflúe na personalidade do suxeito no seu conxunto e afecta a áreas tan importantes como a comunicación, a linguaxe, a socialización, os procesos cognitivos e a memoria. A deficiencia auditiva repercute negativamente no progreso académico e limita de forma importante aos nenos e nenas e adolescentes en idade escolar.

O alumnado con deficiencia auditiva conserva totalmente as súas potencialidades intelectivas. É capaz e intelixente pero necesita aprender a pensar e dispoñer de ferramentas que poida manexar. Necesita información, experiencia, un sistema simbólico de calidade que lle permita formalizar o seu pensamento e interactuar cos demais e poder utilizar estratexias de pensamento e de acción-execución.

O Sistema Nacional de Indicadores da Educación 2021, publicado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, indica que o 4,4 % do alumnado con necesidades educativas especiais presenta deficiencia auditiva, cifra que pon de manifesto a importancia desta realidade e a necesidade de afrontar, con políticas educativas sólidas, respostas eficaces.

Pese aos discursos triunfalistas e de normalidade que exhibe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cada inicio de curso, o certo é que este está a ser particularmente complexo, toda vez que se constata por toda a comunidade autónoma un retroceso na prestación de servizos públicos educativos: diminución de profesorado, quebra da igualdade de posibilidades de formación en entornos rurais e, tamén, na atención á diversidade.

De pouco serven os datos sobre integración do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios, nos que efectivamente Galicia presenta a porcentaxe máis elevada de todo o Estado (un 93 %), se esa integración no se leva a cabo en condicións axeitadas.

Pese á existencia dun protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva, publicado no seu momento pola Administración educativa galega, e que recolle aspectos relativos tanto á planificación educativa a nivel de centro como á presenza de intérpretes de lingua de signos e mestres especialistas en audición e linguaxe, a resposta que se está a dar a este alumnado dista moito de ser axeitada.



Recentemente, a Asociación de Pais e Nais de Nenos Xordos de Galicia tense manifestado publicamente fronte aos recortes en persoal para a atención a este alumnado, indicando que *“A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas e cando se trata de persoas con discapacidade os apoios e recursos que fagan efectiva a inclusión real para un adecuado desenvolvemento educativo non poden ser recortados para colocar aos menores con discapacidade nunha situación de involución e exclusión educativa con todas as consecuencias cognitivas e emocionais que carrexan a ausencia dos devanditos recursos.”*

Esta declaración ten a súa orixe nos recortes en persoal experimentados este curso, no que comprobamos que existe un retorno ás condicións aínda máis restritivas en canto á prestación do servizo público educativo, convertido, como nos anos posteriores á crise de 2008, nun elemento de aforro e contención do gasto.

Como dato relevante de que as queixas do colectivo teñen unha base real, os orzamentos do ano 2021 da Xunta de Galicia prevén a contratación de 50 intérpretes de lingua de signos para todos os centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e o proxecto de orzamentos para o ano 2022 prevén a contratación de 53.

O anterior trasládase, curso a curso, en tensións entre as familias que demandan unha correcta atención ás necesidades dos seus fillos e fillas e a resposta que dá a Administración educativa, o que evidencia a existencia de necesidades sen atender e, en consecuencia, un amplo espazo de mellora.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Que actuacións ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar os mestres especialistas en audición e linguaxe e intérpretes de lingua de signos nos centros públicos coa finalidade de acadar a inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros ordinarios en condicións que permitan o máximo desenvolvemento das súas capacidades, dando resposta ás demandas que se acrediten nos ditames de escolarización nos que se xustifique a necesidade deses recursos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:34:47

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:34:59



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 4 de xuño) establece no seu artigo 10, sobre as sesións de avaliación, nos seus apartados 2 e 3 o seguinte:

2. As sesións de avaliación final ordinaria do alumnado da educación secundaria obrigatoria e do primeiro curso do bacharelato, así como a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica deberán realizarse a partir do día 6 de xuño de 2022.

3. Deberán realizarse a partir do día 23 de xuño de 2022 as sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica; as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica, e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional.

O día 17 de novembro de 2021 publícase o Real decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Este Real decreto, no relativo á Educación Secundaria Obrigatoria, establece no seu artigo 10.5 sobre a avaliación que con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente levará a cabo a avaliación do alumnado de forma colexiada nunha única sesión que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

É sobradamente coñecida a frontal oposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a calquera aspecto relacionado co desenvolvemento da lexislación educativa que proveña do Ministerio de Educación e Formación Profesional, nunha deriva que ten máis de sectario que de postura proactiva, buscando problemas onde non existen ou magnificando calquera desencontro para impedir solucións razoables que permitan un funcionamento normal do sistema educativo galego.

Nas notas de prensa que publica a páxina web da Administración educativa autonómica encontramos declaracións que evidencian a nula disposición desa Administración a



adaptarse ás novas circunstancias e adoptar medidas absolutamente razoables como a modificación do calendario escolar.

Por parte de diversas asociacións de nais e pais se teñen feito manifestacións a favor desa modificación e tamén por parte de sindicatos do ensino, logo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade manifestase na súa páxina web que:

“As avaliacións do terceiro trimestre mantéñense a principios de xuño e a actividade lectiva nas aulas en Galicia esténdese ata o día 21 de xuño, tal e como xa estaba configurado. A partir do 21 de xuño, unha vez rematadas as clases, os equipos docentes deberán reunirse para emitir a avaliación do conxunto do curso escolar cun informe individualizado por alumno tendo en conta os resultados e a traxectoria académica do conxunto do período lectivo.

O período entre a terceira avaliación e o remate de clases para a posterior avaliación final vaise empregar para apoio e reforzo para o conxunto do alumnado, de xeito que aquel que o precise adquira as competencias básicas e o resto poida seguir tamén avanzando no seu conxunto, acadando así un mellor resultado”

Ante esta situación é urxente modificar o calendario escolar, polo que preguntamos:

Cal é o motivo polo que non se modifica a Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de adecuar a organización escolar ao establecido no Real decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional, optimizando dese xeito os días lectivos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:35:39

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 13:35:52



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A pandemia provocada pola Covid xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á Covid, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á Covid, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou minguados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual.

Non está sendo así en Ferreira de Pantón, onde os veciños e veciñas da vila viron nos últimos tempos como se reduciron á metade os facultativos dispoñibles no seu centro de saúde (de 4 a 2). Unha xubilación non cuberta e un traslado non substituído son a folla de servizo do Sergas no caso deste concello que ve como a xestión do sistema está deixando cunha mingua capacidade asistencial a esta poboación.

A presumida aposta polo rural evidénciase unha mera campaña publicitaria con pés de barro nunha situación coma esta, onde os servizos fundamentais que poden contribuír a asentar poboación e fixar residencia de habitantes, non son tidos en conta nin mantidos coa garantía de eficiencia que deberían. A Xunta de Galicia anuncia que retomará a asistencia con 3 prazas de facultativo, pero non marca unha data que evidencie un compromiso, e a realidade é que a asistencia non está plenamente garantida nas condicións que están asignadas neste centro de saúde.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia repoñer o cadro de profesionais de atención primaria que ten asignados ao centro de saúde de Ferreira de Pantón e que agora está incompleto?

2ª) Que data marca o Goberno da Xunta de Galicia para que os veciños e veciñas de Ferreira de Pantón poidan dispor do servizo de atención primaria coa dotación asignada e axeitada?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:48:18
Nº Rexistro: 27618
Data envío: 12/01/2022 13:48:18.632

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 13:36:48

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 13:37:29

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 13:37:42



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos alude á importancia do control cidadán sobre a actividade gobernamental nunha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

No mesmo sentido, establece que os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

A dita lei establece no artigo 2 os principios reitores que se sinalan:

“a) Principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante e mais toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

b) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

c) Principio de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

d) Principio de veracidade, en virtude do cal a información pública será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.



e) Principio de responsabilidade, que supón que as entidades suxeitas ao disposto nesta lei son responsables do cumprimento das súas prescricións.

f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, que supón que as entidades suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei arbitrarán os medios necesarios para poñer á disposición da cidadanía a información pública na lingua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

g) Principio de reutilización da información, polo que se facilita a difusión dela en formatos abertos para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.”

Xa que logo, reforzar a transparencia do noso sistema político, ademais dun mandato legal, é unha das funcións mais salientable que debe cumprir o conxunto dos poderes públicos de Galicia, dando resposta á crecente demanda cidadán existente neste sentido.

É neste contexto no que se propugna esta iniciativa , que ten por obxecto que instar a Xunta de Galicia a creación da Oficina de Control Orzamentario, dotada da necesaria independencia respecto do poder executivo da Xunta de Galicia e co fin de garantir o necesario asesoramento parlamentario nas cuestións que fan referencia á execución orzamentaria, así como para afondar nas análises económico–financeiras nos traballos a desenvolver pola Cámara lexislativa galega.

Daríase resposta deste xeito á necesidade de articular no Parlamento de Galicia un mecanismo eficaz de asesoramento técnico que vén sendo demandado desde os diversos grupos parlamentarios, baseado nos principios de obxectividade, transparencia e independencia, e co obxecto de facilitar igualmente a información dispoñible para o conxunto da cidadanía galega.

Así, a Xunta de Galicia deberá en todo momento, vía informática, e por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados, informar ao Parlamento de Galicia da súa execución orzamentaria.

Entre as funcións asignadas a esta Oficina de control orzamentario estarían as de:



- a) Asesorar tecnicamente aos grupos parlamentarios en materia orzamentaria.
- b) Servir de apoio aos órganos da Cámara, aos grupos parlamentarios e a os deputados e deputadas no control continuado na fase de execución dos Orzamentos anuais da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico dependente dela.
- c) Informar aos grupos parlamentarios e aos deputados e deputadas, especialmente aos membros da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, da documentación relativa á aprobación, execución e liquidación do orzamento.
- d) Elaborar informes, comunicacións o resumes sobre a documentación á que se refire o apartado anterior, así como sobre a documentación de carácter económico e orzamentario recibida na Cámara, tanto por iniciativa propia da Oficina de Control Orzamentario, como por solicitude dos grupos parlamentarios ou da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.
- e) Facilitar aos grupos parlamentarios e á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a documentación suficiente que afecte a cada comparecencia con carácter previo.
- f) Asesorar á Ponencia da Comisión correspondente na tramitación do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.
- g) A información, asesoramento e apoio sobre calquera outra actividade parlamentaria de seguimento e control continuado do orzamento.

Ademais a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar tanta información considere e solicitar, no seu caso, as oportunas explicacións. Ao fronte deste departamento podería ser nomeado un director ou unha directora, entre persoas independentes e con experiencia nas disciplinas económicas e orzamentaria.

A creación desta Oficina de Control Orzamentario igualmente afondaría nos aspectos da información periódica de carácter orzamentario e financeiro que debe ser facilitada pola Xunta de Galicia, no tocante ao grado de execución das diversas partidas que conforman o gasto público, á vez que completa a información non soamente aos orzamentos limitativos da Administración xeral



autonómica e dos seus entes autónomos, senón para o conxunto do sector público galego, obtendo unha información máis ampla e integral.

Mais cando o conxunto de sociedades, entes de dereito público e fundacións do sector público, moven unhas dotacións de centos de millóns de euros, e dos que actualmente non se recibe información periódica no transcurso do correspondente exercicio económico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Considera a Xunta de Galicia que a creación dunha Oficina de Control Orzamentaria, independente do poder executivo e adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, contribuíría de xeito importante ao necesario control que a cidadanía, a través dos seus representantes, deben ter sobre as actividades do goberno, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 09:23:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 09:23:24



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Galicia viña experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada. A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte: En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.

En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10. Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) Cantos proxectos adicionais en Galicia están en marcha? Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros? Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes.



En setembro do 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos case 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos. Un aforro, que motivado pola crise da Covid-19.

A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento en Galicia, que atenda a captación externo como ao procedente do aforro dos galegos e das galegas?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:51:47
Nº Rexistro: 27627
Data envío: 12/01/2022 13:51:47.929

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 13:46:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 13:46:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa a coñecer as accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 24 de xuño 2021 aprobouse por unanimidade o seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado:

1.- O traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos, e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas.»





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso que non haxa máis demora neste traspaso de competencias, a integración dos servizos sanitarios dependentes de Institucións Penitenciarias no Servizo Galego de Saúde non é unha mera cuestión de distribución de competencias, trátase de mellorar a saúde das persoas presas e é recomendada por diversas disposicións internacionais. A transferencia tería efectos beneficiosos sobre a saúde da poboación reclusa.

En xeral as persoas presas adoitan ter unha saúde máis precaria que o resto da poboación, debido fundamentalmente á falta de servizos sanitarios de calidade, de probas diagnósticas rápidas e de tratamentos axeitados. Sen eses recursos, nas prisións moitas doenzas convértense en crónicas e ás veces terminan coa coa vida das persoas reclusas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que accións ten realizado a Xunta de Galiza para facer efectivo o acordo unánime da comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 24 de xuño 2021, demandando o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galiza para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde?

. Tense reunido a comisión para activar a transferencia?

. Hai algún cronograma para a efectivización da mesma? Cal é?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:42:13

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 09:42:18

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 09:42:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ven de denunciar o falecemento o pasado 16 de setembro dun doente mentres era trasladado ao hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria, ademais de contar unicamente cun condutor.

Segundo a información facilitada o doente viaxaba no interior da ambulancia acompañado por un familiar e sufriu unha indisposición, diante da cal non se lle podo realizar as necesarias tarefas de atención, xa que nin se contaba co material necesario para facelas, nin espazo, nin co persoal. O vehículo é de tipo A e non está adaptado para poder prestar asistencia sanitaria e na mesma só ía un condutor.

As peticións de que é preciso reforzar o servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo veñen de lonxe. Reforzo preciso para que o 061 teña vehículos na súa propia rede, adaptados para poder prestar asistencia sanitaria en ruta e cunha dotación de dous profesionais co título de técnico@. As peticións son sistematicamente desatendidas por parte do Sergas, do 061, que na vez de reforzar con medios propios, continúa prestando servizos en precario, botando man de empresas sen realizar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

licitacións e sen as condicións precisas. No caso de Vigo co Colectivo Extremeño de Ambulancias (Coexam).

Segundo veñen denunciando esta empresa presta servizos para o 061 con até catro ambulancias, tres delas son de tipo A, polo que non están preparadas para prestar asistencia sanitaria, en ocasións usan de tipo B, pero cun só condutor/a, que non está permitido na normativa de transporte sanitario de Galiza. A maiores non conta con instalacións axeitadas en Vigo para realizar as labores de limpeza e desinfección e agarden os vehículos mentres non son activados para realizar os servizos.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade. Son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo. Infelizmente este non é un caso illado, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

O BNG considera preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións, depure responsabilidades e rectifique, diante do fatal desenlace da morte dunha persoa nunha ambulancia, que todo indica que non cumpría a normativa do transporte sanitario que en Galiza ven regulado no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, no que se establecen as condicións técnicas requiridas aos vehículos, ambulancias, que prestan o servizo de transporte sanitario por estrada, así como a dotación de persoal precisa e a cualificación profesional requirida.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Como xustifica a contratación por parte do 061 de ambulancias para transporte urxente de doentes que non cumpren nin os requisitos técnicos, nin de dotación de persoal, nin espazo establecidos na lexislación?

. Quen vai asumir as responsabilidades polo falecemento dun doente mentres era trasladado ao hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria, ademais de contar unicamente cun condutor?

. Vai abrir algunha investigación sobre o sucedido?

. Considera que está garantindo unha atención axeitada as persoas que precisan transporte sanitario contratando este tipo de vehículos?

. Que labor de vixilancia e control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas para que se respecten as condicións establecidas na lexislación?

. Que accións ten levado a cabo o 061 diante das denuncias de irregularidades que se teñen realizado no servizo de transporte sanitario terrestre?

. Ten realizado inspeccións nas empresas coas que contrata servizos fóra do concurso para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas?

. Obrigou ás empresas á súa corrección?

. Ten aberto algún expediente sancionador, ou acción legal por irregularidades detectadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que tipo de contratación realizou o 061 para reforzar a Rede de Transporte Sanitario Urxente na Area Sanitaria de Vigo nos anos 2020 e 2021?
- . Con que empresas?
- . Cantos servizos realizaron mensualmente durante estes anos?
- . Cal é o prezo abonado por servizo realizado?
- . Que tipo de ambulancias utilizan estas empresas para a prestación de asistencia sanitaria urxente?
- . Con cantos profesionais por ambulancia?
- . En que instalacións da area sanitaria de Vigo realizan as tarefas obrigatorias de desinfección e de que tipo?
- . Efectúa o 061 algún tipo de control de calidade sobre estas empresas como si o fai coas da rede pública? En caso afirmativo, en que consisten os controis?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:06:20

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:06:23

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:06:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicidio consumada prodúcese 20 tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 está a agravar a situación, e deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíuticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais, que se veñen a sumar a todos os problemas pre- Covid.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Catro anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento e avaliación da situación...

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas públicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coida que a Xunta de Galiza está tendo unha actuación na prevención, detección e atención ao suicidio acorde á magnitude da incidencia no noso país?

. Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

. Parécelle asumíbel que no ano 2020 se teñan quitado a vida 307 galeg@s?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

. Realizaron algún estudo para determinar os efectos que a pandemia orixinada pola Covid 19 está a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia?

. Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención ao suicidio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:10:04

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:10:08





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:10:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algunha lección nos deixa a Covid 19 é a importancia de ter unha Atención Primaria forte e ben dotada para protexer á poboación. Si o seu reforzo e cambio de modelo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindible.

Esta constatación fixo pensar que a Xunta de Galiza ía tomar nota e rectificar a súa política de acoso e derribo, fixo albergar a esperanza de que se ía proceder ao impulso, á mellora da Atención Primaria.

Que despois do enorme esforzo realizado pol@s profesionais, se ían poñer en marcha medidas para rematar coa sobrecarga asistencial crónica, coa precariedade.

Máis a realidade é que moi ao contrario o PP está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de acoso e derribo manténdoa colapsada, con falta de profesionais, sumida nun pozo máis e máis profundo.

No medio da maior pandemia sanitaria que coñecemos, cando sería precisa unha auténtica aposta pola sanidade pública para afrontar con garantías a pandemia, aproveita o PP para afondar no afastamento dos servizos sanitarios e da resolución dos problemas da poboación, na vez de impulsar unha atención de calidade e próxima.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atención Primaria atópase nuns niveis de saturación inadmisibles. Aumento da presión asistencial pola multiplicación da demanda, sobre de todo nos concellos de aumento da poboación polo turismo, e que teñan que afrontar o traballo cuns cadros de persoal aínda máis reducidos do habitual ao non substituír as ausencias, vacacións ou xubilacións.

Era imposible atender a presión asistencial existente, antes da quinta onda (co aumento dos contaxios), da campaña de vacinación e das vacacións do verán e moito menos con todos eses elementos, e as consecuencias afloraron con toda crueza este verán.

As consecuencias son o persoal exhausto, e a poboación sen a atención debida, non continuidade na asistencia, cada día son atendidos por un profesional distinto, listas de espera de semanas para a atención telefónica e presencial.

Están nunha situación límite desde @s celadores/as e PSXs pasando por enfermería, auxiliares e chegando ao persoal facultativo. Axendas interminábeis de ata 70 ou 80 doentes, en quenda de mañá, ao ter que asumir a atención habitual, as e os doentes crónicos, e tamén as d@s profesionais que non son substituíd@s, das persoas desprazadas ou das urxencias, ademais do proceso de vacinación e facer o diagnóstico e seguimento de todas as persoas positivas pola Covid 19 que se están multiplicando dun xeito exponencial, polos déficits tremendos do sistema de rastrexo, ao que hai que engadir a habilitación da Chave 365 e os certificados de vacinación.

O Partido Popular está poñendo en risco a saúde física e mental tanto d@s profesionais como da poboación coa situación na que ten a Atención Primaria; lonxe de aportar solucións fomenta o enfrontamento da poboación co persoal da sanidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten que producirse un cambio de rumbo, medidas para que Atención Primaria sexa o eixo vertebrador do sistema sanitario e deixe de estar secundarizada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en Atención Primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Cal é a previsión de aumento orzamentario para Atención Primaria?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:19:47

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:19:50

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:20:01



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación da Atención Primaria en Galicia está no límite. A sobrecarga asistencial á que son sometidos as e os profesionais choca con anos de recortes e desatención do sistema por parte do Goberno autonómico que afrontan, agora, as súas crúas consecuencias.

A pandemia provocada pola Covid foi un test de estrés absoluto para o sistema sanitario, e de maneira moi especial para a Atención Primaria que foi a primeira fronte de batalla ante a avalancha de casos, necesidades de probas, avaliación de cada situación individual, seguimento e protección da poboación en termos de saúde comunitaria. O rendemento do conxunto das e dos profesionais do sistema galego público de saúde foi excepcional, mais a realidade é que case dous anos despois o sistema reséntese de atoparse ante o voluntarismo extremo destes profesionais como principal arma. Se xa antes da chegada da Covid a Atención Primaria clamaba por unha necesaria reformulación, froito do aumento da súa carga asistencial (avellentamento da poboación, cronicidade...), pero tamén como oportunidade ante a posible incorporación de novas profesións e ampliación de capacitacións dos profesionais xa existentes, a pandemia acelerou todos os problemas e puxo ao sistema ante o espello de si mesmo para comprobar a debilidade dalgunhas costuras.

Por afrontar algúns datos: en termos de déficit de persoal, o principal eixo dos problemas actuais do sistema, a sanidade galega ten agora mesmo case 1.000 profesionais menos en Atención Primaria que no ano 2009, o que evidencia a política de recortes e como esta afectou especialmente ao nivel de primaria.

A maiores disto, en termos de formación dende 2009 e a chegada dos gobernos de Núñez Feijóo a Galicia a Comunidade Autónoma renunciou a formar ata 150 médicos de familia e comunitaria que podían ser ofertados a través das distintas convocatorias MIR, que ademais nunca foron potenciadas polo Goberno estatal ata a convocatoria 2019, a primeira dende a moción de censura de xuño de 2018. O Goberno de España non permitía aumentar a convocatoria e Galicia non ofertaba todas as prazas posibles renunciando a formar profesionais que hoxe



estarían dispoñibles. Hoxe estas convocatorias MIR abertas polo Goberno de España aumentaron nun 40 % para médicas e médicos de familia e un 30 % no caso da pediatría.

As condicións laborais que se ofertan no sistema galego están entre as de peor calidade de España para Atención Primaria, con contratación moi precaria sobre todo en termos de temporalidade. Os contratos de continuidade, para cubrir substitucións, teñen duración menor e maior inestabilidade xeográfica que as demais comunidades autónomas que os ofertan.

Os recortes de persoal, sumados a unhas precarias condicións laborais e a renuncia a formar profesionais ofrecen agora un duro panorama. Non en tanto, aínda son posibles algunhas medidas que Galicia tarda ou evita potenciar. Entre elas, fundamentalmente, está a aposta pola multidisciplinariedade real no eido da Atención Primaria, fuxindo dun sistema excesivamente médico – centrista que permita ampliar o abanico de profesionais, diversificando as posibilidades de atención, liberando aos facultativos de espazo e tempo e facilitando unha atención máis específica das problemáticas das e dos pacientes. A incorporación dun verdadeiro número de fisioterapeutas, a conectividade real da saúde mental coa Atención Primaria (que xa ten sido testada en programas piloto hai tempo dentro do propio Sergsd con resultados prometedores), a incorporación de servizos de podoloxía, maior número de traballadoras sociais, a ampliación real de capacitacións de enfermería, a creación de novos espazos como a xestión de caso e demanda ou a formación de persoal administrativo específico para atención primaria permitiría desafogar un sistema que mantén un funcionamento que provoca nós e embigos nos procedementos. A pesares de existir estas propostas en todos os debates, diálogos e comisións de traballo que se constitúen, non existe unha política decidida de afrontamento dun verdadeiro cambio de modelo, que devolva as xerencias en atención primaria dentro das direccións das áreas sanitarias, con autonomía e capacidade orzamentaria e de xestión.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao límite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con



respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia que ten a capacidade de afrontar realmente un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue ás e aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial?
2. Que razóns cre o Goberno de Galicia que explican a situación límite actual do sistema de atención primaria de Galicia?
3. Que previsión ten o Goberno de Galicia para reformular o modelo de Atención Primaria actualmente en funcionamento?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 10:34:22

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 10:34:29



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, establece as medidas financeiras da Unión para a aplicación da política pesqueira común, das medidas pertinentes relativas ao dereito do mar, do desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas e da pesca interior, e da política marítima integrada. Este regulamento establece a posibilidade de apoiar os investimentos no ámbito da produción na acuicultura.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribuirá ao logro de, entre outros, os seguintes obxectivos: fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, ambientalmente sustentables, economicamente viables e socialmente responsables; impulsar a aplicación da política pesqueira común e fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas.

Por outra banda, a Estratexia Galega da Acuicultura é o documento de articulación que rexerá a planificación e a xestión da actividade acuícola cun horizonte situado no ano 2030. A ESGA establece as liñas de acción no territorio galego que se pretenden desenvolver na acuicultura, en consonancia coas disposicións do Plan estratéxico plurianual da acuicultura Española.

Ante este novo marco comunitario, cómpre publicar as bases reguladoras que establezan o procedemento para a concesión de determinadas axudas ao abeiro da normativa antes citada e, así mesmo, realizar a convocatoria destas axudas para o ano 2022, coa finalidade de apoiar o sector, no seu sentido máis amplo, en medidas que contribuirán a facelo máis competitivo e respectuoso co seu contorno.

Así, o DOG do 29 de decembro publica a orde de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).



Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a finalidade das axudas no ámbito da acuicultura e o seu orzamento destinado para 2022?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2022 10:52:00

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2022 10:52:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2022 10:52:23

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2022 10:52:32

Manuel Santos Costa na data 13/01/2022 10:52:44

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2022 10:52:55

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2022 10:53:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O 24 de maio de 1999, o presidente da Xunta de Galicia inauguraba a autoestrada do Val Miñor (AG-57), a primeira vía de alta capacidade propiedade da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia concedeu a explotación das súas autoestradas á empresa Autoestradas de Galicia, pertencente ao mesmo grupo do que forma parte Audasa, concesionaria da explotación da autoestrada do Atlántico. Esta concesión da AG-57 rematará en febreiro de 2045.

O Executivo autonómico comeza este ano 2022 coa subida de tarifas da AG-57 en 5 céntimos, feito que volve a indignar a poboación do Val Miñor. Circular desde Vigo a VINCOS sae en 0,40, a Gondomar 0,90, a Nigrán 1,15 e ata Baiona 1,70 céntimos.

As viaxes entre os tres concellos miñoranos tamén son máis caros. Desde VINCOS custa 0,55 ir a Gondomar; 0,85 a Nigrán; 0,70 ata A Ramallosa e 1,40 ata Baiona. O traxecto entre A Ramallosa e Baiona ascende a 0,70 céntimos; o que une Nigrán con Baiona págase a 1,15 euros e o que se sitúa exclusivamente por Nigrán, entre Porto do Molle e Ramallosa, chega ós 0,35 céntimos.

A Xunta de Galicia, lonxe de liberar esta autoestrada o que fai dende o 1 de xaneiro deste ano é volver a subir a tarifa da AG-57 en 5 céntimos, por iso o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que rebaxe as peaxes da autovía AG-57 que une Vigo cos tres concellos do Val Miñor, mentres o Goberno autonómico non liberalice a peaxe desta autoestrada.

Os concellos do Val Miñor veñen reclamando desde hai anos liberar a peaxe desta autoestrada, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, cás vantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como a desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.



Tal medida contribuiría a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non impoñen peaxe ningún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da Comunidade Autónoma son gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) .

A propia Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *“nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou **anular** o pagamento directo pola persoa usuaria”*.

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu as tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias. Igual que acontece coa aprobación do desconto do 100 % na viaxe de ida e volta ás familias numerosas, que se fixo efectivo a mediados de agosto do ano pasado. A maioría das persoas usuarias desta autoestrada non compren estes requisitos.

Os tres alcaldes do Val Miñor, xunto co Grupo Parlamentario Socialista, volvemos reclamar ó Goberno autonómico deixar libre de peaxes a AG-57 para convertelo na auténtica circunvalación dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona. Esta é unha vella reclamación da veciñanza e representantes políticos do Val Miñor. O Executivo autonómico é o propietario da Autoestrada do Val Miñor e os tres alcaldes coinciden en eliminar a peaxe da autoestrada AG-57.

A Autoestrada AG-57 é a vía que une de xeito máis rápido e directo o Val Miñor con servizos básicos como o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares. Ir ao médico ou estudar non pode significar para a veciñanza do Val Miñor un plus de desembolso con respecto a outras áreas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes, mantendo a tarifa do ano 2021, para a totalidade das persoas usuarias da citada autoestrada autonómica, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57)?
2. Cando vai presentar a Xunta de Galicia os estudos precisos para proceder á liberalización da peaxe da autoestrada competencia da Comunidade Autónoma AG-57 de Puxeiros – Val Miñor?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2022 10:55:11

Patricia Otero Rodríguez na data 13/01/2022 10:55:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 10:55:28



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás a minería, unha área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia.

Mentres en Galicia a presenza desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presenza mais notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e en Porriño.

Concretamente a comarca de Valdeorras e a zona española que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída, nesa comarca prodúcese arredor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do existente no mercado nacional. Estimándose que o sector da lousa ocupa 2.400 postos directos e 10.000 inducidos.

A lousa é un sector vital e estratéxico para Valdeorras, tamén para a Provincia de Ourense, dinamizador do entorno rural e polo dinamismo que achega a outros sectores económicos .

Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose destacaba o crecente número de casos que se acercaban as súas instalacións situadas en Oviedo, procedentes de Galicia, en concreto nas áreas con canteiras de loseta e pedra.

Como anteriormente referimos a silicose afecta aos traballadores e traballadoras onde teñen contacto con partículas de sílice en suspensión por elo son os traballos en canteiras, graveras e areneiras onde a presenza de persoas afectadas teñen unha maior densidade, así o aseguran os sindicatos con presenza no sector e tamén estudos realizados no sector da lousa por parte do INS.

Segundo o informe “Novos casos de silicose no sector da lousa” realizado polo INS que comezaba no ano 2008 e finalizaba no ano 2018, sinalaban a evolución dos casos durante a década que abarcou o estudo, o número de persoas afectadas pasaba de 14 no 2008 a 126 no 2018.



O Instituto detectaba 126 novos casos en 2018, 92 en 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo os datos dos 41 traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis simple, 37 proceden do sector da lousa . De eles catro presentan enfermidades intercurrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC). Outros tres traballadores deste grupo proveñen do sector de granito, desenrolan o seu labor en naves de elaboración, e un deles presenta EPOC como enfermidade intercurrente.

Dos nove traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis complicada, seis proceden do sector da lousa. E outro das persoas traballadoras deste grupo pertencente o sector do granito, un deles traballa nunha canteira e outro nunha nave de elaboración. A persoa traballadora restante traballa na construción.

A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen a enfermidade traballaron nas pizarreiras. Os rexistros que manexa o INS indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos do Estado, moi por diante de León e Asturias.

Os sindicatos e as mutuas das empresas, proporcionan informes sobre o estado da persoa afectada pola silicose, ese traballador debe desprazarse o INS onde se avalía o seu estado .

Si ben, antes acudían o centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, na actualidade acoden o Hospital Universitario de Asturias (HUCA) , o cal engloba na actualidade o Instituto Nacional de Silicose, unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral.

A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo polas xestións feitas polos sindicatos do sector de maneira gratuíta.

Ante a situación actual, na que nos encontramos en que na última década os casos de silicose se multiplicaron por dez e a enfermidade afecta cada vez a traballadores mais mozos, os empresarios e o sindicato UGT asinantes do Convenio Colectivo de Traballo de Lousa de Galicia para os anos 2020 – 2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, no seu artigo 46 recolle de forma textual :

“por outra banda y en relación ca silicose, as partes asinantes do presente convenio , se comprometen a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación de un centro de referencia u organismo similar de ámbito galego, para a diagnose, detección , valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa“



O Grupo Parlamentario Socialista recolle esta reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal nos últimos anos, trasladada agora o convenio colectivo antedito, co fin de evitar os traslados das traballadoras e dos traballadores a Oviedo, con todo o coste que elo conleva, e dada a incidencia que temos na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e en Porriño, entendendo necesaria cando menos a creación de dúas unidades de referencia dentro da rede do Sergas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da alta incidencia de silicose na nosa comunidade autónoma, no que se detectaron 70 novos casos no ano 2020 e 92 no 2019?
2. Que actuacións concretas, en relación coa enfermidade profesional da silicose, están realizando as consellerías con competencias na materia, nomeadamente Emprego, Industria e Sanidade?
3. Valora o Goberno galego por en marcha un plan programa integral de silicose de Galicia que conte ca participación das consellerías con competencias na materia de emprego, sanidade e industria?
4. Valora o Goberno Galego a creación dunha unidade ou unidades de referencia de ámbito galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e a pedra?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2022 11:30:39

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 11:30:47

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 11:30:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Ramón Fernández Alfonzo e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do anuncio do pasado 3 de xaneiro realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade onde a bombo e prato se anunciaba un reforzo das conexións por autobuses entre a Coruña e Ferrol, activando –segundo o comunicado da propia consellería–, 55 novos servizo directos máis á semana, o resultado é que co comezo do ano e unha vez en funcionamento o devandito reforzo, o caos foi total.

E así é que os usuarios viron suprimidos servizos por autoestrada en horas punta, tal como o das 15:30 h. Coruña E.A-Ferrol, así como non atender a demanda de recuperar o servizo directo de Ferrol-Coruña pasando por o CHUAC e demais centros sanitarios da Coruña, para facilitar a entrada de traballador@s, e a asistencia de doentes da comarca de Ferrolterra ás citas de especialidades das primeiras horas ao igual que no caso do servizo de oncoloxía. Servizo que foi demandado desde o primeiro momento en que se suprimiu.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito suprimíronse frecuencias nas liñas de autobús que conectan a comarca das Mariñas. Estas supresións de frecuencias véñense sumar ás deficiencias que xa sufría este servizo nas Mariñas e que se agravou desde a adxudicación dos novos contratos de transporte o pasado ano, como xa denunciámos no seu momento.

Co comezo de ano suprimíronse frecuencias na liña A Coruña – Ferrol, que afectan á veciñanza de Betanzos ou Miño, onde eliminaron o bus que saía de Ferrol ás 15:09h deixando só unha frecuencia pola tarde ás 19:30 h. Esta redución de frecuencias foi acompañada ademais a primeiros de ano por unha suba do prezo, nun servizo que funciona como vimos denunciando no último ano dunha forma totalmente deficiente.

A todo isto temos que engadir, de novo, as múltiples queixas sobre a deficiente información que desde a Xunta se facilita. A páxina web de referencia para a información sobre o servizo de autobús en Galiza, bus.gal, recolle unha información de horarios e frecuencias non se corresponde coa información que hai nas propias paradas de autobús, nos casos nos que hai información dalgún tipo e todo isto provoca confusión nas persoas usuarias do servizo.

Todas estas deficiencias víronse empeoradas de novo coa redución de servizos neste principio de ano, e coa redución tamén de servizos ferroviarios derivando nunha situación caótica que dificulta moito o uso do transporte público, un servizo que ademais usan maioritariamente colectivos máis febles, mulleres ou persoas migrantes, ademais de mocidade e estudantado dos diferentes niveis do ensino non obrigatorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. A que responde a nova reestruturación, cando non se atenden as demandas feitas desde os distintos colectivos, plataforma de usuari@s e concellos afectados?
2. Cal foi a razón para que se levara a cabo unha modificación total nos servizos e horarios do transporte entre Ferrol e A Coruña por estrada e autoestrada? Por que non se mantiveron os servizos existentes coa anterior concesionaria?
3. Ten coñecemento a Xunta de Galiza que na nova reestruturación de servizos, que entrou en vigor o pasado 10 de xaneiro, modificáronse os horarios en servizos consolidados, chegando a quedar un número importante de viaxeiros nas paradas?
4. Cal é a razón pola que estes servizos viron modificados os horarios en só 10 minutos, a que responden? Ex.: Ferrol-A Coruña 14:30 directo, pasou a 14:20.
5. Responden a procesos de reestruturación que a empresa está facendo a nivel laboral e a deficiente e escasa frota de autobuses?
6. Pensa corrixir os problemas de información que hai na páxina bus.gal en canto a paradas e frecuencias, que temos denunciado desde o BNG noutras ocasións? En que prazos pensan rectificar os horarios e frecuencias para atender ás demandas das persoas afectadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Por que non se retoman as liñas, servizos e horarios que se prestaban pola anterior concesionaria, sendo que atendía de maneira satisfactorias aos distintos colectivos e localidades e/ou comarcas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Ramón Fernández Alfonso

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 13/01/2022 11:57:55

Paulo Ríos Santomé na data 13/01/2022 11:57:59

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 11:58:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Ramón Fernández Alfonzo e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa a posta en marcha dun servizo de transporte colectivo por estrada axeitado nas comarcas de Ferrolterra e das Mariñas na súa conexión coa Coruña Liña XG871.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do anuncio do pasado 3 de xaneiro realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade onde a bombo e prato se anunciaba un reforzo das conexións por autobuses entre a Coruña e Ferrol, activando –segundo o comunicado da propia consellería–, 55 novos servizo directos máis á semana, o resultado é que co comezo do ano e unha vez en funcionamento o devandito reforzo, o caos foi total.

E así é que os usuarios viron suprimidos servizos por autoestrada en horas punta, tal como o das 15:30 h. Coruña E.A-Ferrol, así como non atender a demanda de recuperar o servizo directo de Ferrol-Coruña pasando por o CHUAC e demais centros sanitarios da Coruña, para facilitar a entrada de traballador@s, e a asistencia de doentes da comarca de Ferrolterra ás citas de especialidades das primeiras horas ao igual que no caso do servizo de oncoloxía. Servizo que foi demandado desde o primeiro momento en que se suprimiu.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito suprimíronse frecuencias nas liñas de autobús que conectan a comarca das Mariñas. Estas supresións de frecuencias véñense sumar ás deficiencias que xa sufría este servizo nas Mariñas e que se agravou desde a adxudicación dos novos contratos de transporte o pasado ano, como xa denunciámos no seu momento.

Co comezo de ano suprimíronse frecuencias na liña A Coruña – Ferrol, que afectan á veciñanza de Betanzos ou Miño, onde eliminaron o bus que saía de Ferrol ás 15:09 h. deixando só unha frecuencia pola tarde ás 19:30 h. Esta redución de frecuencias foi acompañada ademais a primeiros de ano por unha suba do prezo, nun servizo que funciona como vimos denunciando no último ano dunha forma totalmente deficiente.

A todo isto temos que engadir, de novo, as múltiples queixas sobre a deficiente información que desde a Xunta se facilita. A páxina web de referencia para a información sobre o servizo de autobús en Galiza, bus.gal, recolle unha información de horarios e frecuencias non se corresponde coa información que hai nas propias paradas de autobús, nos casos nos que hai información dalgún tipo e todo isto provoca confusión nas persoas usuarias do servizo.

Todas estas deficiencias víronse empeoradas de novo coa redución de servizos neste principio de ano, e coa redución tamén de servizos ferroviarios derivando nunha situación caótica que dificulta moito o uso do transporte público, un servizo que ademais usan maioritariamente colectivos máis febles, mulleres ou persoas migrantes, ademais de mocidade e estudiantado dos diferentes niveis do ensino non obrigatorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. A que responde a nova reestruturación, cando non se atenden as demandas feitas desde os distintos colectivos, plataforma de usuari@s e concellos afectados?
2. Cal foi a razón para que se levara a cabo unha modificación total nos servizos e horarios do transporte entre Ferrol e A Coruña por estrada e autoestrada? Por que non se mantiveron os servizos existentes coa anterior concesionaria?
3. Ten coñecemento a Xunta de Galiza que na nova reestruturación de servizos, que entrou en vigor o pasado 10 de xaneiro, modificáronse os horarios en servizos consolidados, chegando a quedar un número importante de viaxeiros nas paradas?
4. Cal é a razón pola que estes servizos viron modificados os horarios en só 10 minutos, a que responden? Ex.: Ferrol-A Coruña 14:30 directo, pasou a 14:20.
5. Responden a procesos de reestruturación que a empresa está facendo a nivel laboral e a deficiente e escasa frota de autobuses?
6. Pensa corrixir os problemas de información que hai na páxina bus.gal en canto a paradas e frecuencias, que temos denunciado desde o BNG noutras ocasións? En que prazos pensan rectificar os horarios e frecuencias para atender ás demandas das persoas afectadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Por que non se retoman as liñas, servizos e horarios que se prestaban pola anterior concesionaria, sendo que atendía de maneira satisfactorias aos distintos colectivos e localidades e/ou comarcas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Ramón Fernández Alfonso

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 11:59:28

Ramón Fernández Alfonso na data 13/01/2022 11:59:32

Paulo Ríos Santomé na data 13/01/2022 11:59:44



A Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A salvagarda dun mercado de traballo forte que teña en conta a realidade de todas as galegas e galegos é un firme compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, máis aínda se cabe no contexto actual marcado pola covid-19.

Neste sentido, destaca a adopción de numerosas iniciativas que velan polo impulso e a calidade no emprego e que dan resposta aos retos do novo escenario. Así, chaman a atención os Plans de Rescate para persoas traballadoras autónomas, micropemes e sectores especialmente afectados polas restricións sanitarias, uns instrumentos que ofreceron unha resposta rápida e áxil a milleiros de profesionais do tecido produtivo da nosa comunidade.

Ademais, sendo a Consellería de Emprego e Igualdade a responsable titular e directa da adopción de actuacións en materia laboral no marco das competencias autonómicas, tamén está a promover de xeito especial a igualdade, á fin de establecer un escenario que asegure as mesmas oportunidades sociolaborais para mulleres e homes, xogando a conciliación un papel esencial.

Pois a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, entendida como a compatibilidade do traballo remunerado co traballo doméstico, as responsabilidades familiares e persoais de cada individuo, así como a corresponsabilidade, son fundamentais para garantir unha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas, na que a participación no mercado laboral das mulleres e homes non dependa do seu xénero.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia defende unha contorna na que a conciliación e a corresponsabilidade estean presentes, tal e como demostran ferramentas como o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade ou ben os sucesivos Plans Estratéxicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Non obstante, e complementariamente a estes instrumentos de planificación, é preciso que a Xunta de Galicia promova axudas de carácter económico para fomentar a conciliación e corresponsabilidade das persoas traballadoras.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

1. A canto ascendeu no ano 2021 e a canto ascende no ano 2022 o investimento das axudas para a conciliación das persoas traballadoras facilitado pola Consellería de Emprego e Igualdade?
2. En que apoios e programas concretos se materializa este investimento?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 13/01/2022 12:18:27

María Corina Porro Martínez na data 13/01/2022 12:18:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2022 12:19:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2022 12:19:12

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/01/2022 12:19:30

López Sánchez, Rosalía na data 13/01/2022 12:19:43

Noelia Pérez López na data 13/01/2022 12:19:56

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2022 12:20:47



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A actividade do terceiro sector de acción social, das súas organizacións e das persoas que o compoñen, nace do compromiso cos dereitos humanos e descansa nos valores da solidariedade, igualdade de oportunidades, inclusión e participación; xogando, polo tanto, un papel fundamental na nosa sociedade e que precisa e é de xustiza que reciba o apoio dos poderes públicos.

Neste sentido, existen diferentes mecanismos de colaboración e cooperación, como as subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), que pretenden favorecer o labor das entidades sociais e reverter positivamente no conxunto da sociedade, a través da loita contra situacións de desigualdade e de exclusión social.

Concretamente, no ámbito autonómico, a Consellería de Emprego e Igualdade pon en marcha programas, ao abeiro das anteriores subvencións, dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, mediante a colaboración coas entidades sociais da nosa comunidade.

Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

1. Que balance fai a Consellería de Emprego e Igualdade dos resultados das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF?
2. Que iniciativas concretas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero posibilitou poñer en marcha no marco destas axudas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022.



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 13/01/2022 12:13:33

María Corina Porro Martínez na data 13/01/2022 12:13:53

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 13/01/2022 12:14:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2022 12:14:29

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/01/2022 12:14:49

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2022 12:15:02

Noelia Pérez López na data 13/01/2022 12:15:15

López Sánchez, Rosalía na data 13/01/2022 12:15:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos é recorrente a falta de persoal de enfermería na EOXI de Lugo, Cervo, Monforte, o mesmo acontece co persoal médico de atención primaria. Non se pode achacar isto a unha soa cuestión, nin tan sequera a unha soa administración pública, é polo tanto unha cuestión multifactorial. Debido á súa complexidade no canto de sentarse co problema enriba da mesa para atoparlle unha solución dende as distintas políticas o que se fixo ata o de agora foi deixar correr o tema co resultado que estamos observando. Un resultado prexudicial para o persoal e máis para a cidadanía usuarias dos servizos sanitarios.

O persoal da Sanidade, que non só o sanitario, ten de xeito habitual unha penosidade específica no desenvolvemento do seu traballo, sexa cal sexa o seu campo de actuación, aínda que é certo que en certos niveis esta penosidade pode verse incrementada. Esta condición de penosidade viuse incrementada polo sobreesforzo realizado nesta pandemia, parece obvio que este sobreesforzo tería que ser compensado nalgún momento, para iso non chegan nin aplausos nin sequera subidas de salario... e aquí márcase un feito diferencial entre categorías profesionais, xa que nalgúns non é posible esta compensación por imposibilidade de substitución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sabemos que estamos a falar de Enfermería e Medicina de Familia, categorías con listaxes de contratación esgotadas e das que non se poden tirar profesionais para reforzar o sistema cando este vai ao límite.

Sería oportuno non deixar pasar a oportunidade para analizar as múltiples causas que levan ao sistema sanitario actual á extenuación, para tentar resolvelas aínda que sexa a medio prazo, e por outra banda, mentres a solución non se pon en marcha, habería que falar cales deben ser as xustas compensacións ás profesionais por multiplicar as súas quedas de traballo.

Dende o BNG entendemos que é obriga da Xunta abandonar a pasividade en torno á inmensa problemática que causa levar anos sen establecer as liñas políticas adecuadas para a corrección desta problemática que se está volvendo endémica nas zonas máis deprimidas da Galiza interior.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Ten previsto a Xunta traballar para solucionar a falta de persoal da sanidade, nomeadamente nas categorías de Enfermeira e Médico/a de Familia, mediante a planificación adecuada, artellando no entanto un sistema de compensacións xusto?

Teñen avaliado dende a Consellería as causas multifactoriais que conducen á falta recorrente de Enfermeiras e Médicas de Familia na Provincia de Lugo?

É consciente a Consellería de Sanidade da precariedade laboral á que somete ás persoas que traballan para o SERGAS en xeral, e en Lugo en particular?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son, así mesmo, conscientes da perda de calidade asistencial que sofre ás usuarias/os pola falta de profesionais na nosa provincia?

Os consultorios que permanecen pechados permanecerán así de xeito definitivo por mor da falta de profesionais?

Teñen coñecemento de que se pretende compensar na EOXI de Lugo, tanto no Hospital como na primaria, as horas extra a prezo de hora ordinaria ou coa devolución da quenda feita cando se poida?

Teñen intención de establecer criterios compensatorios xerais e xustos para tódalas EOXI?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Castro García

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 12:31:12

Daniel Castro García na data 13/01/2022 12:31:16

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 12:31:24

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 12:31:37

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 12:31:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á situación dos centros de ensino na montaña de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos na época oportuna para que se vexan os recortes na educación pública dos colexios da montaña lucense.

Ano tras ano as Anpas e as equipas directivas libran unha loita a brazo partido para que Educación lles envíe o profesorado coa especialidade que precisan, e non sempre é así.

Cando o alumnado infantil de Primaria non recibe educación especializada en materias que son fundamentais para o seu desenvolvemento futuro en igualdade de condicións con alumnado doutros lugares urbanizados.

En moitas ocasións o problema é a imposibilidade da escolla de segundo idioma, noutras ocasións hai que escoller entre ter profesionais especialistas en atención infantil ou música. O cal favorece a escolla de profesoras de infantil con moitas ou poucas nocións de música, pero sempre dependentes dun gran esforzo na cuestión.

A educación infantil como facilitadora da entrada das nenas e nenos na educación pública que con 3 anos se enfrontan á realidade escolar, resíntese cando non hai unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoa especialista nesta cuestión, e si que marca a diferenza no contacto e continuación do periplo escolar futuro das nenas e nenos.

Unha das cuestións que indubidablemente fan que unha familia se instale nun concello de montaña de Lugo é ter unha educación suficiente para as súas crianzas. Suficiente e en igualdade de condicións con nenas e nenos da cidade. Ningunha familia se vai instalar nun lugar illado sen garantías educacionais, e a súa instalación é imprescindible para a recuperación do rural.

É, polo tanto, imprescindible atender as necesidades dos colexios da montaña, estabilizar o profesorado de modo que cada ano non apareza unha/un profesor diferente que desestabilice a aprendizaxe e o ambiente de seguridade no que se debe mover unha criatura.

Por todo o mencionado as nais e pais da montaña, as nenas e nenos que alí viven merecen unha planificación realista por parte do Goberno da Xunta que garanta a educación en igualdade, xa que garantir a educación das nenas e nenos do rural de montaña non é un gasto, é unha inversión para a pervivencia futura do interior da Galiza. Sen educación non hai arraigo posible nin para pais nin para fillas e fillos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai o Goberno galego establecer unha planificación sensata e programada para garantir as ensinanzas nos centros escolares da montaña lucense para as crianzas en igualdade de condicións con outras zonas máis urbanas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É consciente a Xunta das eivas con que conta a ensinanza primaria nos centros de ensino da montaña lucense e do que iso pode implicar para a fixación de poboación no presente e futuro?

Consideran vostedes que a política que aplica a Xunta aos centros de ensino da montaña lucense é a adecuada para garantir a ensinanza especializada en igualdade?

Pensan que a responsabilidade de garantir unha ensinanza completa para as ensinanzas básicas na ensinanza primaria depende da Xunta de Galiza ou vai seguir nos ombreiro das equipas directivas e das anpas?

Son as políticas partidarias as que xustifican as dotacións de profesionais de ensino especializado?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 12:35:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 12:35:04

Daniel Castro García na data 13/01/2022 12:35:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 12:35:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Monforte de Lemos atópase o embarcadoiro de Doade. Doade é unha parroquia intermunicipal que pertence aos concellos de Monforte e de Sober. No concreto, o embarcadoiro está na parroquia de Doade, termo municipal de Monforte de Lemos.

Se tomamos a división municipal como referencia observamos como parte da parroquia de Doade pertence a Monforte, en concreto os núcleos dos Palleiros, O Colado e San Pedro de Baños e (sen habitantes) .

Dende a Presidencia do goberno da Deputación de Lugo cámbiase o nome do lugar onde se encontra o embarcadoiro e de onde saen os catamaráns da deputación de Lugo operados por Tragsa, creando un novo topónimo para un lugar que xa estaba nomeado dende tempos inmemoriais, polo que se considera un topónimo asentado. Para maior complicación o “novo topónimo” coincide con outro xa existente e asentado na propia Ribeira Sacra (marca turística e xeodestino). Ponte do Sil é un lugar do termo municipal de Quiroga (véxase o nomenclátor de Galicia).

A normativa en vigor na comunidade galega conduce a determinar que corresponde á Xunta de Galiza fixar os topónimos oficiais dos municipios, non sendo en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningún caso competencia para determinar os topónimos dos concellos ou deputacións correspondentes.

As procuras toponímicas realizadas por internet conducen en moitas ocasións ao concello de Quiroga ocasionando graves problemas ás persoas que se achegan á Ribeira Sacra para desfrutar dun paseo en catamarán por unha paisaxe natural e patrimonial única.

En todo caso, non ten lóxica cambiar un nome a un embarcadoiro, que tradicionalmente se chama como o lugar onde se encontra, por un nome que causa confusión polo número de "Ponte do Sil" que hai entre o Barco de Valdeorras e Os Peares e que está enclavada na coñecida como Ribeira de Doade tanto na parte monfortina como na de Sober, e menos cando traballamos baixo o mesmo xeodestino.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Ten coñecemento a Xunta de que foi cambiado o Topónimo de Doade por Ponte do Sil?

A toponimia é patrimonio un patrimonio inmaterial que demostra a humanización do territorio, é polo tanto incongruente consentir que se deturpe, ou que calquera administración poida impoñelo segundo o seu criterio e logo pretendamos que se recoñeza a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, son conscientes disto?

Pensa a Xunta facer valer as súas competencias sobre a toponimia do lugar de Doade de xeito que ás persoas ou grupos que fan a busca poidan garantir unha chegada directa e sen confusións á zona do embarcadoiro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como pensa a Xunta facer valer as súas competencias normativas sobre os topónimos cando se modifican de xeito arbitrario?

Van vostedes dende o goberno tomar a responsabilidade sobre as súas competencias para que as arbitrariedades toponímicas no creen tanta confusión nas persoas turistas que cheguen a prexudicar a economía da zona?

Pensa a Xunta de Galiza que ten xustificación chamarlle a un embarcadoiro Ponte do Sil cando sempre se chamou "de Doade" porque está na parroquia de Doade e na Ribeira de Doade?

Santiago de Compostela, **Á Mesa do Parlamento**

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación dos centros de ensino na montaña de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos na época oportuna para que se vexan os recortes na educación pública dos colexios da montaña lucense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ano tras ano as Anpas e as equipas directivas libran unha loita a brazo partido para que Educación lles envíe o profesorado coa especialidade que precisan, e non sempre é así.

Cando o alumnado infantil de Primaria non recibe educación especializada en materias que son fundamentais para o seu desenvolvemento futuro en igualdade de condicións con alumnado doutros lugares urbanizados.

En moitas ocasións o problema é a imposibilidade da escolla de segundo idioma, noutras ocasións hai que escoller entre ter profesionais especialistas en atención infantil ou música. O cal favorece a escolla de profesoras de infantil con moitas ou poucas nocións de música, pero sempre dependentes dun gran esforzo na cuestión.

A educación infantil como facilitadora da entrada das nenas e nenos na educación pública que con 3 anos se enfrontan á realidade escolar, resíntese cando non hai unha persoa especialista nesta cuestión, e si que marca a diferenza no contacto e continuación do periplo escolar futuro das nenas e nenos.

Unha das cuestións que indubidablemente fan que unha familia se instale nun concello de montaña de Lugo é ter unha educación suficiente para as súas crianzas. Suficiente e en igualdade de condicións con nenas e nenos da cidade. Ningunha familia se vai instalar nun lugar illado sen garantías educacionais, e a súa instalación é imprescindible para a recuperación do rural.

É, polo tanto, imprescindible atender as necesidades dos colexios da montaña, estabilizar o profesorado de modo que cada ano non apareza unha/un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesor diferente que desestabilice a aprendizaxe e o ambiente de seguridade no que se debe mover unha criatura.

Por todo o mencionado as nais e pais da montaña, as nenas e nenos que alí viven merecen unha planificación realista por parte do Goberno da Xunta que garanta a educación en igualdade, xa que garantir a educación das nenas e nenos do rural de montaña non é un gasto, é unha inversión para a pervivencia futura do interior da Galiza. Sen educación non hai arraigo posible nin para pais nin para fillas e fillos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego establecer unha planificación sensata e programada para garantir as ensinanza nos centros escolares da montaña lucense para as crianzas en igualdade de condicións con outras zonas máis urbanas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 12:38:30

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 12:38:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Begonte conta con máis de 3.000 habitantes dos cales máis de 300 están censados na parroquia de Baamonde.

A localidade de Begonte conta cun centro de Saúde con 2 médicas/os de familia co correspondente plantel de enfermería. A localidade de Baamonde conta tamén cun consultorio ao que o médico acudía unhas horas determinados días á semana e que dá asistencia á poboación da Vila e tamén a unha serie de parroquias ao redor.

Con motivo da pandemia, este consultorio foi pechado co argumento de non poder establecerse a dobre vía para a circulación de usuarias e usuarios.

A normalidade vai volvendo trala vacinación masiva da poboación, pouco a pouco as medidas preventivas son cada vez máis adaptadas á realidade marcada pola pandemia que cada vez é máis parecida á situación previa, en cambio o consultorio de Baamonde non se reabre.

Entendemos a apertura dos consultorios en xeral como un esforzo de achegar a asistencia sanitaria á poboación para garantir a igualdade, accesibilidade e universalidade da asistencia sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a idade media da poboación neste concello é cada vez máis elevada, contando no 2018 con máis de 1.500 persoas maiores de 60 anos, entendemos que agora serán máis.

Non é pouco o esforzo económico e persoal que as persoas maiores teñen que facer para acudir a Begonte para recibir atención médica alí, é suficiente que teñan que ir ás cuestións relacionadas coa enfermidade.

Entendemos que abrir este consultorio é unha cuestión de vontade política, as máis de 3.000 Tis do Concello obrígaos a manter polo menos 2 médicas/os, que teñen a obriga de dispensar asistencia dentro do concello de Begonte, polo tanto non se incrementa o gasto de ningún xeito.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Considera o Goberno da Xunta que toda a poboación do concello de Begonte ten as mesmas posibilidades de recibir asistencia sanitaria?

. Considera a Consellería de Sanidade que a poboación de Baamonde ten cuberta as necesidades de asistencia sanitaria de xeito adecuado?

. Ten en consideración a Consellería de Sanidade ás persoas con enfermidades crónicas neste contexto de pandemia e o inconvinte que supón para elas o desprazamento?

. Pensan que as persoas maiores do entorno da localidade de Baamonde están en igualdade de condicións que as da localidade de Begonte?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 12:49:39

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 12:49:50

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 12:49:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Chantada encóntrase un convento denominado S. Salvador de Asma, que conta co recoñecemento BIC en plena Ribeira Sacra.

Parece ter a súa orixe no século IX, a súa fundación foi familiar, descoñécese ata cando se mantivo como dúplice e foi rexido por distintas ordes ata que chegou ao fin da súa existencia, ata o ano 1496 foi abadía . A partir do Trienio Liberal (1820-1823) as súas dependencias foron vendidas ao priorato de San Benito el Real de Valladolid. A orde Benedictina foi a que o conduciu dende o s.XII ata o 1835 no que o seu papel como mosteiro finaliza para comezar a desamortización.

Evidentemente o paso dos séculos foi deixando distintas señas no conxunto monumental, todas elas de gran valor. A igrexa atópase plenamente conservada e restaurada ofrecendo culto relixioso con normalidade, ten ao seu pé un cemiterio parroquial.

O convento anexo está en mans privadas, pechado a cal e canto e con evidentes signos de deterioro xa nos anos 80, non se conta con fotografías posteriores, xa daquela se vía que sufrira grandes modificacións que o seu propietario promoveu para acomodar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o convento ás necesidades da actividade agrícola e gandeira e aparcamento de maquinaria.

A importancia histórico-artística e cultural do mosteiro de S. Salvador de Asma e indiscutible para toda a comarca chantadina. A súa influencia esténdese dende a arquitectura que inflúe no románico da zona como sobre a vida social e económica da zona posuíndo moitas terras de cultivo e actuando na Idade Media como Señorío Feudal.

É imperativo facer valer a normativa BIC, inspeccionar o monumento e proceder ás corrección oportunas para que posteriormente se poida abrir ao público.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Ten o Goberno da Xunta algún plan para a inspección e control da conservación dos elementos BIC da Ribeira Sacra?

. É consciente o Goberno galego do estado de deterioro do Mosteiro adxacente á igrexa de S. Salvador de Asma?

. No caso de que o estado sexa deplorable, como podemos sospeitar, que medidas sancionadoras se tomarán de cara ao propietario?

. Que medidas vai tomar a Xunta para garantir que este elemento BIC poida ser visitado?

. Vai a Xunta intervir para inspeccionar o mosteiro de S. Salvador de Asma co fin de avaliar o estado de conservación para devolvelo para o desfrute público?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 12:52:18

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 12:52:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 12:52:32



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Galicia atópase nun contexto complexo para os centros de atención residencial motivado unha vez máis pola pandemia. Os contaxios de residentes e persoal nas residencias continúa crescendo de xeito preocupante, especialmente en residencias coma Raiola O Hórreo, e a de Bembrive de Vigo que conta con máis do centenar de afectados, converténdose no maior foco de contaxios do último ano.

A nova variante da Covid, omicron está desafiando a velocidade de transmisión do virus, polo que é preciso adiantar os recursos a esta nova realidade.

Tendo en conta a situación actual, o colapso laboral nos centros de atención residencial debido ás baixas do persoal por contaxios ou corentenas, pode poñer en risco a atención ás persoas maiores residentes. Polo que é preciso unha actuación inmediata por parte da Administración competente.

A gravidade das casuísticas de contaxios nos centros de maiores é menor, debido ás vacinas que chegaron a Galicia a través da partida de máis de 1000 millóns de euros por exercicio presupuestario do Ministerio de Sanidade, non obstante non garante que poidan existir casos graves en persoas con patoloxías previas fundamentalmente, polo que é preciso un protocolo inmediato.

Polo tanto é urxente que o Goberno galego volva a facer públicos na páxina oficial da Xunta o número de contaxios e falecementos por Covid nos centros de atención residencial, para coñecer a realidade por parte da cidadanía así como do propio sector. É importante coñecer se existen casos graves ou falecementos nestes centros con diagnóstico en Covid, tanto dos residentes como do persoal laboral de ditos centros.

É urxente ademais saber se a Xunta de Galicia suspendeu ou non as probas diagnósticas PCR de covid en decembro de 2021, principalmente para os



traballadores e traballadoras que se incorporaban tras vacacións, ou novas incorporacións entre outras.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Ten pensado a Consellería de Política Social intervir os centros de atención residencial que o precisen para incrementar o reforzo de persoal e material ante tal situación?
- 2.^a) Existen casos de falecemento ou agravamento por covid nos centros residencias?
- 3.^a) Deu orde a Xunta de suspensión de realizar probas PCR nos centros de atención residencial para o persoal de nova incorporación ou regreso de vacacións?
- 4.^a) Por que a Xunta de Galicia deixou de publicar dende o ano pasado os datos de contaxios e falecementos por covid nos centros de atención residencial na páxina oficial da Xunta, a pesar do incremento de ambos?
- 5.^a) Por que non se realizan PCR a todos os residentes e ao persoal de centros de atención residencial cando se detectan os primeiros casos de covid?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:06:20

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:06:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na confluencia dos concellos de O Inico, Samos e Sarria encóntrase,
probablemente, o xacemento de mámoas máis importante de Galiza.

Está situado estratexicamente entre cruces de camiños que vertebran o territorio
de norte a sur e de oeste ocupando as Serras de Santa Mariña e do Édramo. Dende estas
encrucilladas chégase con facilidade a Asturias pasando cerca de Becerreá cara o norte,
e ao val do Sil cara o sur o que comunica á zona co Bierzo e á súa vez co camiño real a
Madrid . Tamén comunica a Terra Chá co Val de Lemos e ata máis alá chegando a
Monterroso.

O número de túmulos tamén é reseñable, nun km cadrado chegan a superarse os
40, tendo en conta que un túmulo é un monumento esta cantidade deles outórgalle á
zona a consideración de lugar excepcional.

As catas feitas só confirman a valía do achádego, non só dende o punto de vista
arqueolóxico senón tamén dende unha visión antropolóxica.

Desgrazadamente non canto de poñer en valor o xacemento hai zonas con
valados que impiden achegarse ás medorras, a maquinaria traballa por riba delas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluso hai camiños públicos pechados ou obstruídos co fin de que non se poida acceder, entre outras moitas cousas...

O recoñecemento BIC non é suficiente elemento de protección neste noso país para protexer milenios de historia, tampouco parece suficiente para darlle sentido á súa recuperación para o desfrute cultural público, no canto disto deixamos que se perda e xunto con el tamén o patrimonio inmaterial que o acompaña ao longo de miles de anos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Considera a Xunta de Galiza que o conxunto das Mámoas de Santa Mariña ten algún tipo de singularidade que suxira a necesidade de facer unha valorización do xacemento?

Que seguimento se fixo no caso concreto do campo de Mámoas de Santa Mariña dende a súa declaración BIC?

Que planificación ten o goberno galego para o seguimento da conservación dos Bens de Interese Cultural?

Consideran que no caso das mamoaas de Santa Mariña ese seguimento e planificación se fixo de xeito correcto?

Vai o Goberno da Xunta de Galiza poñer en funcionamento un plan de recuperación das mámoas de Santa Mariña que inclúa un centro de interpretación que xere riqueza na zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideran vostedes que o lugar está suficientemente sinalizado, e é accesible para as persoas que teñan interese en visitalo?

Teñen coñecemento do significado da "capilla" e a pedra do tempo?

Teñen valorado como recuperala e como protexela?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:12:55

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 13:12:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 13:13:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello do Incio conta cunha fonte de augas medicinais e un hotel Balneario
na Ferrería, parroquia de Trascastro, un lugar con sobrados valores patrimoniais,
singulares arquitectónica e etnograficamente falando.

Este hotel-balneario comezou a súa andaina no ano 1884 por iniciativa do
Conde de Campomanes para o que habilitou un pazo da súa propiedade do que se ten
constancia dende o século XVII, e conta cunha capela barroca.

A súa fonte foi declarada de utilidade pública 10 anos máis tarde tralo análise
das augas polo Doutor Casares Gil xa que a composición delas permitía o tratamento de
anemias, infertilidade, estados depresivos, problemas dixestivos, chegando a estar
comercializada no seu momento.

Ata os anos 90 o balneario mantivo actividade, pechando no 1995, dando
traballo á poboación do Incio máxime de xeito estacional pola gran afluencia dos e das
chamadas auguistas, que efectivamente mentres melloraban a súa saúde incrementaban
o nivel de riqueza no concello, máis, evidentemente, para os seus propietarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén daba ganancia ó lugar xa que á súa sombra abríronse fondas e cantinas para as persoas que non podían pagar a estancia no hotel.

A fins dos 90, en concreto no 1197, vendeuse a Alba Marketing que prometeu de abrir o chorro de xeito inmediato e poñer a funcionar o balneario nun ano, cuestión esta que nunca aconteceu, de feito as obras foron paralizadas no 2005 e así permanecen a día de hoxe e con titularidade trasladada a un fondo do Banco Santander.

Por suposto, permanece a obra paralizada, o mobiliario de época perdido, tampouco sabemos do estado do retablo barroco da capela, é dicir, un ben a conservar desbotado en tódolos sentidos.

Podemos aseverar despois deste relato que demostra como están as cousas, que aquí perde o Concello do Incio, perde o Lugar da Ferrería, perden as persoas susceptíbeis de ser usuarias... mentres se perden bens patrimoniais que forman parte da nosa historia.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Considera o Goberno da Xunta que facerse cargo do Balneario da Ferrería suporía un pulo demográfico para o Concello do Incio e para a parroquia de Trascastro?

. Cantas axudas públicas concedidas aos distintos propietarios foron devoltas e que contía supoñen en ambos casos?

. Ten coñecemento o Goberno Galego da situación na que se encontra este edificio e o valor histórico que ten?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Saben vostedes que se realizou un baleirado do mobiliario de época para levar a cabo as obras, coñecen onde se encontra?

. Coñecen o estado da capela e do seu retablo barroco?

. Consideran a posibilidade de rematar a reforma segundo a normativa correspondente para logo dar unha concesión para a súa explotación?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:15:31

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 13:15:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 13:15:46



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No ano 2007, aprobábase por unanimidade no Concello de Ourense o Plan Estratéxico Termal de Ourense (PETOU) e tamén se declaraba As Burgas coma Ben de Interese Cultural (BIC), o que supoñía o impulso claro e definitivo de cara á explotación turística e termal da maior fonte de riqueza da cidade de Ourense

No ano 2008, o Parlamento de Galicia aprobaba tamén por unanimidade dos grupos políticos do PSdeG-PSOE, BNG e PP a declaración de Ourense coma Capital Termal de Galicia, o que tamén presupoñía un pulo ao coñecemento e á posta en valor dos recursos termais de Ourense e a súa provincia.

Coa aprobación desta iniciativa se implicaba a Xunta de Galicia a que facilitara os investimentos públicos e apoiara os programas e proxectos que se incluían no PETOU que se presentaran noutras administracións, en especial os referentes á Unión Europea, e no que se recollían investimentos públicos e privados

Outro dos apartados recollidos naquela declaración incluía que a Xunta debería favorecer a difusión e presenza dos recursos termais naquelas feiras, exposicións e congresos que foran organizados dende a Administración autonómica.

Coa chegada ao Goberno do bipartito PSOE-BNG en Ourense no ano 2007 e ata 2012, e despois gobernando o PSOE en minoría ata 2015 se desenvolveron numerosas actuacións que dotaron de novas infraestruturas á nosa cidade no eido do turismo e o termalismo, nunha aposta clara por un cambio de modelo urbanístico e de cidade, estratéxico e de futuro.



As novas infraestruturas e dotacións nas zonas termais creadas foron (2007-2015) - A Piscina Termal das Burgas, O Centro de Interpretación Termal das Burgas, que incluía unha nova zona verde de 6.000 m2 no corazón do casco histórico da cidade, novos apartamentos turísticos, O Restaurante das Pozas de Maimón, a rehabilitación e posta en valor da Fonte do Tinteiro e fonte Bouvette no Campo da Feira.

Paralelamente á creación de novas dotacións realizouse a xestión urbanística clave para o futuro desenvolvemento termal da cidade a través do impulso do Plan Especial das Burgas e o Plan Especial A Chavasqueira-As Caldas,

Dende o ano 2015 ata a actualidade produciuse un estancamento do proxecto de desenvolvemento termal e un grave deterioro sobre todo no último ano, xa non só pola crise sanitaria do COVID-19, senón tamén por dous incendios que levaron por diante tanto o balneario privado da Chavasqueira (24 de abril de 2019) coma o restaurante das Pozas de Maimón (28 de Xullo de 2019).

Ambos proxectos seguen pendentes de iniciar os trámites de rehabilitación, o que dana gravemente a imaxe do noso entorno termal.

O actual rexedor da cidade, Gonzalo Pérez Jácome, ao que Feijóo apoiou para a súa investidura, afirma que “o termalismo é un bluf”, polo que non aposta en absoluto por este elemento diferencial para o turismo da cidade, as infraestruturas xa creadas caerán no total abandono no que resta de mandato e non se van a levar adiante máis novas neste ámbito

Nos últimos anos de mandato de Feijóo na Xunta de Galicia a súa única promesa electoral no relativo ao termalismo en Ourense foi a construción do Gran Hotel Balneario, constituíndo outra promesa incumplida polo presidente.

En febreiro de 2020, entra en vigor a Lei 8/2019, de 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, unha norma que debe levar consigo novos investimentos e proxectos neste sentido por parte das administracións públicas.



Esta normativa realizouse sen ter en conta as emendas da oposición e sen consultar os axentes e concellos implicados e provocou que as pozas da cidade de Ourense se manteñan pechadas na actualidade sen que a Xunta fixera nada o respecto.

No mes de abril do presente ano o Goberno municipal anunciaba que Ourense perdería o 80 % da súa oferta termal como consecuencia da entrada en vigor da nova normativa autonómica e que só poderán abrirse ao público unha poza na área termal da Chavasqueira e outra en Outariz, sinalaban así mesmo que a zona do Muíño permanecería pechada ao público como zona de baño a curto prazo e As Burgas requirirán a execución de obras de adaptación que se prolongarán como mínimo ata o Nadal.

Por outra banda, no pasado mes de outubro o alcalde de Ourense, prometía asumir o liderazgo político das xestións para a reapertura das termas públicas, nun cruce de vergollentas declaracións cruzadas entre a concelleira responsable de termalismo, pertencente o PP e o propio alcalde na que a concelleira desautorizaba o alcalde que fixaba o 1 de decembro como data de apertura das termas sinalando literalmente que “lo que se necesita son medidas firmes y seguras y no plazos sin seguridad, al tiempo que defendió que los proyectos seguirán siendo dirigidos por los técnicos de Termalismo y no por personal de Jácome”.

Xa o dous de decembro seguindo ca rocambolesca situación o alcalde nun comunicado oficial do Concello de Ourense explicaba que estivo visitando a zona termal acompañado de asesores do seu equipo de confianza que son enxeñeiros, e indicaba que as instrucións dadas non se cumpriron e valoraba tomar medidas o respecto, barallando a destitución da concelleira responsable ou apertura de expedientes disciplinarios os funcionarios de ese departamento.

Atopámonos nunha canella sen saída, no que o Partido Popular ten responsabilidade, que nos sitúa nunha situación grave que pode derivar en que a nosa máxima riqueza caia no absoluto abandono e desaparición se non hai un claro respaldo autonómico.



Polo exposto, as deputadas e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego das declaracións cruzadas entre a concelleira responsable de termalismo da cidade de Ourense e o alcalde, sobre a situación termal e apertura das termas públicas?
2. Que medidas pensa tomar o Goberno galego respecto ao peche das pozas públicas?
3. Vai apostar pola dotación dun gran hotel balneario na cidade tal coma prometera o presidente Feijóo?
4. Que valoración fai o Goberno galego dos plans do presidente da Deputación de Ourense sobre transformar a actual sede, o pazo provincial, nun gran hotel balneario?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Leticia Gallego Sanromán
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2022 13:12:45

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:12:54

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2022 13:13:04

Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/01/2022 13:13:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón, ó sul da provincia de Lugo, conta con 2.500 habitantes distribuídos en 26 parroquias e 297 entidades de poboación en 147 km². Contaba cun centro de saúde con 4 facultativos e por distintas causas está en risco de quedar con 2, como proba que haxa unha médica sen cubrir dende xullo e outro a punto de xubilarse.

Unha poboación dispersa cunha elevada media de idade moi alta xa que case o 60% dos seus habitantes pasan dos 65 anos, é por tanto un concello extremadamente avellentado. Este feito supón que inevitablemente precisarán facerse moitas visitas domiciliarias calculando un mínimo de 30 minutos por cada unha, o que suporía deixar ao centro de saúde cun facultativo só para facer o traballo ordinario e atender calquera emerxencia que se de no propio centro, porque se esta se dera fóra non podería atendela sen abandonar o centro.

Suporía a maiores a merma da calidade asistencial, sendo imposible implantar os distintos programas de atención programada a pacientes crónicos, ou outros, quedando a asistencia sanitaria neste centro para a atención a demanda exclusivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto únese ao que se escoita constantemente sobre a atención primaria, na que non hai dúbida de que se vai instaurando un constante deterioro por falta de substitucións das ausencias do persoal facultativo e por outra banda o discurso da consellería sobre a imposibilidade de conseguir fixar profesionais na atención primaria sen que se tome ningunha outra medida.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Vai o Goberno da Xunta cubrir as prazas de persoal facultativo do Centro de Saúde de Pantón, unha delas a xubilación producida en xullo e a que se vai producir en breve?

. É consciente a Consellería de Sanidade da importancia de manter a adecuada asistencia sanitaria en Pantón para a pervivencia do Concello?

. Vai a Consellería de Sanidade garantir una asistencia sanitaria de calidade para o Concello de Pantón coa máxima carteira de servizos posible?

. Van ter en conta o incremento de poboación na época de bo tempo debido a que é un concello de referencia para o turismo na ribeira sacra?

. Consideran vostedes que 2 facultativos serían suficientes para manter unha óptima atención sanitaria á poboación de Pantón segundo a súa dispersión e media de idade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 13:31:39

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 13:33:07

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2022 13:33:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último dato dispoñíbel do Protocolo de déficit público do Banco de España, do terceiro trimestre de 2021, a débeda pública de Galiza sitúase en 11.259 millóns de euros, case triplicando a débeda existente no ano 2009, de 4.859 e cerca do máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, que lle dedican un 10% do seu total para o ano 2022 malia a redución dos tipos de xuro, cuestión coxuntural dos mercados que non é mérito do goberno galego.

Aínda que no contexto de contracción económica xerado pola covid-19 a débeda é unha ferramenta para poder sortear as dificultades derivadas das necesidades de recursos extraordinarios, ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en 6.400 millóns de euros. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa sen que iso tivese un correlato no fortalecemento dos servizos públicos, afectados polas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas aplicadas polo Partido Popular, tal e como se pode ver con ocasión da pandemia da covid-19.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medraba en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, con estes antecedentes e coa previsión, xa anunciada por Bruxellas, polo Estado e polos propios Orzamentos de 2022 da Xunta, de volta á senda do déficit, esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a valoración do goberno galego do impacto para os orzamentos públicos dos últimos datos de débeda segundo o Banco de España?

. Considera o goberno galego que se axusta as previsións indicadas nos últimos anos?

. Cal prevé o goberno galego que sexa o impacto da sexta vaga da pandemia na débeda galega?

. Cre que os orzamentos de 2022 contaban coa prudencia necesaria que esixía o contexto de incerteza da variante ónmicron?

. Está disposto o goberno galego a garantir información periódica detallada sobre a débeda pública galega, tal como os cadros de amortizacións, listaxe de entidades coas que está contraída a débeda, os xuros pagados en cada emisións, etc?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como prevé abordar o descenso de recursos extraordinarios que se prevén para 2023?

. Como prevé abordar un hipotético cambio de escenario das condicións financeiras?

. Que influencia ten na débeda galega un sistema de financiamento inxusto acordado polo Partido Popular e polo propio Núñez Feijóo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 09:38:21

Ramón Fernández Alfonso na data 10/01/2022 09:38:26

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 09:38:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado ruína da antiga Cámara Agraria de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de A Milagrosa de Carballo é un dos máis senlleiros do casco urbano da vila Bergantiñá. Nesta zona celébrase o segundo, cuarto e quinto domingo de cada mes o popular mercado do Campo da Feira, que complementa a feira de produtos do agro que se segue a celebrar no centro da vila, na Praza do Concello

Tradicionalmente, este barrio foi punto de encontro social e de negocios relacionados co agro e a gandería nos días de feira. A día de hoxe, mantense o “mercadiño” no cruce das Rúas Compostela e Fisterra e nas inmediacións do Edificio Fórum. Máis de 170 postos de venda de calzado, roupa, complementos, cousas do fogar ou incluso maquinaria agrícola, instálanse alí na actualidade e, alén da oferta comercial, constitúen un elemento de dinamización e promoción de Carballo polas numerosas persoas de fóra do concello que se ata alí se achegan.

Neste mesmo barrio radícase o complexo municipal Fórum, enfocado á prestación de servizos á formación e dinamización do emprego no ámbito do municipio de Carballo e da Costa da Morte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Milagrosa tivo e ten un papel protagonista na estratexia de humanización e reorganización urbana que se leva a cabo polo goberno local dende fai anos, que ademais da potenciación e promoción do mercadiño, buscou a revitalización e dinamización da zona elixindo esa ubicación para o Edificio Fórum ou apostando por este barrio para testar no ano 2017 o proxecto piloto na Galiza “Ti Tes A Chave”, de recollida de residuos sólidos urbanos en colectores específicos.

Continuando con esa estratexia urbana que busca facer de Carballo un lugar atractivo para vivir e mellorar a vida das persoas, dende o executivo local abríronse áreas de estacionamento no barrio, e fai ben pouco rematáronse as obras do Centro Social da Milagrosa (antiga escola), cos que se acondicionou o interior e exterior da edificación para dotalo de mellores condicións de habitabilidade e accesibilidade, levándose a cabo tamén tarefas de urbanización exterior.

Pois ben, no corazón mesmo do barrio, ao lado do Centro Social, na zona mesma onde se instalan os postos do mercadiño e a carón da Capela da Milagrosa, a Xunta de Galiza dispón na Avenida da Milagrosa dun inmovible que prestou, en tempos pasados, os servizos de Cámara Agraria.

Edificio que leva anos sen ser empregado por parte da administración titular do mesmo e que se atopa a día de hoxe nunha situación ruín, amosando un aspecto exterior de absoluto abandono como consecuencia do desuso, a acción do paso do tempo, os usos impropios aos que se viu sometido ou mesmo a actos puntuais de vandalismo.

Un edificio que rompe coa estratexia de revitalización urbana e social e de dinamización económica que se leva a cabo por parte do goberno local nesa zona, e que na actualidade constitúe un auténtico risco para a seguridade e a integridade física dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viandantes pola posibilidade de desprendemento e caída de partes da edificación, como cascotes, cristais ou tellas, que xa levou ao Concello a precintar a contorna para evitar males maiores.

Xa no ano 2013 adoptouse un acordo polo Pleno Municipal no que se solicitaba a transferencia ao Concello de Carballo da propiedade deste edificio de titularidade da Xunta de Galiza, que a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio non contemplou ao entender que as únicas opcións para que o Concello puidese adquirir a propiedade do inmovible eran a compra ou a permuta. Comprometéndose esa Secretaría a facer unha valoración económica do inmovible e facerlla chegar ao goberno local. Cousa que, ata día de hoxe, non aconteceu.

Tiveron que pasar dez anos para que un técnico da Xunta xirase visita para valorar o estado do edificio. Constatándose polo técnico o estado ruinoso do mesmo, que faría que non fose economicamente rendíbel a súa rehabilitación, ao supoñer esa opción un investimento moi superior ao valor patrimonial do edificio.

O estado lamentábel da edificación contrasta, dende o punto de vista do feísmo urbanístico, coas actuacións de mellora acometidas polo goberno local nos últimos anos na contorna, pero o verdadeiro problema radica, nos últimos tempos, no problema de seguridade para os viandantes que supón o estado no que se atopa o inmovible.

Por ese perigo certo para a seguridade das e dos veciños, faise perentoria a actuación da Xunta de Galiza, para atallar en primeiro lugar ese perigo certo para integridade física das veciñas, pero tamén para eliminar o “lunar” urbanístico que supón este edificio nun ámbito que a actuación do goberno local conseguiu revitalizar, humanizar e dinamizar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É incomprensíbel que un edificio de titularidade autonómica se atope na actual situación de desleixo, máxime cando máis aló da cuestión de feísmo urbanístico, existe un claro perigo para a integridade física das persoas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do estado de ruína do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do perigo que supón o estado urbanístico do mesmo para a seguridade e integridade física das persoas?

. Que medidas ten pensado tomar Xunta de Galiza no inmediato ante o perigo que supón o estado urbanístico de ruína do inmovible para a seguridade e integridade física das persoas?

. Emitiuse informe por parte do técnico da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio para valorar o estado do inmovible? Remitiuse ese informe ao Concello de Carballo?

. Que opcións se valoran pola Xunta de Galiza ante o estado de ruína do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 10:19:09

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:19:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte do goberno da proposta de novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento remitida polo goberno central.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de decembro de 2021 a ministra de Facenda e Función Pública, María Jesús Montero, remitía a todas as Comunidades Autónomas de réxime común e ás Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla un documento para iniciar o debate sobre a reforma do financiamento autonómico achegando unha proposta de novo cálculo da poboación axustada, elemento central do sistema ao ser unha das variábeis centrais.

Días antes, o 23 de novembro de 2021, Feijóo convocaba unha reunión, o denominado Foro de Santiago, na que participaron tamén os presidentes de Asturias, Cantabria, A Rioxa, Aragón, Castela-A Mancha, Estremadura e Castela e León. En dita reunión presentouse publicamente un documento xenérico con diversas propostas sen soporte numérico e unha apelación a que se teña en conta o custo real dos servizos, como a sanidade ou a educación e os factores que os encarecen como a dispersión ou o avellentamento, ter en conta a crise demográfica ou a necesidade de atinar no reparto dos fondos europeos. Cuestións todas elas nas que en abstracto existe un amplo consenso.



A realidade é que a proposta presentada polo goberno central como para financiar máis a “España vaciada” beneficia ás autonomías que secundaron o cumio do Presidente da Xunta e, porén, prexudica a Galiza. Esta cuestión evidencia que a estratexia do goberno galego unha vez máis é errática ao rexeitar negociar de forma directa e bilateral co goberno central e nunha posición acorde coa situación de nacionalidade histórica.

En resumo, coa proposta do goberno do Estado as nosas necesidades de gasto por habitante ficarían reducidas nun -2,7% a respecto das consideradas polo sistema actual principalmente debido ao incremento de peso da poboación en idade educativa, ao criterio de reparto dos custos fixos, e ao novo cálculo da dispersión poboacional.

As Comunidades Autónomas teñen ata finais do vindeiro mes de xaneiro para enviar ao Ministerio as súas valoracións. Polo tanto, con independencia da confianza no funcionamento da Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta de Galiza diante da reforma do sistema de financiamento é necesario coñecer cal é a valoración da Xunta e as novidades ao respecto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a valoración do goberno galego da proposta de novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento remitida polo goberno central?

. Como valora a estratexia negociadora do goberno galego e o feito de que as comunidades coas que pretendía unha alianza se vexan beneficiadas e sexa Galiza a máis prexudicada? Fai autocrítica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Para alén dos acordos que poidan emanar da propia comisión parlamentaria, cal é a proposta de resposta na que traballa o goberno galego para remitir?

. Remitiu xa algunha proposta? En que termos?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:37:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 10:38:02

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 10:38:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou o 26 de maio de 2021 que o “próximo trimestre” comezaría a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza na que, dicía, “leva meses traballando”.

Rematou 2021 e nada máis se soubo da devandita reforma, alén dun novo anuncio que fixa para 2022 a proposta dunha nova normativa, en palabras do presidente da Xunta de Galiza no acto de presentación pública da Axenda Social Única.

O impulso dunha reforma da Lei de inclusión social de Galiza para a adaptar:

a) Á nova realidade normativa do Estado español, especialmente logo da creación do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Cómpre lembrar que a RISGA é a día de hoxe incompatíbel con calquera outra prestación económica o que está a provocar graves prexuízos a persoas beneficiarias de ambas as dúas prestacións por mor das demoras na tramitación do IMV.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Á nova realidade socioeconómica. Actualmente o feito de ter un emprego (mesmo unha pensión de xubilación) non significa contar con ingresos suficientes que garantan condicións de vida dignas.

c) Ligado aos dous puntos anteriores, superar os déficits e problemáticas que carrega a RISGA desde a súa creación.

Estas mudanzas son unha demanda das entidades do terceiro sector de acción social e tamén do BNG. De feito, o anuncio da conselleira de Política Social de que a lexislación galega de 2013 se reformaría produciuse en resposta a unha pregunta formulada polo noso grupo logo de coñecerse as reclamacións económicas que a Xunta de Galiza estaba a dirixir a persoas usuarias da RISGA por incompatibilidade co IMV.

Porén, transcorrido case un ano, o Goberno galego non impulsou ningunha modificación legal e fala de que “previsiblemente” se producirá ao longo de 2022.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cando vai modificar a Xunta de Galiza a Lei de inclusión social?

. En que aspectos pensa mudar a normativa actual?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 12:27:39

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 12:27:47

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 12:28:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do cuarto e último trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Desta forma o Foro apunta a unha consolidación na recuperación do cadro macroeconómico, lixeiramente superior á do ámbito estatal.

Por outra banda, o Informe sinala entre os aspectos máis relevantes o feito de que a produtividade do tecido produtivo galego no seu conxunto segue a ser inferior á media española. Así mesmo, malia que o impacto da covid na actividade produtiva en Galiza no ano 2020 foi menos intenso que no conxunto das CC.AA., o índice de competitividade rexional reflicte que tan só o noso país e a Comunidad Valenciana





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentan unha perda da súa posición relativa (noveno posto en 2020) manténdose entre as CC.AA. cun nivel de competitividade medio-baixo.

Canto á situación no mercado laboral, o Informe abonda na tendencia xa sinalada noutros de consolidación da precariedade, especialmente nos ámbitos da mocidade e do emprego feminino. Así mesmo, incrementa a temporalidade e Galiza mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa).

Complementariamente, é necesario sinalar que a finais de decembro de 2021 o Banco de España rebaixaba a súa previsión de crecemento do PIB estatal para 2021, pasando do 6,3% ao 4,5% e para 2022, reducíndoo do 5,9% ao 5,4%. Estas cifras fican lonxe do 6,5% e 7% que proxectaba o goberno central para estes mesmos anos.

A estas cuestións hai que engadir como o remate de 2021 e o comezo de 2022 están marcados pola continuidade da crise de suba de prezos, singularmente os enerxéticos, e por unha expansión sen precedentes da pandemia da covid-19 que, aínda cun menor impacto de casos graves, acompaña un alto volume de persoas contaxiadas e confinadas, o cal tamén impacta na economía e nas súas previsións.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións correctoras de política económica vai impulsar o goberno galego para afrontar as debilidades e incertezas no cadro macroeconómico de comezos de 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que valoración fai o goberno galego das súas previsións?
- . Considera que deben ser redefinidas á luz da evolución da pandemia e do agravamento de elementos como a crise de materiais e de “cuellos” de botella nas subministracións?
- . Considera o goberno galego que como xa aconteceu na crise de 2008 a caída de Galiza foi máis lenta pero tamén o será a recuperación? Que vai facer para acelerala?
- . Como valora o goberno galego a precariedade e temporalidade do mercado laboral?
- . Como aborda o goberno galego a terciarización da economía galega?
- . Que vai facer o goberno galego para evitar que esta nova recuperación macroeconómica se acompañe do mantemento da desigualdade das mulleres?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:15:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:15:41

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:15:52



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

O Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela vén de condenar nunha sentenza a CRTVG por vulneración dos dereitos fundamentais dun traballador pola súa participación nas mobilizacións Venres Negros. Na sentenza, o xulgado obriga á CRTVG a reparar a dignidade do xornalista e delegado da CUT Carlos Jiménez ao que se lle abriu un expediente e correspondente sanción declarados agora en nulidade ao considerar a sentenza que esta decisión lesionou por parte da empresa os dereitos á tutela xudicial efectiva e á liberdade de expresión.

O Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela na sentenza conclúe, “Debo condenar y condeno a la entidad demandada a abonarle al demandante los salarios que hayan dejado de abonársele en ejecución de la sanción anteriormente referida, así como la cantidad de 6.251 euros en concepto de indemnización de daños y perjuicios por vulneración de derechos fundamentales [...]”, o que supón, plasmar por parte dunha xuíza o que moitas e moitos traballadores veñen denunciando estes anos a persecución e a os ataques ás liberdades e dereitos das e dos profesionais.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas vai tomar para garantir os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores?
2. Que responsabilidades vai tomar ou toma a Dirección ante esta condena?
3. Como valora que o persoal teña que recorrer aos xulgados para garantir o desenvolvemento dos seus dereitos?



4. Teñen trasladado dende a Dirección unha desculpa ao traballador represaliado?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 10/01/2022 13:13:24

Noa Susana Díaz Varela na data 10/01/2022 13:13:31



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

O 28 de decembro o Grupo Parlamentario dos Socialistas preguntamos ao Señor director xeral sobre os problemas técnicos protagonizados na retransmisión do partido de balonmán entre o Frigoríficos do Morrazo e o FC Barcelona no Pavillón do Gatañal e sobre o uso das mochilas para dar cobertura aos eventos deportivos.

Tras afondar na dinámica da área de Deportes e ante as demandas colectivas e individuais de cámaras nos xulgados, a negativa e malestar de realizadores, técnicos de son, redactores... a traballar nestas retransmisións en condicións precarias que non serían, segundo a información recibida, un feito illado, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera aceptable cubrir e desenvolver estas retransmisións con mochilas tendo en conta os problemas técnicos e xornalísticos que se veñen producindo reiteradamente nestes últimos anos nas emisións?
2. Que valoración fai das demandas xudiciais de operadores de cámara nos xulgados arredor da práctica de ter que operar mochilas en retransmisión deportivas?
3. Ten coñecemento do malestar de redactores, realizadores, técnicos de son arredor dos problemas derivados da precariedade nas retransmisión deportivas?
4. Tendo en conta que a TVG foi das últimas canles en dixitalizarse a nivel estatal e autonómico, como valora que tras investir máis dos 13 millóns de euros previstos inicialmente non se conte con unidade móbil dixital?



5. Canto teñen investido na dixitalización ata a data?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Julio Torrado Quintela
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 10/01/2022 13:14:34

Noa Susana Díaz Varela na data 10/01/2022 13:14:45

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 13:14:56

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:15:03



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local da cidade de Ourense, aprobaba o expediente para a contratación do proxecto de humanización da rúa da Concordia. Trátase dun proxecto para dotar de sete ramplas mecánicas e a humanización completa da rúa.

Proxecto que non conta co visto bo da Intervención Municipal que fiscaliza de desconformidade a proposta elaborada para a licitación de Concordia, ao entender que non se respecta o principio de proporcionalidade nos criterios de adxudicación, que ve inxustificadas e que vulneran os principios de transparencia e igualdade para os licitadores.

Por outra banda tampouco conta coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. A aprobación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio é imprescindible por canto afecta a unha zona con edificios catalogados, xusto no lado da vía na que o Concello de Ourense pretende instalar pasarelas mecánicas.

Esta obra foi incluída na modificación orzamentaria dos 65 millóns de € aprobada polo Goberno municipal, no Plan de Cooperación Provincial da Deputación de Ourense, e para a execución da mesma tamén se anunciou que se incluíra na solicitude de fondos europeos de mobilidade sostible para o Concello de Ourense, da que recentemente coñecemos que non se aceptara ningunha proposta por parte do Ministerio.

O Grupo Municipal Socialista a medio de escrito presentado por rexistro ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Ourense, puxo en coñecemento da Consellería de Cultura que con data de 14 de outubro de 2021 publicouse no Perfil do Contratante do Concello de Ourense a licitación da intervención na contorna dos Edificios Catalogados que se relacionan no mesmo, sen autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, tal e como é preceptivo.



Concretamente no ámbito sobre o que se licita a intervención de instalación de diversas ramplas mecánicas existen sete edificios catalogados e incorporados ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo os artigos 30.1 e 31.4 da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia

O Catálogo na súa introdución di:

“... se establece un ámbito de protección o respeto, que, como norma general, alcanza al frente de la manzana donde se ubica el edificio protegido, y allí donde este criterio no pueda cumplirse, el equivalente a cinco veces la longitud de su fachada principal hacia ambos lados, espacio donde se produce una especial sensibilidad en la relación con los edificios colindantes y que condicionará las futuras actuaciones que puedan desarrollarse en dicho ámbito, y donde deberán componer sus fachadas en intimísima relación con las del ámbito y en especial con sus adjuntas, generadoras de ese ámbito de protección o respeto.

Si bien, este criterio puede ser discutido, constituye la vía para establecer la condición de conseguir la consonancia de las futuras intervenciones con el contexto, adecuándose al conjunto de los elementos protegidos, que deberán tener en cuenta ese recinto, para lo que, la C.T.M.P.B.C., así como la Administración Autonómica competente en materia de Patrimonio Cultural, informarán las licencias que se concedan en este sentido, para comprobar la adecuación de dichas intervenciones con los edificios catalogados.”

A Intervención proxectada en base ao catálogo precisa de informe técnico municipal e ditame da CTMPBC e da Dirección Xeral de Patrimonio.

En resumen, a Xunta de Goberno Local do municipio de Ourense resolvía aprobar o proxecto das obras de humanización da rúa Concordia, cun orzamento global de 4.646.435,97 euros (3.840.029,73 € de principal e 806.406,24 € de IVE) cun orzamento de execución material de 3.226.915,74 euros e o procedemento prescinde do trámite esencial nesta Intervención que é a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e se encadra na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o Concello de Ourense procedera a licitación das obras de humanización da rúa concordia sen a preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?
2. Que actuacións pensa facer ao respecto a Consellería de Cultura?
3. Vai paralizar a licitación das obras ante a falta de autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2022 13:20:38

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 13:20:46

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:20:55

Noa Susana Díaz Varela na data 10/01/2022 13:21:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:21:14



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Con data de 31 de decembro o Consello de Administración de Manzaneda Estación de Esquí S.A. (Meisa) acordaba adxudicar a xestión da estación de montaña de Manzaneda a compañía Artabria Turismo S.L., unha empresa creada 10 meses antes da adxudicación do contrato. Inicialmente unha empresa sen ningún tipo de experiencia algunha na xestión que motiva adxudicación.

Unha adxudicación, ademais, efectuada sen concurso público de ningún tipo, dun xeito total obscurantista e carente da máis mínima transparencia.

Lembramos que Meisa está participada maioritariamente pola Xunta de Galicia dende maio do ano 2020. Neste senso, a esa data, o reparto accionarial quedaba do seguinte xeito; a Administración autonómica contaba co 49.65 % das accións, o 49,45 % eran titularidade da Deputación de Ourense; o 0,62 % de Oca Hotels; o 0,14 % do Concello de A Pobra de Trives e o 0,14 % do Concello de Manzaneda.

Segundo consta publicado nos medios de comunicación a Mesa de Contratación tivo en consideración para a súa adxudicación a ampla proposta de usos e actividades que se prevén desenvolver para impulsar e desestacionalizar o xeodestino Manzaneda - Trevinca.

Pois ben, neste senso, a estación de montaña de Manzaneda iniciou a tempada de neve o sábado 27 de novembro. Nesa data, as balsas do sistema de innivación artificial non estaban nin á metade da súa capacidade. De haberse dado as condicións térmicas axeitadas, non habería auga suficiente para innivar a superficie da estación coas condicións previstas no proxecto dado que a Confederación Hidrográfica autorizou un caudal concesional máximo anual de 174.960 metros cúbicos, e as balsas poden acopiar 38.000 metros cúbicos entre as dúas existentes na estación de Manzaneda.

Neste senso, en agosto do ano 2016 foi redactado pola empresa Diagrama Ingeniería Galicia S.L. o proxecto de execución de obra denominado: “innivación artificial en la estación de esquí de Manzaneda”.



Dito proxecto serviu de base para a execución das obras nas que se instalaron os 29 canóns innivadores e se construíron as dúas balsas con capacidade para 13.000 metros cúbicos e 25.000 metros cúbicos.

Segundo a Memoria do Proxecto de execución da obra, “ *La capa superior de tierra vegetal se retirará previamente y será acopiada en las inmediaciones de la zona de obras, para ser reutilizada en las mismas como cobertura de la zona excavada y terraplenada. De esta manera se garantizará la rápida regeneración de la vegetación y se minimizará el impacto que estos movimientos de tierras pudieran producir sobre el medio ambiente*”

Segundo o informe emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, relativo ó estudo de impacto ambiental, a execución da obra de innivación considerábase viable establecendo, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Nos movementos de terras, deberase preservar o horizonte orgánico superficial para a recuperación das zonas de desmonte e terraplén. As zonas deberán ser revexetadas con materiais de preproducción propios da mesma procedencia local.
- b) Para os materiais sobrantes da escavación deberase presentar documentación complementaria con cartografía con suficiente grao de detalle para poder determinar as afeccións sobre os valores naturais do espazo e a súa posterior autorización.

No proxecto de execución da obra había unha partida para aporte e estendido de terra vexetal, destinada a rexenerar 10.480 M2 de terreos.

Na Declaración de Impacto Ambiental (DIA) formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia, de data 17 de abril de 2017, establécense como preceptivas as seguintes condicións ambientais para a execución da obra:

- Protección do solo e infraestruturas: os sobrantes de terras que se producirán nas obras deberán ser xestionados axeitadamente para minimizar as afección ao medio e dispoñer, en todo caso, dos correspondentes permisos para o seu depósito. Neste senso deberán elaborar un estudo detallado da súa xestión no que figurará a cantidade, destino, cartografía das zonas de depósito (temporais e definitivos), grao de afección aos valores presentes nesa zona de acordo co indicado no epígrafe:



- Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais desta DIA.

A día de hoxe as zonas perimetrais ás balsas como unha zona de aproximadamente 1 hectárea, entre a pista denominada Paso Perdices e as pistas Fontefría e Xabarín, atópase totalmente descuberta, coa súa superficie conformada polos áridos extraídos dos movementos de terras das obras, sen manto de terra vexetal e sen vexetación algunha, nun avanzado proceso de erosión.

Tamén se depositou un importante volume de rochas de gran tamaño no espazo situado entre a zona de pistas do pluviómetro e a pista do Regato, supoñendo un perigo engadido para os esquiadores que circulen por esa zona.

Así mesmo, previo ao inicio das obras, o promotor debería entregar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para a súa aprobación, entre outras, a seguinte documentación:

- a) Proxecto definitivo, Cartografía detallada da localización dos depósitos dos sobrantes das terras procedentes das escavacións.
- b) Plan de recuperación das zonas afectadas polas obras e das medidas compensatorias.
- c) Plan de restauración e integración paisaxística.

Do mesmo xeito, para asegurar a naturalización dos muros de contención das balsas de auga, en lugar de confiar na revexetación espontánea, deberán levar a cabo plantacións ou sementeira das especies autóctonas correspondentes, feito este que non se produciu posto que os muros de contención das balsas están tal e como quedaron ó remate da obra, sen ningún tipo de tratamento.

Igualmente, tanto na fase de obras como na de explotación, o promotor deberá levar a cabo, a través de entidade acreditada o plan de seguimento do nivel de ruído proposto no Estudo de Impacto Ambiental (EsIA).

Diante desta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o motivo de que non se enchesen as balsas ao longo de todo o ano 2021 para telas dispoñibles ao 100% ó inicio da tempada de esquí 2021-2022?



2. Logo das reparacións ás que foron sometidas as membranas impermeabilizantes das balsas, atópanse xa en condicións de uso?. Pódense encher ata a cota prevista no proxecto?. De non ser así, por que?
3. Vaise cumprir tanto co previsto no proxecto como coas preceptivas obrigas estipuladas na Declaración de Impacto Ambiental no relativo á protección do terreo?
4. Dispúxose dos correspondentes permisos para o depósito dos materiais extraídos no proceso de execución da obra?
5. Entregóuselle á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a totalidade da documentación requirida?
6. Cando se van a levar a cabo os labores de naturalización dos muros de contención das balsas?
7. Redactáronse os plans de seguimento de ruído, de restauración e integración paisaxística e de correcto funcionamento da rede de drenaxe, segundo establece a DIA?
8. Están presentados os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental debidamente asinados ante a Xunta de Galicia?
9. Está nomeada desde o primeiro momento a persoa responsable do cumprimento da DIA?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:22:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2022 13:22:46



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A noite do 28 de decembro na residencia de DomusVi Barreiro evacuáronse a varias decenas de residentes por mor dun incendio na planta baixa de dita residencia. Os bombeiros realizaron as actuacións pertinentes e afortunadamente non existiron consecuencias para a saúde das persoas residentes.

Tendo en conta a casuística do incidente e a probabilidade de que unha cuestión similar nun futuro poida ocasionar a evacuación dos residentes nas súas camas, é importante coñecer se as medidas das portas de saída son compatibles con ditas camas, tanto no caso das persoas residentes válidas, como no caso das residentes con dependencia.

Polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante coñecer este tipo de información nas residencias de maiores en Galicia. Tendo en conta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nun modelo residencial adaptado ás novas circunstancias, e onde as características arquitectónicas xogarán un papel fundamental, é preciso coñecer o estado actual das instalacións sobre todo en vistas a posibles situacións de emerxencia.

Por outra banda, tendo en conta o novo modelo de atención e a importante do número de traballadoras por cada residente, é fundamental analizar a proporción de traballadoras e traballadores por número de residentes que existe na actualidade nas residencias de Galicia adaptando os mesmos ás quendas de traballo.

En dito incidente na noite na que se evacuaron aos residentes da residencia DomusVi Barreiro, estaban 4 traballadoras (3 auxiliares e 1 enfermeira) para 150 residentes, aínda que o habitual neste centro, é ter a 3 traballadoras (2 auxiliares e 1 enfermeira) no quenda de noite. É urxente polo tanto tratar a cuestión do número de profesionais adaptada a cada quenda laboral, tendo en conta que durante a noite pódense dar incidentes que precisen dunha actuación inmediata por parte dos traballadores ou traballadoras do centro. Cada centro residencial ten o deber de anotar o número e tipoloxía de incidencias acontecidas, polo que



sería importante analizar esta cuestión para saber cando se producen e de que tipo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia suficiente o número de traballadoras ou traballadores das residencias actualmente para as quendas de noite?
- 2.^a) Tendo en conta os rexistros que elaboran os centros de atención residencial en Galicia en canto ás incidencias acontecidas, en que quenda laboral suceden a maioría das mesmas?
- 3.^a) Teñen constancia dende a Xunta de Galicia se os centros de atención residencial compren as medidas de saída de emerxencia respecto ao tamaño das camas para persoas con dependencia? Senón é así en todos os centros, que ten pensado facer a consellería competente na materia ao respecto?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 12:43:10

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:43:19

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:43:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a avaliación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza e o insuficiente desenvolvemento do marco legal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza, publicada no DOG o 27 de xuño de 2012, aprobouse co obxectivo de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que favorezan os procesos de democratización cultural; como espazos de formación e desenvolvemento; e como un punto de encontro cultural.

Con este marco legal pretendíase atender un novo concepto de biblioteca pública aberta superadora do concepto tradicional, creando así un marco adecuado para garantirlle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade e articular a nova realidade bibliotecaria galega.

Esta norma apostaba, segundo a Consellería, por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; polo traballo en rede no ámbito local a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade, que acheguen o servizo aos cidadáns; pola presenza da biblioteca fóra da súa propia sede, entendendo a biblioteca como un centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento dos servizos en liña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de se cumprir 10 anos da aprobación desta lei, cómpre facer unha avaliación do desenvolvemento regulador e da súa aplicación.

Neste sentido o que primeiro chama a atención é a falta de desenvolvemento regulador. Desde a aprobación da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza segue vixente de xeito transitorio o Decreto 41/2001, un regulamento que non se axusta á realidade social e bibliotecaria actual nin ao marco legal vixente.

Mentres tanto, o informe das bibliotecas públicas españolas que elabora o Ministerio de Cultura xunto coas comunidades autónomas ofrece datos negativos para Galiza, xa que en todos os parámetros aparece por debaixo da media estatal.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Por que o goberno do PP non desenvolveu a Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza desde a súa aprobación e publicación hai 10 anos?
- . Como valora o goberno a aplicación dos estándares das bibliotecas públicas de Galiza aprobados en 2014?
- . En que fase de desenvolvemento está o Mapa de lectura pública de Galiza? E o impulso aos plans municipais ou territoriais de bibliotecas?
- . Como se vai dotar o servizo de bibliotecas de máis recursos para poder actualizar o Mapa de Bibliotecas e os Estándares bibliotecarios?
- . Que medidas se van establecer desde o servizo de bibliotecas e desde a consellaría para facer cumprir os estándares de bibliotecas que se determinen desde a consellaría?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas está a desenvolver o goberno do PP para acercar o servizo bibliotecario aos concellos máis pequenos e aos núcleos rurais disgregados?

. O Mapa de bibliotecas de Galicia concluíu en 2016 que o 68% dos concellos galegos presenta unha baixa taxa de adecuación dos espazos bibliotecarios, o que provoca que moitas bibliotecas non poidan ofrecer aos usuarios a totalidade dos servizos ou que non alcancen a calidade necesaria. Que accións ten desenvolvido a Xunta para mellorar esta deficiencia?

. A respecto dos puntos de acceso informático, un 59% de bibliotecas presentaban un nivel de adecuación aos estándares baixo, o que permite concluír que poucas son as bibliotecas que acadan o estándar para este indicador. Que accións ten desenvolvido a Xunta para mellorar esta deficiencia?

. Canto ao persoal, só o 40% das bibliotecas de Galiza presentan un nivel de adecuación alto, sendo as de Pontevedra e A Coruña as que presentan as peores medias. Que accións ten desenvolvido a Xunta para mellorar esta deficiencia?

. Ten realizado a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a estratexia de mellora das bibliotecas públicas anunciado no Mapa de Bibliotecas Públicas de 2016?

. Cando ten previsto presentar o novo Mapa de Bibliotecas Públicas? O Mapa de 2016 indica que este deberá ser actualizado e publicado, polo menos, cada catro anos.

. Por que aínda non aprobou o goberno galego o Plan de fomento da lectura recollido na Lei 10/2007 do libro e da lectura despois de telo anunciado en diferentes ocasións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que o goberno galego non ten acrecentado nos últimos anos o orzamento para o mellor funcionamento das bibliotecas escolares conforme corresponde a un servizo público estrutural destas características?

. Como valora a Xunta os datos do último informe elaborado polo Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas que coloca Galiza entre as últimas comunidades en investimento público na rede de bibliotecas?

. Por que aínda non se ten avanzado na creación de servizos móbiles de atención a usuarias?

. Está a traballar o goberno para incluír as bibliotecas nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel da Axenda 2030 das Nacións Unidas?

. Que medidas se van establecer para que o servizo de bibliotecas e as bibliotecas centrais territoriais contén cos recursos necesarios (investimentos, persoal e mellora nas infraestruturas) para poder prestar apoio ás bibliotecas de proximidade da súa área de influencia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 13:36:14

Daniel Castro García na data 10/01/2022 13:36:17

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 13:36:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que a Xunta rectifique a decisión de restrinxir a atención sanitaria en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, e as medidas a tomar para garantir a atención sanitaria a toda a poboación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa decisión que ven de tomar a Xunta de Galiza de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, que co mesmo criterio podería estender a centos ao longo de todo o país, certifica a situación de colapso na que se atopa a Atención primaria que levamos, xa non meses, senón anos denunciando, e que pretendeu agochar, creando un relato fraudulento de que eran problemas puntuais.

Unha decisión que non podemos máis que cualificar de inaceptábel porque:

- Significa deixar a miles de persoas sen dereito a asistencia sanitaria, con risco para a súa saúde, porque as patoloxías aínda que non sexan de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gravidade precisan de atención para que non se agraven e porque a xente non pode aguantar durante días ou semanas, doentes crónicos que se poden descompensar: persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais... Non podemos volver aos diagnósticos tardíos.

- Só vai saturar aínda máis os PACs e os servizos de urxencias hospitalarias xa ou límite.
- Foi tomada sen sequera comunicarllo aos representantes dos traballadores, nunha nova mostra de desconsideración, falta de respecto, polo seu traballo e entrega.
- Chove sobre mollado, a situación da área sanitaria de Vigo, de novo á cabeza de Galiza en deterioro e falta de recursos.

A Atención primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario.

A Atención primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

Esta situación non é sobrevida, imprevista, achacábel a esta sexta onda da pandemia, senón que é consecuencia das políticas sanitarias que o PP con Núñez Feixóo á fronte leva 12 anos aplicando.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación que a pandemia non fixo máis que aflorar con toda crueza. A improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez Feixóo durante toda a pandemia volve pórse de manifesto.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando, baseada no desmantelamento da Sanidade Pública. 12 anos de recorte do orzamento, de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución. Como exemplo entre 2012 e 2017 xubiláronse 331 médicos de Atención primaria e só se repuxeron 221, 110 menos en 5 anos, a partir de aí a Xunta deixou de facilitar datos, ao igual que de 175 xubilacións de pediatras só se repuxeron 96.

A previsión é que nos vindeiros catro anos se xubilen 400 médic@s de familia, arredor do 15% do cadro actual, sen que haxa ningunha garantía de relevo, na actualidade xa hai máis de 50 cupos sen cubrir.

Unha situación que vimos denunciando, advertindo do que ía acontecer, demandando medidas, topándonos, ao igual que os miles de persoas que se teñen mobilizado e os profesionais co muro do PP, que se ten negado a escoitar as voces de alarma.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de profesionais e a falta de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade nesta Atención primaria saturada.

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública para garantir o negocio da privada.

Algún exemplo para verificar esta constatación:

O primeiro é que cando sería precisa unha auténtica aposta pola Atención primaria para sacala do colapso no que se atopa, o orzamento para 2022 aínda é máis baixo que no ano 2021, 2 millóns de euros menos, 47 millóns de euros menos que no 2009, hai 12 anos, que de aplicarlle o IPC, serían máis de 277 millóns de euros menos.

O segundo é que non rectifica a súa política laboral de precariedade e temporalidade, senón que non fai máis que empeorar as condicións laborais das/dos profesionais. Obrigar aos profesionais a traballar sen descanso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intersubstitucións, prolongar xornada, non poder gozar de días libres, vacacións...)

O terceiro é non facer nada para reter @s profesionais que rematan a súa formación. Un estudo realizado por “precarios pola atención primaria” conclúe que dos médicos de familia que remataron o MIR de Familia e Comunitaria nos últimos 5 anos arredor de 400, só a metade están traballando en atención primaria, e o máis grave é que cada ano a porcentaxe baixa, porque optan por outras oportunidades laborais onde se lles valora e respecta.

O cuarto non tomar ningunha medida para aumentar os cadros de persoal con novas categorías, nin activar as carteiras de servizo para que cada categoría profesional poida actuar con autonomía e @s doentes acudir a cada un deles directamente.

Se falla a atención primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado.

A necesidade de fortalecemento da atención primaria non permite máis demoras.

Teñen que deixar de botar balóns fóra, teñen que exercer de Goberno e tomar medidas, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai a Xunta rectificar a decisión de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo (Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá, O Rosal, A Guarda, Oia, O Porriño, Ponteareas, Tomiño, e Teis, Cangas e Moaña no horario de tarde)?

-Que medidas vai poñer en marcha para garantir a atención sanitaria en canto o precisen a todas as persoas adscritas a estes centros de saúde?

-Vai cambiar o actual modelo fracasado de atención primaria por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación?

-Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a atención primaria poida atender as necesidades sanitarias da poboación?

-Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en atención primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

-Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

-Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria ou de pediatras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que non incorpora a atención primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

-Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en atención primaria?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 13:42:29

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 13:42:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 13:42:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para aliar os danos producidos polo lobo e a convocatoria para 2022.

Sorprendentemente, no texto da orde dise que “a Consellaría de Medio Ambiente ten atribuída a ordenación e aproveitamento dos recursos cinexéticos” para xustificar a publicación das citadas bases, cuestión que supón unha grave ignorancia dos cambios normativos que se produciron no pasado ano en relación coa protección do lobo e a súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Rexime de Protección Especial (Orden TED/980/2021, de 20 de setembro, por a que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas).

En relación coa contía de axudas, na citada orde prevese unha dotación de 646.224 €, a mesma cantidade que o ano anterior, o cal non se corresponde nin cos anuncios da consellaría nin coas demandas do sector gandeiro, nin coas peticións das organizacións conservacionistas, que veñen demandando un incremento substancial das medidas preventivas e das axudas para compensación polos ataques do lobo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta está inmersa nunha campaña contra o lobo e contra o goberno central. Unha campaña de fortes tintes populistas e manipuladores, xa que utiliza como argumentos a situación creada polo marco normativo anterior, toda vez que aínda non houbo tempo para comprobar os efectos do novo. En realidade, o goberno galego séntese cómodo nun escenario de confrontación e de parálise, que é o marco propicio para encirrar os ánimos, magnificar situacións que se veñen dando desde fai décadas, e prender a mecha da lobofoobia.

Ademais, a Xunta intenta poñer paus nas rodas recorrendo nos tribunais a nova regulamentación e atrasando a aprobación da Estratexia estatal de conservación e xestión do lobo, na que se prevé un importante incremento dos recursos económicos para a xestión da especie, incluíndo as axudas para medidas de prevención e indemnización por danos.

En lugar de seguir unha estratexia de confrontación e de “canto peor mellor”, a consellaría de Medio Ambiente debe velar polo cumprimento da normativa vixente.

O artigo 9 do RD 139/2011 polo que se desenvolve o Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas establece e o seguinte no seu apartado 1:

Las especies incluidas en el Listado serán objeto de un seguimiento específico por parte de las comunidades autónomas en sus ámbitos territoriales con el fin de realizar una evaluación periódica de su estado de conservación. Este seguimiento se realizará de forma coordinada para aquellas especies que comparten los mismos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientales, hábitat o ámbitos geográficos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellaría de Medio Ambiente adxudicou o contrato para a actualización do estudo poboacional do lobo ibérico por un importe de 63.600 euros, un contrato que ten un prazo de execución de 10 meses e que debería concluír proximamente.

Por outra parte, a Xunta debe iniciar os traballos para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado coa Estratexia estatal que está pendente de aprobación. Este novo Plan debe facerse logo dun amplo proceso de participación, no que se conte con todos os sectores relacionados coa protección e xestión da especie.

Con carácter previo debería levarse a cabo un estudo de avaliación do grao desenvolvemento e cumprimento do Plan de 2008, coa finalidade de analizar os resultados das medidas levadas a cabo e tamén aquelas liñas de actuación que non se chegaron a desenvolver.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera a Xunta que a xestión de axudas aos danos producidas polo lobo teñen que ver coa súa condición de especie cinexética, tal como se deduce da orde do pasado 28 de decembro de 2021?

. Vai o goberno galego iniciar os trámites para a elaboración dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado co previsto na normativa e na estratexia estatal?

. Ten previsto a Xunta desenvolver como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do Plan durante os 12 anos de vixencia?

. Cando prevé a Xunta contar co novo censo do lobo, cuxos datos son especialmente relevantes para optar aos novos fondos previstos na Estratexia estatal?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta incrementar as axudas para compensación de danos producidos polo lobo e mellorar a súa tramitación?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:53:41

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:53:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao prezo da luz a comezos de 2022 e ás medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Despois dun ano 2021 de récord do prezo da enerxía eléctrica, 2022 comezou na mesma liña. É necesario recordar que o mes de decembro pechou cun prezo medio mensual no mercado maiorista eléctrico de 239,1 euros, o más alto da historia tras superar en máis de 39 euros os 200 euros/MWh de outubro de 2021.

O día no que se reiniciaba o curso escolar, o 10 de xaneiro, o prezo medio da electricidade no mercado maiorista volvía incrementar e facíao de forma espectacular, cun aumento do 82,2% con respecto ao domingo 9 de xaneiro, volvendo superar os 200 euros por megavatio hora. Desta forma, acadaba o prezo medio de 217,26 euros/Mwh cun prezo máximo entre as 19.00 horas e as 20.00 horas, con 294,98 euros/Mwh. Con respecto a hai un ano, o prezo do ‘pool’ para este día foi un 227,8% máis caro que o 10 de enero de 2021, de tan só 66,27 euros/MWh, coincidindo ademais coa borrasca Filomena.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario poñer esta situación nun contexto económico marcado pola pandemia da covid-19, a inflación xeral dos prezos e a situación concreta dos enerxéticos, disparados polos altos prezos do gas nos mercados e nos dereitos de emisión de CO2, tamén en máximos históricos.

Así mesmo, esta situación acontece amosando as debilidades estruturais dun sistema tarifario obsoleto e sobrecargado de elementos alleos ao sistema eléctrico, sen resolver polas medidas conxunturais adoptadas polo goberno do Estado. Así mesmo, isto acontece nun contexto no que segundo os datos que vén de facer públicos Rede Eléctrica Española (REE) sobre a xeración eléctrica no primeiro semestre de 2021 Galiza exportou no primeiro semestre do pasado 2021 o 35% da electricidade producida, destinándose a outros territorios que non soportan os custos ambientais e sociais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego o impacto para a economía da suba do prezo da enerxía?
- Como mide e valora o impacto nos fogares galegos?
- E nas pequenas e medianas empresas?
- Cre o goberno galego que este factor vai demorar a recuperación da crise económica da pandemia da covid-19?
- Que medidas e estudos valora ao abeiro das súas competencias?
- Que demandas traslada ao goberno central?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións vai impulsar o goberno da Xunta para situar Galiza nunha posición forte diante do grave incremento dos prezos da enerxía eléctrica?

-Considera que o noso papel produtor é un vector de competitividade?
Que fai para que así sexa?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 17:41:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 17:41:36

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 17:41:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a existencia de presuntas irregularidades no Obradoiro Río Arnoia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven subvencionando os custes derivados das posta en marcha do programa de obradoiros duais de emprego e da contratación das participantes nos mesmos.

Os programas duais de emprego procuran a formación e a empregabilidade de persoas desempregadas, incrementando a súa cualificación profesional, ao tempo que realizan un traballo produtivo de utilidade pública e social que se lle retribúe. A duración do período no que a formación compatibilizase coa práctica profesional é de 9 meses, durante os que a alumna-traballadora estará vencellada á entidade promotora por un contrato para a formación e aprendizaxe.

Así, a Xunta de Galiza anunciou a posta en marcha dunha nova edición do obradoiro Río Arnoia, promovido polos concellos de A Merca, Cartelle e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramirás, destinando ao desenvolvemento do obradoiro a suma de 347.000 € de fondos públicos.

A selección das persoas beneficiarias do programa, que durante 9 meses disporán dun posto de traballo ao tempo que recibirán formación teórica e práctica que lles permitirá obter un certificado de profesionalidade acreditativo das aptitudes adquiridas; correspondeu ás entidades locais promotoras. Proceso de selección que, presuntamente, estivo pragado de irregularidades e anomalías que puideron ser determinantes do seu resultado e, xa que logo, desvirtuar a finalidade do investimento realizado, de recursos públicos.

Segundo denunciaron diversas participantes a documentación que se presentaba non se rexistraba polo que non existía constancia da súa achega, impedindo a posibilidade real dunha revisión de eventuais omisións na valoración dos méritos presentados polas distintas candidatas.

Por outra banda, consta a vulneración do disposto na Orde da Consellaría de Traballo e Igualdade do 31 de decembro de 2020 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galiza, nomeadamente ás normas xerais de selección do alumnado-traballador. Así, no parágrafo 2º do art.10 se dispón que:

“No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos, deberá facerse de forma independente valorando primeiro os criterios subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No procedemento seguido polos concellos promotores (A Merca, Cartelle e Ramirás) a comunicación das valoracións realizouse conxuntamente, resultando, en boa parte dos casos, determinante da selección, o resultado dunha entrevista que non consta se realizase.

Para impugnar o proceso e o resultado outorgouse un prazo de 3 días naturais, coincidindo a publicación das listaxes cun venres, polo que dada a organización das entidades locais promotoras só existiu un día para a atención persoal das solicitantes e a aclaración das dúbidas existentes, extremos importantes para fundamentar unha eventual impugnación. Xa que logo, o proceso foi altamente irregular e o sistema para as impugnacións máis pensado para impedir o dereito de defensa que para evitar as arbitrariedades nas que puideran incorrer as administracións públicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza do procedemento de selección das participantes no obradoiro “río Arnoia” promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás e subvencionado integramente pola Xunta de Galiza?

Que xestións realizou ou ten previsto realizar a Xunta de Galiza para garantir que os recursos públicos son destinados polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás á finalidade pretendida?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que a entrevista como proba para a selección de aspirantes pode realizarse e puntuarse con posterioridade á valoración dos méritos obxectivos?

Coñece a Xunta de Galiza se as entrevistas foron efectivamente realizadas e, no seu caso, cales foron os criterios para as cualificacións?

Ten analizado as actas relativas ás entrevistas realizadas no proceso de selección de aspirantes ao obradoiro dual “río Arnoia”?

Considera que o prazo efectivamente outorgado para a impugnación da resolución permitiu garantir o dereito de defensa fronte a arbitrariedade da administración pública?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 18:19:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 18:19:18

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 18:19:26

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 18:19:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

Exposición de motivos

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Desgrazadamente, asistimos unha vez máis a unha nova mostra da necesidade existente de dotar á Comarca do Morrazo dunha ambulancia de reforzo, despois de que varias persoas tivesen falecido en circunstancias onde as únicas ambulancias da comarca estaban ocupadas e os profesionais médicos precisaron doutros servizos para poder achegarse a atender a emerxencia, sendo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu tempo de resposta superior ao que tería sido de contar cunha ambulancia de reforzo.

Nunha situación de crise sanitaria debemos poñer todos os recursos necesarios para que o servizo de emerxencias poida desenvolver o seu traballo nunhas condicións que permitan a máxima axilidade e seguridade sanitaria para levar a asistencia a quen o precise e contribuír a salvar vidas.

Ante a preocupación da veciñanza polo que está a ocorrer co servizo de emerxencias, é necesario que se fagan as investigacións e que se depuren as responsabilidades oportunas ante o que está a acontecer co servizo de emerxencias, e se a incorporación dunha ambulancia de reforzo á flota da comarca do Morrazo, pode axudar a axilizar e garantir un servizo fundamental en tempo e forma.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que, ante a falta notábel de medios, non se reforza o servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo?
2. Ante o aumento poboacional derivado do turismo e as necesidades actuais, dotarase dunha nova ambulancia ao servizo do 061 do Morrazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cal foi o tempo de resposta dos servizos do 061 nos feitos ocorridos durante os pasados decembro e xaneiro que remataron no falecemento de 3 persoas?

4. Por que se nega, a Xunta de Galiza, a facilitar os datos solicitados polas representantes das traballadoras no 061 da comarca e polos Concellos?

5. Cando se van facilitar os datos ao respecto da actividade asistencial do 061 na Comarca do Morrazo durante os anos 2020 e 2021?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 18:39:51

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 18:39:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2001 realizáronse sondaxes arqueolóxicas nos soares dos números 39-41 da rúa Marques de Valladares de Vigo onde apareceron diversos restos arqueolóxicos desde o mundo romano até a actualidade.

Con todo, o máis relevante foi a aparición dos restos dunha fábrica de salga romana moi ben conservada.

En 2005 asinouse un Protocolo de Intencións entre a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo para a musealización e posta en valor destes restos arqueolóxicos. Segundo este convenio, o concello comprometíase a:

- a) Adquirir a parte do soar en que se sitúan os restos arqueolóxicos.
- b) Subscribir coa construtora un convenio urbanístico para reordenar o planeamento nestes soares.
- c) Poñer a disposición da Consellería de Cultura a devandita parte do soar para acometer as obras de musealización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Facilitar o acceso ao soar a través do edificio con fronte á Praza de Compostela.

Pola súa parte, a Consellería de Cultura comprometéase a achegar os recursos técnicos e económicos precisos para a musealización e posta en valor dos restos arqueolóxicos da fábrica de salga romana.

Ao remate das obras, a Consellería de Cultura cedería ao Concello de Vigo a xestión e mantemento do centro arqueolóxico.

En agosto de 2007 estes importantes restos arqueolóxicos foron tapados á espera da decisión que se adoptase sobre a construción dun edificio prevista nos mesmos soares. Neste mesmo ano, o Concello de Vigo aproba definitivamente o texto do novo planeamento urbanístico e, atendendo as indicacións da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, consérvanse os restos arqueolóxicos in situ para musealizalos e conservar deste xeito a fábrica de salga.

A crise económica fai que os soares muden de propietario e en 2010 reanúdanse os trámites para edificar no soar, que deriva nunha nova resolución da Dirección xeral de Patrimonio Cultural demandando unha escavación arqueolóxica completa na totalidade do soar.

Este proxecto de obra nova e rehabilitación de edificio para vivendas, locais e garaxes na rúa Marqués de Valladares 39-41 e 43 de Vigo contou con informe desfavorábel do arqueólogo de Patrimonio, mais sorprendentemente a Dirección xeral de Patrimonio Cultural autorizou a obra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten autorizado definitivamente a Dirección xeral de Patrimonio Cultural o proxecto básico de rehabilitación e obra nova de vivendas, locais e garaxes na rúa Marqués de Valladares números 39-41 e 43, con esquina a rúa Colón de Vigo?

- Contou este proxecto con informes favorábeis dos arqueólogos da Dirección xeral de Patrimonio Cultural?

- Como se asegura o cumprimento do espírito do convenio asinado entre a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo en 2005 coas correspondentes obrigas a cadansúa administración, malia non estar na actualidade vixente? Prevese renovar este convenio?

- A obriga de conservar in situ os restos arqueolóxicos e musealizalos, nomeadamente a fábrica de salga romana, como afecta ao volume edificatorio previsto neses soares?

- Está prevista a construción dun edificio que albergará o centro arqueolóxico? Hai proxecto por parte da Xunta? Hai reservada partida económica para a construción e musealización? Con que calendarización se traballa?

- É coñecedora a empresa propietaria dos soares dos compromisos de conservación e musealización do patrimonio arqueolóxico descubertos nos soares?

- A parcela arqueolóxica que será cedida ao Concello de Vigo queda no interior da mazá: está xa previsto e acordo coas partes como vai ser o acceso público desde a rúa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Iniciaron conversas a Xunta e o Concello coa actual empresa inmobiliaria Tebra para a cesión dunha entrada pola Praza de Compostela, segundo prevé o convenio urbanístico?

- Garante a Xunta a plena conservación e musealización da factoría romana de salazón (séculos I-III d.C), así como a súa visita pública?

- Como afecta a obra de urbanización de vivendas á protección, musealización e acceso á fábrica de salga romana?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 10/01/2022 18:57:50

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2022 18:57:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 18:58:03



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 8 de xaneiro de 2004 cualificábase o edificio n.º 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela como de protección autonómica (vivenda protexida de propiedade privada), cunha duración da protección de 25 anos, finalizando o período de protección autonómica en xaneiro de 2029.

En xaneiro de 2021 a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) emitiu unha orde de desafiuamento das vivendas deste edificio, na que instaba aos inquilinos destas vivendas de protección autonómica que están en réxime de alugueiro a que as deixen libres no prazo dun ano. Prazo este que remata o vindeiro mes de febreiro.

Son varias as familias afectadas por esta decisión da Sareb. Nun principio 16 familias, algunhas das cales xa se cambiaron da vivenda ante a falla de noticias tanto da Sareb como da propia Xunta de Galicia. A día de hoxe seguen sen ter noticias e non saben se ao final terán que abandonar ou non as súas vivendas. A pesares de estar ao corrente nos pagos dos seus alugueiros e de se faceren ademais cargo dos gastos comúns do edificio, á Sareb non lles aporta solucións, nin sequera nos supostos de querer mercar as vivendas.

Non podemos pasar por alto de que se trata de familias que teñen vivendas en alugueiro de protección autonómica, e que se supón que a Xunta de Galicia debe de velar por esta vivenda protexida. Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Dende cando é coñecedora a Xunta de Galicia da orde de desafiuamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela?

2ª) Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galicia de cara a parar estes desafiuamentos?

3ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a forma de actuar da Sareb neste caso de vivendas de protección autonómica en réxime de aluguer?



4ª) Vai mediar o IGVS para evitar estes desafiuzamentos?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:20:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:20:32



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado día 21 de decembro de 2021 aparecía un caso de covid-19 entre o alumnado de infantil do colexio Gregorio Sanz de Ribadeo. Ao día seguinte, o centro educativo comunicaba a apertura deste positivo a través da aplicación informática, cargaba os datos na aplicación, informaba aos servizos covid e tamén se lles indicaba ás familias que os alumnos (22) debían de ser confinados á espera da chamada do persoal de control e rastrexo do Sergas.

As familias do alumnado confinado, nenos e nenas de cinco anos da aula de 6º de infantil do Colexio Gregorio Sanz de Ribadeo, estiveron a chamar dende o día 23 de decembro ao Servizo de Control, Detección e Rastrexo de Casos covid-19, e contestábaselle que alí non constaban como contactos estreitos, que non figuraba expediente, nin tampouco alerta.

O día 26 de decembro, o centro educativo volvía a comunicar a apertura dun novo expediente polo positivo de alumno, xa que en todo este tempo ninguén do Sergas se puxera en contacto coas familias dos alumnos confinados nin para realizarlles seguimento, nin para facerlles probas PCR, nin para indicarlles o que deberían de facer.

O día 27 de decembro nais destes nenos e nenas confinadas denunciaban nos medios de comunicación que 23 nenos deste colexio levaban 6 días confinados sen noticias do Sergas. Denunciaban que se estaba a incumprir o protocolo de control a raíz do positivo dun alumno de infantil do Colexio Gregorio Sanz de Ribadeo. Pedían responsabilidade e rigor no cumprimento dos protocolos e esixían compromiso por parte da Administración galega no control e seguimento destes casos.

O mesmo día que saía a denuncia das nais nos medios de comunicación, o Sergas, pola noite, citaba aos afectados para realizar a PCR ao día seguinte, 28 de decembro. Probas das cales saíron, polo menos, 4 casos positivos máis.



Por iso, a deputada e os deputados que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que no caso do alumnado da aula de sexto de infantil do colexio Gregorio Sanz de Ribadeo se cumpriu o protocolo despois do positivo dun alumno desa aula?

2ª) Cal ou cales foron os motivos de que 23 nenos e nenas do colexio Gregorio Sanz de Ribadeo estiveran durante 6 días confinados sen ter noticias do Sergas?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:45:55

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:46:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:46:18



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A principios de outubro do ano pasado coñeciamos que a industrial portuguesa Altri estaba a buscar un emprazamento para unha nova planta de fibra téxtil a partir de celulosa que daría emprego directo a 2.000 persoas, e que baralla a Mariña lucense como primeira opción.

A empresa non está soa na busca dese emprazamento para a súa nova planta, xa que a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %) e no que Altri sería o socio industrial e a implantación levaríase a través dos fondos europeos *Next Generation*.

Xa daquela, ante o anuncio feito por Altri de que a comarca da Mariña lucense era a primeira opción da multinacional papeleira para a súa futura planta de produción de fibras téxtiles de orixe forestal, alcaldes e alcaldesas da comarca reclamaban que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na Mariña, non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 % da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto. A Mariña lucense conta, por tanto, coa materia prima pero non ten a industria que a complementa e lle dea valor engadido. Non podemos obviar, tampouco, que o 43 % das cortas de madeira en Galicia e o 25 % de toda España céntranse no norte: Mariña lucense, Ortegal e Mariñas coruñesas.

No Debate de política xeral de 2021 o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propondrá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na provincia de Lugo, pero evitando comprometer ese apoio para a comarca da Mariña. De feito o noso grupo parlamentario propúxolle ao Grupo Parlamentario do PP unha proposta de transacción sobre a súa proposta de resolución nº 7 DEA baseada no anuncio feito polo presidente da Xunta), para que se estudiasse a posibilidade de que a dita planta de Altri se instalar na Mariña lucense e o Grupo Parlamentario do PP non a aceptou.



A mediados de novembro de 2021 o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña enviaba unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta de Galicia na que lle solicitaba unha reunión de cara a poder traballar conxuntamente na posibilidade da implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Mariña, de colaborar para superar calquera escollo administrativo que dificulte a súa implantación na Comarca e ofrecer a mellor situación posible para que este proxecto se poida materializar, que se for así suporía arredor dos 2000 postos de traballo directos. A día de hoxe esa carta non obtivo resposta.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego convocar e constituír unha mesa de traballo entre a Xunta de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e a empresa Altri, de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense?

2ª) Vai o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propoñer, se é viable, que a fábrica de fibras téxtiles se emprace na Mariña de Lugo?

3ª) Como valora o Goberno galego que a primeira opción amosada pola empresa lusa para radicar a súa nova planta de fibras téxtiles sexa a comarca da Mariña?

4ª) Que accións ten levado ou vai levar a cabo a Xunta de Galicia para que a posibilidade de que Altri se instale na Mariña se materialice?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 13:49:46

Martín Seco García na data 10/01/2022 13:49:59





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 10:22:17
Nº Rexistro: 27312
Data envío: 11/01/2022 10:22:17.427

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:50:15

CSV: BOPGDSPG-K1QJkv8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O servizo de HADO ofrece unha alternativa asistencial á hospitalización convencional, para atender entre outros a doentes oncolóxicos, infecciosos, con cirurxías complexas, crónicos ou en estado terminal. O obxectivo é que eses doentes reciban nas súas casas o conxunto de atencións e coidados médicos e de enfermería de complexidade hospitalaria.

O servizo de Paliativos/Hospitalización a Domicilio do hospital da Mariña creouse no seu momento xa dun xeito deficitario con 3 facultativos médicos, que prestaban atención de luns a venres pola mañás, e 5 profesionais de enfermería en quendas de mañá e tarde todos os días da semana.

Dende hai máis de 6 meses só hai dous médicos no servizo e incluso algúns días chegou a haber só un. Ademais os permisos e as baixas do persoal de enfermería non se están a cubrir, recaendo esas quendas de ausencias nos outros compañeiros do servizo.

Ante esta situación o Sergas adoptou a solución de que desaparecese na maior parte dos concellos da Mariña de Lugo a atención presencial que ata hai algo máis de 6 meses se viña a dar dende o servizo de paliativos/HADO dependente do Hospital da Mariña. O Sergas eliminou o servizo presencial en 10 dos 14 concellos da Mariña, quedando, polo tanto, máis do 60 % da súa poboación sen servizo presencial. Agora os doentes destes 10 concellos da Mariña que non teñen servizo presencial de HADO, entre os que se atopan enfermos crónicos ou terminais, o Sergas derivaos aos servizos de Atención Primaria, que como estamos a ver, e levan moito tempo denunciando os seus profesionais, están excedidos e saturados.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cando vai a Xunta de Galicia retomar a atención presencial do servizo de Paliativos/HADO na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña?





Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:21:00

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:21:14



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 723A relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do 3º trimestre do ano 2021 da partida 723A relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este baixo grao de execución orzamentaria no 3º trimestre do ano 2021 na partida 723A se poden acadar os obxectivos establecidos nela?

3ª) Cal ou cales son os motivos desta baixa execución orzamentaria no terceiro trimestre do ano 2021 na partida 723A?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 11:08:38

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 11:08:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a xestión por parte da Xunta de Galiza do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de se aprobaren os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Froito dunha emenda presentada polo BNG no Congreso e asinada conxuntamente por varios grupos parlamentarios representantes de comunidades con lingua propia dentro do Estado, incorporouse aos orzamentos para 2022 a creación dun fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais por un importe de 10,5 millóns de euros.

A incorporación desta emenda aos Orzamentos Xerais do Estado propón a recuperación dun fondo que xa funcionaba entre 2009 e 2011, que logo foi eliminado, co obxectivo de promover a produción de filmes en linguas cooficiais diferentes do castelán no estado español e respectar, asemade, a diversidade lingüística e cultural.

A aprobación desta emenda e incorporación da partida mencionada aos Orzamentos Xerais do Estado implica a transferencia deste fondo a través de convenios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos organismos competentes das comunidades autónomas con lingua propia diferente do castelán co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en linguas cooficiais como o galego.

Unha vez rematado o trámite de aprobación dos orzamentos xerais do estado cómpre activar desde o goberno galego a fórmula que permita que a industria audiovisual galega que está a crear na nosa lingua propia e oficial poida dispor deste fondo para avanzar no seu proxecto creativo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Mantivo a Xunta algún contacto co goberno do Estado para organizar a transferencia da partida dos Orzamentos Xerais do Estado destinadas ao fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais?

- Informou o goberno da Xunta a industria audiovisual galega da partida incluída nos Orzamentos Xerais do Estado para fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en galego?

- Como se vai efectivizar por parte do Estado o reparto da partida de 10,5 millóns de euros totais entre a industria audiovisual en galego en relación ás outras linguas cooficiais? Con que criterios?

- Que organismo competente xestionará este fondo?

- Como se vai efectivizar por parte da Xunta a distribución deste Fondo?

- Está previsto crear unha nova liña de axudas á produción en galego ou vaise sumar o importe deste fondo a algunha liña xa existente? De ser o caso da segunda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

opción, como se vai garantir que este crédito teña independencia e non sexa un plus absorbíbel?

- Cando se vai efectivizar por parte do Estado o convenio co goberno da Xunta para a transferencia da partida correspondente?

- Como vai distribuír o goberno galego a partida correspondente entre a industria audiovisual? Cales serán os criterios?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 11:57:06

Daniel Castro García na data 11/01/2022 11:57:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 11:57:19



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do 3º trimestre do ano 2021 da partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que con este grado baixo de execución orzamentaria no 3º trimestre do ano 2021 na partida 723B se poden acadar os obxectivos previsto nela?

3ª) Cal ou cales son os motivos de esta baixa execución orzamentaria no terceiro trimestre do ano 2021 na partida 723B?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 11:37:06

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 11:37:20



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No DOG do 11 de xaneiro de 2021 publicábase o extracto da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021.

As axudas tiñan como finalidade:

1. Proxectos innovadores, entendendo por tales os que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir produtos e equipos novos ou substancialmente perfeccionados, procesos ou técnicas novas ou perfeccionadas ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados no sector extractivo, tamén na transformación e comercialización.
2. Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos que reduzan os efectos da pesca sobre o medio ambiente, en particular mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo lograr un uso máis sostible dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos depredadores protexidos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cales foron os expedientes tramitados ao abeiro desta orde?
- 2ª) Cantos proxectos se presentaron?
- 3ª) Cantos proxectos dos presentados obtiveron axudas?
- 4ª) Cal foi a contía que se lles asignou?
- 5ª) Considera o Goberno galego que se cumpriron as expectativas desta orde?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 12:28:30
Nº Rexistro: 27367
Data envío: 11/01/2022 12:28:30.427

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:08:44

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:08:56

CSV: BOPGDSPG-K1QJKvg8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández e do deputado **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento da Xunta de Galiza da proposición non de lei aprobada en pleno a respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro aprobábase no pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo”.

Após máis de vinte anos de demanda social continuada en demanda da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo que permita recuperar un espazo natural medioambientalmente saudábel e economicamente produtivo como o foi hai anos, sendo unha moi importante alternativa de riqueza e creación de postos de traballo para a comarca da Coruña.

O Grupo Parlamentar do BNG trouxo a esta cámara ao longo desta lexislatura en varias ocasións un problema moi importante ao que a día de hoxe aínda non se lle procurou solución: garantir o pagamento de compensacións económicas aos mariscadores da Ría do Burgo que durante máis de dous anos non van poder realizar a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

súa actividade profesional e, polo tanto, soste os seus postos de traballo e ingresos correspondentes.

A aprobación da proposición non de lei arriba mencionada, a instancias do PP, e sen atender as propostas de emenda do BNG, volve constatar, por unha banda, a negativa do goberno da Xunta a participar no pagamento das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo que se vexan obrigados á inactividade, e, pola outra, a non abrir un proceso de negociación inmediato co goberno do Estado para velar polos intereses dos traballadores da Ría do Burgo, reforzando o desleixo mantido todos estes anos coa recuperación da ría.

Nos últimos días do pasado 2021 a empresa adxudicataria das obras, a unión temporal de Acciona e Matías Arrom Bibiloni, apenas iniciou os traballos previos de replanteo, mais os 80 mariscadores e mariscadoras afectadas nada saben da calendarización do inminente comezo das obras de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, da data de finalización dos plans de marisqueo autorizados pola Xunta de Galiza nin tampouco da achega dunha solución económica compensatoria por parte das diferentes administracións afectadas: a Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en pesca e marisqueo, e mais o goberno do Estado, titular da obra.

O goberno do Estado, en resposta ás preguntas do deputado do BNG Néstor Rego no Congreso, afirmou recentemente que os mariscadores poden presentar reclamacións xudiciais se consideran que as obras prexudican o seu patrimonio. Unha resposta improcedente pois non ten ningún sentido obrigir os traballadores da ría a abriren custosos procedementos de defensa xurídica para demostrar o que é ben evidente: durante o tempo das obras non poderán mariscar.

A resposta rotunda dos mariscadores xa foi feita pública: negaranse a retirar a cría dos bivalvos mentres non haxa un compromiso pechado por parte das dúas administracións responsábeis. Unha obra adxudicada en 32,2 millóns de euros de fondos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

européos ben pode asumir, por parte do goberno da Xunta e do Estado, un plan social de 700.000 euros por ano.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que xestións leva realizado o goberno da Xunta para facer cumprir a proposición non de lei aprobada no pleno do pasado 10 de decembro de 2021?

- Mantivo o goberno galego neste tempo algunha xuntanza cos mariscadores da Ría do Burgo para avanzar unha solución ás súas demandas de compensacións económicas durante o tempo en que se ven privados de faenar?

- Mantivo o goberno algún contacto ou reunión co goberno do Estado para avanzar un marco de negociación que protexa e garanta a sobrevivencia dos traballadores da ría?

- Que marco de actuación prevé a Xunta para defender os intereses dos mariscadores da Ría do Burgo mentres duren as obras que os deixa no abandono sen traballo nin salario de ningún tipo?

- É coñecedora a Xunta de que os mariscadores non poden acollerse ao cese de actividade por telo solicitado xa durante a pandemia?

- Valora a Xunta a posibilidade de adiantar os cartos das compensacións por inactividade obrigada aos mariscadores e logo reclamarllos directamente ao Estado, xa que dispón de asistencia xurídica propia a diferenza dos traballadores da ría?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:57:54

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 13:57:58

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 13:58:07



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os acordos anteriores sobre as condicións de exercicio da actividade da flota española e portuguesa nas augas interiores de ambos países supuxo durante moitos anos unha importante desvantaxe competitiva para a flota española, como así o levaba denunciando o sector dende hai tempo.

A flota galega e do resto do Cantábrico reivindicaba a necesidade de acadar a reciprocidade para acabar coas diferencias, xa que mentres a nosa flota amarraba por descanso as fins de semana os lusos podían faenar, e así, cando o luns partía a flota galega dos portos, aqueles que operaban con pavillón portugués xa dispuxeran para a súa venda en lonxa o produto capturado, mentres os barcos galegos estaban amarrados.

Ademais tampouco xogaban coas mesmas condicións técnicas, xa que as embarcacións lusas podían empregar o chamado “tren de bolos”, complementario do arrastre, pero os arrastreiros galegos tiñan unhas condicións restritivas para o seu emprego.

Polo tanto, espazo de traballo e mercado o mesmo, pero con distintas regras do xogo, moi desfavorables para a pesca galega.

Dende o pasado 1 de xaneiro deste ano, e grazas ás negociacións e acordo entre os ministros de Pesca español e portugués, ponse fin ao agravio comparativo que durante os últimos 35 anos denunciaban os arrastreiros galegos e do resto do Cantábrico, xa que os barcos portugueses podían faenar as fins de semana fronte a España e vender antes que eles as súas capturas nos mercados españois. Froito do acordo entre Portugal e España os portugueses non poderán faenar as fins de semana en augas españolas, xa que deberán de respectar os horarios establecidos na actividade e só poderán descargar en España a partir da medianoite do martes, ao igual que os españois no país veciño. Ademais tampouco poderán empregar o “tren de bolos”.

Todas estas medidas, recollidas no acordo luso-español, dan resposta ás demandas do sector español, especialmente da flota de arrastre do noroeste



español e das do cerco e arrastre do golfo de Cádiz, que reivindicaban un acordo estable, duradeiro e en igualdade de condicións que a flota do país veciño. Este acordo ten en principio unha duración de 5 anos prorrogable por 2 máis e marca as novas condicións para os pesqueiros españois e portugueses que faenan nas augas limítrofes dos dous países.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Como valora o Goberno galego o acordo entre os ministros de Pesca de España e Portugal que pon fin ao agravio comparativo que denunciaban os arrastreiros galegos polo que se permitía que os barcos portugueses podían faenar as fins de semana e vender as súas capturas nos mercados españois antes que os galegos, así como empregar o chamado “tren de bolos”?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:48:58

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:49:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado, Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do SERGAS.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual. Algúns dos casos, ademais, son situacións que veñen arrastrándose dende antes da situación pandémica, na que xa se viñan evidenciando os problemas de xestión para cubrir os cupos de profesionais necesarios no sistema de atención primaria.

O caso de Vilalba e a súa contorna de Terra Chá é paradigmático desta situación, existindo problemas tanto no centro de saúde da localidade como no PAC que da servizo a este concello e aos de Abadín, Cospeito, Muras e Xermade.

Vilalba, con máis de 14.000 habitantes, conta con 11 cupos de profesionais facultativos de medicina de familia e comunitaria, dos que soamente están sendo cubertos 8 tendo que redistribuír, entre eles, os outros 3 cupos de pacientes o que sitúa a súa ratio real en máis de 1700 pacientes por profesional. Isto provoca un aumento de carga asistencial entre os profesionais, que teñen que asumir xornadas máis longas ou concentración de asistencia no mesmo espazo de tempo. A maiores desta situación non resolta os 2 cupos de profesionais de pediatría están sendo cubertos por profesionais de familia e comunitaria, e a atención especializada que existía anteriormente estase a perder (oftalmoloxía ou reumatoloxía).



En Xermade, concello veciño, ocorre unha situación semellante, pois dos 3 cupos existentes hai non moito tempo agora a asistencia sanitaria de atención primaria está cuberta por un profesional, variable e que non está fixado ao centro de saúde.

O PAC que atende aos concellos citados sofre tamén as dificultades dunha xestión incompleta que dende o área sanitaria non consegue dar a cobertura de persoal que o centro necesita. Este escenario deixa con dificultades de cobertura a unha poboación de case 25.000 persoas (en torno a 1.800 en idade pediátrica)

A fixación de poboación en contornos máis rurais precisa duns servizos públicos que garantan calidade, e de maneira especial no caso do servizo sanitario, polo que é necesario desenvolver políticas de discriminación positiva cara o rural que garantan os seus servizos e a atención ás necesidades fundamentais da poboación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cando pensa o Goberno galego repoñer o completo dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba?
- 2.^a) Como explica o Goberno galego a perda progresiva de servizos sanitarios vinculados aos centros de saúde e ao PAC de Vilalba para os concellos da contorna?
- 3.^a) Considera o Goberno galego que a asistencia sanitaria en atención primaria está cuberta de maneira plena e total para os veciños deste conxunto de concellos?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Marina Ortega Otero

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27415
Data envío: 11/01/2022 16:33:08.755

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 13:44:57

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 13:45:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2022 13:45:19

Marina Ortega Otero na data 11/01/2022 13:45:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Logo dun procedemento fallido de licitación en libre concorrência do contrato de xestión integral das instalacións da Estación de Manzaneda de titularidade de Meisa (Manzaneda Estación de Esquí S.A), a Xunta de Galicia conxuntamente coa Deputación Provincial de Ourense, en canto que máximos accionistas, decidiron colocar ao fronte das instalacións á empresa Artabria Turismo SL.

Unha empresa constituída 10 meses antes e, a priori, sen ningunha experiencia na xestión deste tipo de instalacións.

Inicialmente as dúas empresas que concorreron –Taller de Enxeñería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 euros que se establecían nas plicas.

Segundo a Xunta de Galicia, así o manifestou a Sra. Nava Castro, directora xeral de Turismo na súa comparecencia diante da Comisión 3.^a deste Parlamento, a adxudicación a Artabria Turismo SL era unha solución transitoria e temporal.

Así mesmo, tras 40 anos de presenza, o Consello de Administración de Meisa adoptou, entre outras medidas, a expulsión do mesmo dos dous concellos nos que se asentan as instalacións da Estación de Montaña: A Pobra de Trives e Manzaneda. Expulsando aos alcaldes destes dous concellos, que son os primeiros interesados en que a Estación funcione e que xere actividade e riqueza, se está evitando que os maiores interesados teñan tan sequera voz para defender os intereses da comarca, conculcando os principios de transparencia que a Xunta de Galicia e a propia Deputación de Ourense deberían impulsar como regra fundamental de funcionamento da propia Meisa.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten reclamado neste Parlamento que se lle faga entrega do Contrato de Adxudicación da estación de Montaña de Manzaneda asinado coa empresa Artabria Turismo, amén doutra documentación, sen que a día de hoxe se teña remitido absolutamente nada.



Así mesmo, nestes últimos anos, dende o PSdeG-PSOE, tanto na Deputación de Ourense coma no Parlamento de Galicia, lévanse rexistrado varias peticións solicitando diversa información sobre a xestión de Meisa e o acceso ao expediente das obras de innivación artificial da estación de montaña de Manzaneda.

Entre outras respostas, neste caso dada por parte do Sr. presidente da Deputación de Ourense aos deputados provinciais socialistas, hai unha de data 21 de setembro de 2020 na que se lle indica o PSdeG - PSOE que o expediente mencionado se lle debía requirir ao Consello de Administración de Meisa.

Con data 25 de setembro de 2020, o Grupo Socialista na Deputación, dirixiu un escrito ao Consello de Administración de Meisa coa solicitude de acceso ao expediente mencionado, sendo enviado dito escrito ao correo oficial desta Deputación da secretaria de dito Consello de Administración.

Logo de 15 meses e de despois de que se celebrase algunha xuntanza do Consello de Administración de Meisa, o expediente segue sen ser remitido os representantes socialistas, xa sexa na Deputación ou neste Parlamento.

Diante desta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que prazos manexa a Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrência o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda?
2. De ser así, estase a traballar nos pregos, ou serán os mesmos que os do último procedemento?
3. Vai a Xunta de Galicia permitir que se reintegren no Consello de Administración os concellos de A Pobra de Trives e Manzaneda?
4. Vai remitir a Xunta de Galicia aos deputados/as do Grupo Parlamentario Socialista copia do expediente das obras de innivación da estación de montaña de Manzaneda? De ser a resposta afirmativa, en que data?
5. Vai proporcionar a Xunta de Galicia copia do contrato, incluíndo a última prórroga adoptada da xestión hoteleira da Estación de Montaña en favor da empresa OCA Hoteles?
6. Vai a Xunta de Galicia proporcionar unha copia da denuncia presentada no seu día por un membro da sociedade Meisa contra un acordo adoptado a finais de 2017?



7. Vai a Xunta de Galicia proporcionar copia da sentenza do Xulgado de Ourense que declarou nulo o acordo adoptado a finais de 2017 para a prórroga dese contrato en favor de OCA Hoteles?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/01/2022 17:23:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2022 17:23:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios
Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior numero de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estara constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga da LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.

2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.

3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario”, e fai referencia no seu texto a que “*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*”, causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algunhas CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivo destas CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade laboral e están sometidos a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións faino unha persoas con discapacidade.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galiza axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas “*a Consellaría de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade? Cantas? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

. Cantos convenios foron asinados por parte da Xunta de Galiza con *Ilunion Servicios Industriales*? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente?

. Que mecanismos de control, avaliación e seguimento levou a cabo a Consellaría de Emprego e Igualdade destas axudas? Cales foron os resultados acadados? Que medidas foron tomadas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 17:24:00

Daniel Pérez López na data 11/01/2022 17:24:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 17:24:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liña de axudas para a adquisición de vivenda protexida contempla a subvención pública de entre 12.000 e 20.000€ para as persoas que adquirisen unha vivenda protexida. A última convocatoria destas axudas foi realizada con data de 24 de xullo de 2021, un día despois da súa publicación no DOG. Segundo consta na Resolución de 7 de decembro de 2021 pola que se dá publicidade ao esgotamento de crédito destas axudas, a derradeira solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do crédito para a anualidade 2021 tiña data de entrada do día 28 de xullo de 2021 ás 15.34h, é dicir, que en catro días as axudas estaban esgotadas. Isto parece lóxico se temos en conta que o orzamento total para estas axudas era de apenas 450.000€.

Estas axudas enmárcanse nun modelo de vivenda protexida que non compartimos, xa que persegue exclusivamente a dinamización da construción e a posterior venda dos inmobles e carece de estratexia para o incremento do parque público ou de criterios de accesibilidade. Máis alá das consideracións sobre a idoneidade ou a prioridade destas axudas, resulta evidente que o principal problema é o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu nulo desenvolvemento práctico. Unha vez máis estamos ante axudas máis propagandísticas do que axudas con incidencia real.

A realidade é que estas axudas dificilmente poden chegar a todas as persoas que cumpren cos requisitos. Primeiro, pola falta de recursos e, segundo, porque o feito de que se esgote o crédito no mes de xullo, supón de facto a imposibilidade de que todos os contratos asinados nos meses seguintes poidan optar a elas.

Segundo se establece nas bases reguladoras e na convocatoria para o ano 2021, para poder optar a estas axudas os contratos de compravenda destas vivendas deben estar subscritos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. Porén, os contratos asinados con posterioridade ao 28 de xullo non tiveron a oportunidade de beneficiarse destas axudas por estar esgotado o orzamento. Ademais, os posibles beneficiarios que asinasen o contrato con posterioridade ao 30 de setembro, data na que se pechou oficialmente o prazo para a presentación da solicitude, nin sequera puideron concorrer oficialmente.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que as axudas cumpren coas expectativas e as promesas anunciadas?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o feito de que se esgotasen estas axudas en tan só catro días?
- Considera a Xunta de Galiza que o orzamento é suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas solicitudes de axuda á adquisición de vivenda protexida foron presentadas?
- Cantas destas se resolveron favorablemente?
- Cal é o número de unidades de convivencia que a Xunta calcula que se poderían beneficiar destas axudas?
- Que mecanismos teñen as solicitantes que adquirisen a súa vivenda con posterioridade á data de esgotamento do orzamento para se beneficiaren destas axudas?
- Ten intención a Xunta de Galiza de realizar cambios en futuras convocatorias que permitan garantir que as axudas cheguen a todas as unidades de convivencia que cumprisen os requisitos?
- Cal é o orzamento que considera a Xunta de Galiza que se precisaría para dar cobertura a todas as solicitudes que cumprisen cos requisitos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 10:21:17

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 10:21:20

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 10:21:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do abandono e dos erros da Xunta en canto á infraestrutura de saneamento de Noia xa vén de lonxe, pois foi necesaria a nova construción do colector de base debido á chapuza nas obras de 1995 cando se instalaron moitos tramos contrapendente. Unha problemática que foi levada ao Pleno da Corporación Municipal en novembro de 2010, quedando aprobada unha proposta para trasladar á Xunta -quen adxudicara as obras- a necesidade de esixir responsabilidades a quen correspondese pola deficiente execución daquela obra. Do mesmo xeito, o BNG trouxo ao Parlamento galego, en febreiro de 2011, unha iniciativa para que a Xunta esixira estas responsabilidades por mor da mala execución das obras, cuestión á que se negou a maioría absoluta do PP, que optou por cargar no erario público as consecuencias daquela desfeita.

Para paliar aquelas obras ineficientes, e tamén para modernizar e mellorar a rede de saneamento de Noia, no ano 2008, a Xunta redacta, a petición directa do Grupo Municipal do BNG de Noia, daquela con competencias en Urbanismo e control da Obra Pública, un primeiro Plan Director de saneamento de Noia. Un Plan Director cuxa execución conlevou unha mellora considerable do funcionamento da rede de saneamento mentres se puxo en marcha, como mesmo reconece o segundo Plan Director de Saneamento de Noia, que vimos de coñecer o ano pasado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Como consecuencia do Plan Director do 2008, no mandato municipal 2011-2015, a Xunta fixo investimentos de arredor dos 4'5M€ que serviron para paliar a mala situación dos colectores que se tiñan realizado contra pendente, coa construción dun novo colector base, e para a construción de novas estacións de bombeo que contribuíron ao aumento do caudal xestionado pola EDAR nos primeiros anos de funcionamento, durante o goberno municipal anterior. Dende a posta en marcha daquelas infraestruturas, e coincidindo coa entrada do Partido Popular na alcaldía no 2016, a Xunta esqueceuse do desenvolvemento daquel Plan Director e o novo goberno municipal de facer as xestións necesarias para buscar a súa colaboración na mellora da rede de saneamento, tan importante ademais para a calidade das augas da ría de Muros e Noia, principal motor económico no plano local e comarcal.

A día de hoxe, tanto a falta de investimento por parte da Xunta para a boa operatividade de todo o feito e para continuar coa planificación do anterior Plan Director, como o abandono das labores de mantemento por parte do actual goberno local de Noia, provocaron que as estacións de bombeo e a propia EDAR teñan un funcionamento deficiente que está a chegar aos niveis previos aos investimentos que se puxeron en marcha no ano 2013.

Como se pon de manifesto, aí ficou o Plan Director de Saneamento de Noia do 2008, nuns investimentos moi necesarios no 2013 pero nun posterior abandono por parte do Partido Popular na Administración galega e na local, o que propiciou un deterioro total da rede de saneamento que levou á redacción do segundo e actual Plan Director, un documento que comeza con mal pé polos inexistentes investimentos recollidos nos orzamentos da Xunta para esta anualidade.

Atopámonos logo cun Plan Director de 2021 que nos sinala unha situación moi deficiente. O equivalente a 4.100 habitantes, o 25% da poboación, vertendo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente ao medio, en moitas ocasións directamente aos ríos e á ría. Unhas cifras, ademais, que non deixan de empeorar cada ano, tanto nun inferior volume de augas xestionadas pola EDAR como nunha maior cantidade de puntos de vertido incontrolado no municipio. A isto hai que engadir, no caso da poboación que si está conectada á rede, que a infraestrutura no seu estado actual tan só é quen de xestionar, no mellor dos casos, o 42% das augas residuais que chegan ao sistema.

Por se todo o anterior non fora suficiente, hai que sumar aínda un polígono industrial que, alén de non ter desenvolto o chan para poder medrar, conta cun saneamento ineficiente e que verte directamente ao medio, factores que imposibilitan claramente o desenvolvemento industrial de Noia e a súa comarca e que a Xunta permite coa súa inacción.

En palabras textuais do Plan Director: “Como se observa na evolución do volume xestionado na EDAR, coa posta en servizo, no ano 2013, das novas estacións de bombeo principais do sistema de saneamento de Noia, prodúcese un incremento progresivo do volume tratado coa EDAR, alcanzando o seu máximo no ano 2016; a partir deste ano, obsérvase un descenso importante do volume no ano 2017 e no ano 2018 do 45% respecto do ano de máximo tratamento, incrementándose substancialmente esta tendencia nos anos 2019 e 2020”. (...) “En definitiva, esta secuencia indica que, se ben coa posta en marcha das novas estacións de bombeo no ano 2013 se produciu o efecto desexado (redución de verteduras e incremento de volume tratado), as deficiencias de mantemento cando non o abandono das novas infraestruturas de bombeo, teñen xerado unha involución nos datos de volume tratado que, de seguir na tendencia actual, rematará por reproducir a situación precedente á execución das novas estacións de bombeo do sistema de saneamento”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se pode comprobar, esta situación, pois, non a inventa o BNG, senón que é certificada pola propia empresa que redactou o Plan Director de Saneamento de Noia, a encargo de Augas de Galiza.

Moi ao contrario, tal e como se puxo de manifesto recentemente na tramitación dos orzamentos para o 2022, foi o BNG quen apostou por comezar dende xa a poñer solucións a esta situación, incluíndo nas emendas un investimento de arredor dun 1.325.000 € para realizar o primeiro paso deste Plan Director que se corresponde coa actualización e mellora da EDAR de Noia, unha emenda á que o Grupo Popular votou en contra.

O desleixo do Goberno galego cos problemas estruturais da rede de saneamento noiés é manifesto, e esta grave situación débese paliar canto antes coa posta en marcha das accións recollidas no novo Plan Director e coa colaboración entre Xunta e Concello para mellorar os labores de mantemento da rede.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- 1.- Considera a Xunta de Galiza que as actuacións e infraestruturas que permitan o saneamento e a depuración dos concellos galegos deben ser prioritarias para as Administracións?
- 2.- Que valoración fai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do estado das infraestruturas de saneamento e da EDAR de Noia?
- 3.- Que valoración fai de como ese estado está a influír na calidade das augas da ría de Muros e Noia e no desenvolvemento dese concello?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- En que medida ten previsto contribuír co Concello de Noia para levar a cabo o cumprimento do Plan Director de Saneamento elaborado por Augas de Galiza?

5.- Está disposto a aportar a cantidade que o Plan Director , 1.325.000 euros, que o propio Plan establece para a mellora e actualización da EDAR?

6.- Vai establecer un convenio co Concello de Noia para a xestión e o mantemento da rede de saneamento de Noia?

7.- Vai acordar co Concello de Noia o establecemento da calendarización de investimentos necesarios para poñer en marcha o resto das accións previstas no Plan de Saneamento para a mellora da rede de saneamento?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:39:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:39:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa ao convenio colectivo de XEAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroalixes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito continuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao “adelgazar” cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificado a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do convenio propio. Despois das tres reunións mantidas no marco da mediación solicitada polo comité no Consello Galego de Relacións Laborais para desbloquear as negociacións, a empresa rachou as mesmas de xeito unilateral, coa vontade meridiana que o convenio propio perda vixencia e decaía, para así aplicar o sectorial, de condicións inferiores.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, é incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á situación de conflitividade laboral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que existe a día de hoxe, que ameaza o mantemento do emprego e condicións laborais nas fábricas de Cee e Dumbría.

Atendendo a isto, é difícilmente xustificábel manter unha posición equidistante por parte do goberno galego, máxime cando estamos a falar dunha empresa que se beneficia de axudas públicas e que pode estar incumprindo, atendendo aos pronunciamentos xudiciais, as condicións dunha concesión pública sobre a que a Xunta ten competencia. E sobre todo, cando ese comportamento empresarial pon en perigo o mantemento de máis de 250 postos de traballo.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Ante isto, so cabe que o goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta, poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación. Sendo moi necesaria a mediación política do goberno galego para atopar unha saída á tensa situación sociolaboral que se vive na comarca, facendo valer as prerrogativas que lle confire o feito de tratarse dun complexo industrial anoad, de xeito indisolúbel, á concesión da explotación de centrais hidroeléctricas que constitúen un recursos público.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto o goberno galego mediar entre a parte social e patronal na procura dunha solución á situación de conflictividade sociolaboral enmarcada na negociación do convenio propio de empresa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que XEAL está obrigada ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas con base nas cláusulas da concesión de explotación das centrais hidroeléctricas?

Considera o goberno galego que XEAL está cumprindo coas cláusulas de vinculación de actividades?

Comunicoulle a Xunta de Galiza á empresa a posibilidade de reversión dos dereitos de explotación das centrais hidroeléctricas no caso de incumprírense as obrigas de mantemento de emprego e actividade das cláusulas concesionais?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 12/01/2022 13:37:24

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 13:37:29

Daniel Pérez López na data 12/01/2022 13:37:37



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No mes de xuño do ano pasado foi inaugurado polo presidente da Xunta de Galicia o albergue de peregrinos da cidade de Vigo. O edificio de seis plantas ten capacidade para albergar a 93 persoas. O albergue “Juan Manuel López Chaves” dispón de sete habitacións, cociña, comedor, área recreativa e aseos.

En Vigo existen outros dous albergues xestionados polas asociacións veciñais de Saiáns e O Freixo (Valadares) optaron por pechar no primeiro caso, mentres que o segundo reconece que apenas ten estancias.

As cifras de 2019 de peregrinos e peregrinas do Camiño Portugués alcanzaron cifras xa inimaxinables hoxe en día pola pandemia da Covid-19, que superaban os 96.000. Pero a Asociación de Amigos do Camiño Portugués confiaba en que 2021 rematase con 60.000, entre as dúas variantes, polo interior e pola costa. A cifra rebaixouse finalmente a 45.000, segundo a asociación.

O maior contratempo sufriuno o Camiño Portugués pola Costa. Os peregrinos que optaron por esta opción supoñen arredor do 25 % do total, o que supón algo máis de 11.000 persoas, a metade que en 2019.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cantos peregrinos e peregrinas pernoctaron no albergue Juan Manuel López Chaves da cidade de Vigo desde a súa posta en funcionamento o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2021?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 13:47:59
Nº Rexistro: 27617
Data envío: 12/01/2022 13:47:59.867

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 13:39:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos alude á importancia do control cidadán sobre a actividade governamental nunha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

No mesmo sentido, establece que os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

A dita lei establece no artigo 2 os principios reitores que se sinalan:

“a) Principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante e mais toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

b) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

c) Principio de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

d) Principio de veracidade, en virtude do cal a información pública será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.



e) Principio de responsabilidade, que supón que as entidades suxeitas ao disposto nesta lei son responsables do cumprimento das súas prescricións.

f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, que supón que as entidades suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei arbitrarán os medios necesarios para poñer á disposición da cidadanía a información pública na lingua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

g) Principio de reutilización da información, polo que se facilita a difusión dela en formatos abertos para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.”

Xa que logo, reforzar a transparencia do noso sistema político, ademais dun mandato legal, é unha das funcións mais salientable que debe cumprir o conxunto dos poderes públicos de Galicia, dando resposta á crecente demanda cidadán existente neste sentido.

É neste contexto no que se propugna esta iniciativa , que ten por obxecto que instar a Xunta de Galicia a creación da Oficina de Control Orzamentario, dotada da necesaria independencia respecto do poder executivo da Xunta de Galicia e co fin de garantir o necesario asesoramento parlamentario nas cuestións que fan referencia á execución orzamentaria, así como para afondar nas análises económico–financeiras nos traballos a desenvolver pola Cámara lexislativa galega.

Daríase resposta deste xeito á necesidade de articular no Parlamento de Galicia un mecanismo eficaz de asesoramento técnico que vén sendo demandado desde os diversos grupos parlamentarios, baseado nos principios de obxectividade, transparencia e independencia, e co obxecto de facilitar igualmente a información dispoñible para o conxunto da cidadanía galega.

Así, a Xunta de Galicia deberá en todo momento, vía informática, e por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados, informar ao Parlamento de Galicia da súa execución orzamentaria.

Entre as funcións asignadas a esta Oficina de control orzamentario estarían as de:



- a) Asesorar tecnicamente aos grupos parlamentarios en materia orzamentaria.
- b) Servir de apoio aos órganos da Cámara, aos grupos parlamentarios e a os deputados e deputadas no control continuado na fase de execución dos Orzamentos anuais da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico dependente dela.
- c) Informar aos grupos parlamentarios e aos deputados e deputadas, especialmente aos membros da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, da documentación relativa á aprobación, execución e liquidación do orzamento.
- d) Elaborar informes, comunicacións o resumes sobre a documentación á que se refire o apartado anterior, así como sobre a documentación de carácter económico e orzamentario recibida na Cámara, tanto por iniciativa propia da Oficina de Control Orzamentario, como por solicitude dos grupos parlamentarios ou da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.
- e) Facilitar aos grupos parlamentarios e á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a documentación suficiente que afecte a cada comparecencia con carácter previo.
- f) Asesorar á Ponencia da Comisión correspondente na tramitación do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.
- g) A información, asesoramento e apoio sobre calquera outra actividade parlamentaria de seguimento e control continuado do orzamento.

Ademais a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar tanta información considere e solicitar, no seu caso, as oportunas explicacións. Ao fronte deste departamento podería ser nomeado un director ou unha directora, entre persoas independentes e con experiencia nas disciplinas económicas e orzamentaria.

A creación desta Oficina de Control Orzamentario igualmente afondaría nos aspectos da información periódica de carácter orzamentario e financeiro que debe ser facilitada pola Xunta de Galicia, no tocante ao grado de execución das diversas partidas que conforman o gasto público, á vez que completa a información non soamente aos orzamentos limitativos da Administración xeral



autonómica e dos seus entes autónomos, senón para o conxunto do sector público galego, obtendo unha información máis ampla e integral.

Mais cando o conxunto de sociedades, entes de dereito público e fundacións do sector público, moven unhas dotacións de centos de millóns de euros, e dos que actualmente non se recibe información periódica no transcurso do correspondente exercicio económico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Considera a Xunta de Galicia que a creación dunha Oficina de Control Orzamentaria, independente do poder executivo e adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, contribuíría de xeito importante ao necesario control que a cidadanía, a través dos seus representantes, deben ter sobre as actividades do goberno, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 09:24:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 09:24:24



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia viña experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada. A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte: En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.

En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10. Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) Cantos proxectos adicionais en Galicia están en marcha? Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros? Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes.

En setembro do 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos case 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos. Un aforro, que motivado pola crise da Covid-19.



A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento en Galicia, que atenda a captación externo como ao procedente do aforro dos galegos e das galegas?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 13:47:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 13:47:12



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A situación da Atención Primaria en Galicia está no límite. A sobrecarga asistencial á que son sometidos as e os profesionais choca con anos de recortes e desatención do sistema por parte do Goberno autonómico que afrontan, agora, as súas crúas consecuencias.

A pandemia provocada pola Covid foi un test de estrés absoluto para o sistema sanitario, e de maneira moi especial para a Atención Primaria que foi a primeira fronte de batalla ante a avalancha de casos, necesidades de probas, avaliación de cada situación individual, seguimento e protección da poboación en termos de saúde comunitaria. O rendemento do conxunto das e dos profesionais do sistema galego público de saúde foi excepcional, mais a realidade é que case dous anos despois o sistema reséntese de atoparse ante o voluntarismo extremo destes profesionais como principal arma. Se xa antes da chegada da Covid a Atención Primaria clamaba por unha necesaria reformulación, froito do aumento da súa carga asistencial (avellentamento da poboación, cronicidade...), pero tamén como oportunidade ante a posible incorporación de novas profesións e ampliación de capacitacións dos profesionais xa existentes, a pandemia acelerou todos os problemas e puxo ao sistema ante o espello de si mesmo para comprobar a debilidade dalgunhas costuras.

Por afrontar algúns datos: en termos de déficit de persoal, o principal eixo dos problemas actuais do sistema, a sanidade galega ten agora mesmo case 1.000 profesionais menos en Atención Primaria que no ano 2009, o que evidencia a política de recortes e como esta afectou especialmente ao nivel de primaria.

A maiores disto, en termos de formación dende 2009 e a chegada dos gobernos de Núñez Feijóo a Galicia a Comunidade Autónoma renunciou a formar ata 150 médicos de familia e comunitaria que podían ser ofertados a través das distintas convocatorias MIR, que ademais nunca foron potenciadas polo Goberno estatal ata a convocatoria 2019, a primeira dende a moción de censura de xuño de 2018. O Goberno de España non permitía aumentar a convocatoria e Galicia non ofertaba todas as prazas posibles renunciando a formar profesionais que hoxe estarían dispoñibles. Hoxe estas convocatorias MIR abertas polo Goberno de



España aumentaron nun 40 % para médicas e médicos de familia e un 30 % no caso da pediatría.

As condicións laborais que se ofertan no sistema galego están entre as de peor calidade de España para Atención Primaria, con contratación moi precaria sobre todo en termos de temporalidade. Os contratos de continuidade, para cubrir substitucións, teñen duración menor e maior inestabilidade xeográfica que as demais comunidades autónomas que os ofertan.

Os recortes de persoal, sumados a unhas precarias condicións laborais e a renuncia a formar profesionais ofrecen agora un duro panorama. Non en tanto, aínda son posibles algunhas medidas que Galicia tarda ou evita potenciar. Entre elas, fundamentalmente, está a aposta pola multidisciplinariedade real no eido da Atención Primaria, fuxindo dun sistema excesivamente médico – centrista que permita ampliar o abanico de profesionais, diversificando as posibilidades de atención, liberando aos facultativos de espazo e tempo e facilitando unha atención máis específica das problemáticas das e dos pacientes. A incorporación dun verdadeiro número de fisioterapeutas, a conectividade real da saúde mental coa Atención Primaria (que xa ten sido testada en programas piloto hai tempo dentro do propio Sergsd con resultados prometedores), a incorporación de servizos de podoloxía, maior número de traballadoras sociais, a ampliación real de capacitacións de enfermería, a creación de novos espazos como a xestión de caso e demanda ou a formación de persoal administrativo específico para atención primaria permitiría desafogar un sistema que mantén un funcionamento que provoca nós e embigos nos procedementos. A pesares de existir estas propostas en todos os debates, diálogos e comisións de traballo que se constitúen, non existe unha política decidida de afrontamento dun verdadeiro cambio de modelo, que devolva as xerencias en atención primaria dentro das direccións das áreas sanitarias, con autonomía e capacidade orzamentaria e de xestión.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao límite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno de Galicia que ten a capacidade de afrontar realmente un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue ás e aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial?
2. Que razóns cre o Goberno de Galicia que explican a situación límite actual do sistema de atención primaria de Galicia?
3. Que previsión ten o Goberno de Galicia para reformular o modelo de Atención Primaria actualmente en funcionamento?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 10:35:09

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 10:35:16



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 24 de maio de 1999, o presidente da Xunta de Galicia inauguraba a autoestrada do Val Miñor (AG-57), a primeira vía de alta capacidade propiedade da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia concedeu a explotación das súas autoestradas á empresa Autoestradas de Galicia, pertencente ao mesmo grupo do que forma parte Audasa, concesionaria da explotación da autoestrada do Atlántico. Esta concesión da AG-57 rematará en febreiro de 2045.

O Executivo autonómico comeza este ano 2022 coa subida de tarifas da AG-57 en 5 céntimos, feito que volve a indignar a poboación do Val Miñor. Circular desde Vigo a Vincios sae en 0,40, a Gondomar 0,90, a Nigrán 1,15 e ata Baiona 1,70 céntimos.

As viaxes entre os tres concellos miñoranos tamén son máis caros. Desde Vincios custa 0,55 ir a Gondomar; 0,85 a Nigrán; 0,70 ata A Ramallosa e 1,40 ata Baiona. O traxecto entre A Ramallosa e Baiona ascende a 0,70 céntimos; o que une Nigrán con Baiona págase a 1,15 euros e o que se sitúa exclusivamente por Nigrán, entre Porto do Molle e Ramallosa, chega ós 0,35 céntimos.

A Xunta de Galicia, lonxe de liberar esta autoestrada o que fai dende o 1 de xaneiro deste ano é volver a subir a tarifa da AG-57 en 5 céntimos, por iso o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que rebaixe as peaxes da autovía AG-57 que une Vigo cos tres concellos do Val Miñor, mentres o Goberno autonómico non liberalice a peaxe desta autoestrada.

Os concellos do Val Miñor veñen reclamando desde hai anos liberar a peaxe desta autoestrada, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, cás vantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como a desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.



Tal medida contribuiría a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non impoñen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da Comunidade Autónoma son gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) .

A propia Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *“nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou **anular** o pagamento directo pola persoa usuaria”*.

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu as tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias. Igual que acontece coa aprobación do desconto do 100 % na viaxe de ida e volta ás familias numerosas, que se fixo efectivo a mediados de agosto do ano pasado. A maioría das persoas usuarias desta autoestrada non compren estes requisitos.

Os tres alcaldes do Val Miñor, xunto co Grupo Parlamentario Socialista, volvemos reclamar ó Goberno autonómico deixar libre de peaxes a AG-57 para convertelo na auténtica circunvalación dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona. Esta é unha vella reclamación da veciñanza e representantes políticos do Val Miñor. O Executivo autonómico é o propietario da Autoestrada do Val Miñor e os tres alcaldes coinciden en eliminar a peaxe da autoestrada AG-57.

A Autoestrada AG-57 é a vía que une de xeito máis rápido e directo o Val Miñor con servizos básicos como o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares. Ir ao médico ou estudar non pode significar para a veciñanza do Val Miñor un plus de desembolso con respecto a outras áreas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes, mantendo a tarifa do ano 2021, para a totalidade das persoas usuarias da citada autoestrada autonómica, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57)?
2. Cando vai presentar a Xunta de Galicia os estudos precisos para proceder á liberalización da peaxe da autoestrada competencia da Comunidade Autónoma AG-57 de Puxeiros – Val Miñor?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2022 10:58:57

Patricia Otero Rodríguez na data 13/01/2022 10:59:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 10:59:15



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás a minería, unha área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia.

Mentres en Galicia a presenza desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presenza mais notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e en Porriño.

Concretamente a comarca de Valdeorras e a zona española que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída, nesa comarca prodúcese arredor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do existente no mercado nacional. Estimándose que o sector da lousa ocupa 2.400 postos directos e 10.000 inducidos.

A lousa é un sector vital e estratéxico para Valdeorras, tamén para a Provincia de Ourense, dinamizador do entorno rural e polo dinamismo que achega a outros sectores económicos.

Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose destacaba o crecente número de casos que se acercaban as súas instalacións situadas en Oviedo, procedentes de Galicia, en concreto nas áreas con canteiras de loseta e pedra.

Como anteriormente referimos a silicose afecta aos traballadores e traballadoras onde teñen contacto con partículas de sílice en suspensión por elo son os traballos en canteiras, graveras e areneiras onde a presenza de persoas afectadas teñen unha maior densidade, así o aseguran os sindicatos con presenza no sector e tamén estudos realizados no sector da lousa por parte do INS.

Segundo o informe “Novos casos de silicose no sector da lousa” realizado polo INS que comezaba no ano 2008 e finalizaba no ano 2018, sinalaban a evolución dos casos durante a década que abarcou o estudo, o número de persoas afectadas pasaba de 14 no 2008 a 126 no 2018.

O Instituto detectaba 126 novos casos en 2018, 92 en 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo os datos dos 41 traballadores en activo



diagnosticados con neumoconiosis simple, 37 proceden do sector da lousa . De eles catro presentan enfermidades intercurrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC). Outros tres traballadores deste grupo proveñen do sector de granito, desenrolan o seu labor en naves de elaboración, e un deles presenta EPOC como enfermidade intercurrente.

Dos nove traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis complicada, seis proceden do sector da lousa. E outro das persoas traballadoras deste grupo pertencente o sector do granito, un deles traballa nunha canteira e outro nunha nave de elaboración. A persoa traballadora restante traballa na construción.

A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen a enfermidade traballaron nas pizarreiras. Os rexistros que manexa o INS indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos do Estado, moi por diante de León e Asturias.

Os sindicatos e as mutuas das empresas, proporcionan informes sobre o estado da persoa afectada pola silicose, ese traballador debe desprazarse o INS onde se avalía o seu estado.

Si ben, antes acudían o centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, na actualidade acoden o Hospital Universitario de Asturias (HUCA) , o cal engloba na actualidade o Instituto Nacional de Silicose, unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral.

A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo polas xestións feitas polos sindicatos do sector de maneira gratuíta.

Ante a situación actual, na que nos encontramos en que na última década os casos de silicose se multiplicaron por dez e a enfermidade afecta cada vez a traballadores mais mozos, os empresarios e o sindicato UGT asinantes do Convenio Colectivo de Traballo de Lousa de Galicia para os anos 2020 – 2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, no seu artigo 46 recolle de forma textual :

“por outra banda y en relación ca silicose, as partes asinantes do presente convenio, se comprometen a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación de un centro de referencia u organismo similar de ámbito galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa “

O Grupo Parlamentario Socialista recolle esta reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal nos últimos anos, trasladada agora o convenio colectivo



antedito, co fin de evitar os traslados das traballadoras e dos traballadores a Oviedo, con todo o coste que elo conleva, e dada a incidencia que temos na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e en Porriño, entendendo necesaria cando menos a creación de dúas unidades de referencia dentro da rede do Sergas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego da alta incidencia de silicose na nosa comunidade autónoma, no que se detectaron 70 novos casos no ano 2020 e 92 no 2019?
2. Que actuacións concretas, en relación coa enfermidade profesional da silicose, están realizando as consellerías con competencias na materia, nomeadamente Emprego, Industria e Sanidade?
3. Valora o Goberno galego por en marcha un plan programa integral de silicose de Galicia que conte ca participación das consellerías con competencias na materia de emprego, sanidade e industria?
4. Valora o Goberno Galego a creación dunha unidade ou unidades de referencia de ámbito galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e a pedra?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2022 11:33:37

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 11:33:47

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 11:33:53



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase nun contexto complexo para os centros de atención residencial motivado unha vez máis pola pandemia. Os contaxios de residentes e persoal nas residencias continúa crescendo de xeito preocupante, especialmente en residencias coma Raiola O Hórreo, e a de Bembrive de Vigo que conta con máis do centenar de afectados, converténdose no maior foco de contaxios do último ano.

A nova variante da Covid, omicron está desafiando a velocidade de transmisión do virus, polo que é preciso adiantar os recursos a esta nova realidade.

Tendo en conta a situación actual, o colapso laboral nos centros de atención residencial debido ás baixas do persoal por contaxios ou corentenas, pode poñer en risco a atención ás persoas maiores residentes. Polo que é preciso unha actuación inmediata por parte da Administración competente.

A gravidade das casuísticas de contaxios nos centros de maiores é menor, debido ás vacinas que chegaron a Galicia a través da partida de máis de 1000 millóns de euros por exercicio presupuestario do Ministerio de Sanidade, non obstante non garante que poidan existir casos graves en persoas con patoloxías previas fundamentalmente, polo que é preciso un protocolo inmediato.

Polo tanto é urxente que o Goberno galego volva a facer públicos na páxina oficial da Xunta o número de contaxios e falecementos por Covid nos centros de atención residencial, para coñecer a realidade por parte da cidadanía así como do propio sector. É importante coñecer se existen casos graves ou falecementos nestes centros con diagnóstico en Covid, tanto dos residentes como do persoal laboral de ditos centros.

É urxente ademais saber se a Xunta de Galicia suspendeu ou non as probas diagnósticas PCR de covid en decembro de 2021, principalmente para os traballadores e traballadoras que se incorporaban tras vacacións, ou novas incorporacións entre outras.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Ten pensado a Consellería de Política Social intervir os centros de atención residencial que o precisen para incrementar o reforzo de persoal e material ante tal situación?
- 2.^a) Existen casos de falecemento ou agravamento por covid nos centros residencias?
- 3.^a) Deu orde a Xunta de suspensión de realizar probas PCR nos centros de atención residencial para o persoal de nova incorporación ou regreso de vacacións?
- 4.^a) Por que a Xunta de Galicia deixou de publicar dende o ano pasado os datos de contaxios e falecementos por covid nos centros de atención residencial na páxina oficial da Xunta, a pesar do incremento de ambos?
- 5.^a) Por que non se realizan PCR a todos os residentes e ao persoal de centros de atención residencial cando se detectan os primeiros casos de covid?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:07:10

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:07:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proceso de venda do estaleiro Barreras (Vigo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos vaivéns do estaleiro Barreras nos últimos anos poñen en perigo o futuro do sector naval da Ría de Vigo tal e como o coñecemos. A viabilidade e a actividade deste estaleiro é fundamental para atallar a crise industrial que padece a cidade de Vigo e a súa contorna.

Barreras é o maior estaleiro privado do estado, atópase en proceso de liquidación e pendente da decisión da empresa sobre o traspaso da unidade produtiva a un dos grupos interesados, un traspaso que debe ser validado polo Xulgado do Mercantil de Vigo e pola Autoridade Portuaria de Vigo.

Este proceso está tendo continuos cambios e modificación de datas e esta a se alongar máis do previsto inicialmente o que provoca desconcerto e incerteza entre o sector e os traballadores sen que as distintas administracións, e nomeadamente a Xunta de Galiza que ten as competencias en materia de industria, aclare a situación evitando informar do proceso máis alá de anuncios e propaganda sen compromisos reais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sinalar tamén que a Autoridade Portuaria de Vigo, como xa indicamos antes, ten que validar o traspaso do estaleiro e tampouco ofrece ningunha información sobre o proceso.

Esta gravísima situación, na que existe o risco real da desaparición dun dos principais estaleiros da Ría de Vigo, que podería poñer en xaque o conxunto do sector da construción e reparación naval de Vigo, non ten sido enfrontada até o momento por parte da Xunta de Galiza, que máis unha vez volve desertar das súas competencias en materia de política industrial.

Aliás, é xa manifesta a incapacidade do capital privado para poñer en marcha as enormes potencialidades produtivas que ten Barreras, que vén sufrindo unha sucesión de fiascos empresariais desde a súa privatización, dos que salienta a frustrada operación liderada por Pemex co entusiasta patrocinio da Xunta de Galiza e a máis recente adquisición por parte do grupo Ritz Carlton. Nese sentido, unha solución de futuro que garanta a continuidade da actividade produtiva e do emprego non pode pasar por insistir no apalancamento financeiro, a cargo de recursos e avais públicos, senón que esixe dunha decidida intervención desde o público.

Por todo isto formúlase as seguintes pregunta para resposta escrita:

1. Ten contactos formais a Xunta de Galiza coa propiedade do estaleiro ou coa consultora encargada da súa venda?
2. Ten constancia a Xunta de Galiza dalgún plan de viabilidade empresarial por parte dos actuais propietarios do estaleiro formulado para solicitar apoio financeiro público?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3. Que accións está a levar a cabo a Xunta de Galiza no proceso de traspaso do estaleiro Barreras para garantir un proxecto de futuro que garanta a viabilidade da actividade e os postos de traballo?

4. Ten coñecemento da posibilidade de desgaxar a empresa na venda?

5. Ten contactos a Xunta de Galiza coa representación do persoal de Barreras? Coñece a Xunta de Galiza se esta representación está informada do proceso de venda por parte da empresa?

6. Que medidas vai adoptar a Xunta para garantir o mantemento dos postos de traballo unha vez que remate o eventual proceso de traspaso da unidade produtiva?

7. Está a Xunta de Galiza a traballar nun plan industrial para Barreras e para o sector naval da Ría de Vigo?

8. Desbota a Xunta de Galiza a participación no capital e na dirección do estaleiro?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 13/01/2022 13:28:35

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2022 13:28:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2022 13:28:52

Daniel Pérez López na data 13/01/2022 13:29:02



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4553**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación anual que fai o Goberno galego da aplicación do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022, a valoración da posibilidade de adaptar o seu desenvolvemento ao contexto xerado pola covid-19 e os avances detectados no ámbito da normalización lingüística na mocidade”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 8593 e debatida na Comisión 4ª de Educación e Cultura o 12 de marzo de 2021; á que nos remitimos porque ofrece un balance do desenvolvemento do plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTU1YjhkNDEtYjgwOS00ZTlzLWJmZGItYTUyOGVIZmMyMTIx&start=1393>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:03:07
Nº Rexistro: 27466
Data envío: 12/01/2022 11:03:07.656

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:03:04

CSV: BOPGDSPG-K1QJKvg8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 7158**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da Casa Cornide como ben de interese cultural”**, (publicada no BOPG número 104 do 1 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22977 e debatida no pleno de Parlamento do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para protexer a Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTIkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQyYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=899>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:03:00
Nº Rexistro: 27465
Data envío: 12/01/2022 11:03:00.516

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:02:57

CSV: BOPGDSPG-K1QJKvg8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13346**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio”**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22977 e debatida no pleno de Parlamento do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para protexer a Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTIkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQ0YjY3NDA4ZjcxYWUz&start=899>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:02:07
Nº Rexistro: 27461
Data envío: 12/01/2022 11:02:07.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:01:48

CSV: BOPGDSPG-K1QJkv8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7159**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a declaración da Casa Cornide como ben de interese cultural”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22977 e debatida no pleno de Parlamento do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para protexer a Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTIkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQ0YjY3NDA4ZjcxYWUz&start=899>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:02:53
Nº Rexistro: 27464
Data envío: 12/01/2022 11:02:53.078

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:02:50

CSV: BOPGDSPG-K1QJkv8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13348**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural”**, (publicada no BOPG número 118 do 31 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22977 e debatida no pleno de Parlamento do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para protexer a Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTIkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQ0YjY3NDA4ZjcxYWUz&start=899>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:01:39
Nº Rexistro: 27460
Data envío: 12/01/2022 11:01:39.736

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:01:29

CSV: BOPGDSPG-K1QJKvg8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8559**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai impulsar o Goberno galego a curto prazo para a declaración da Casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural e a súa inclusión no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22977 e debatida no pleno de Parlamento do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para protexer a Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTIkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQ0YjY3NDA4ZjcxYWUz&start=899>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:02:45
Nº Rexistro: 27463
Data envío: 12/01/2022 11:02:45.985

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:02:20

CSV: BOPGDSPG-K1QJKvg8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13345**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para axilizar o procedemento para a declaración da Casa Cornide, situada na cidade da Coruña, como ben de interese cultural, así como a valoración da posibilidade de actuar de oficio”**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22977 e debatida no pleno de Parlamento do 22 de decembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para protexer a Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTIkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMtQTYjY3NDA4ZjcXZWUz&start=899>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:02:15
Nº Rexistro: 27462
Data envío: 12/01/2022 11:02:15.376

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/01/2022 11:02:12

CSV: BOPGDSPG-K1QJkv8Q-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-K1QJkv8Q-1

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

